

ESTUDO HISTÓRICO ARTÍSTICO SANTA CLARA DE PONTEVEDRA



Suso Vila

Doutor en Historia da Arte pola USC, máster universitario en Lecturas sobre a Cidade Histórica. Arte, Patrimonio Cultural e a súa Xestión por la USC, licenciado en Xeografía e Historia pola UNED e posgrado de Historia, Teoría e Método das Humanidades e as Ciencias Sociais pola USC.

ORCID: 0000-0002-4132-2618

Introducción

Santa Clara de Pontevedra sitúase ao norleste da cidade, fóra de murallas e ligado ao río Lerez e a súa zona intermareal.

O lugar non é casual. Como comunidade mendicante froito dunha nova relixiosidade, vai existir no século XIII un especial interese por parte das élites urbanas polo seu crecemento. O conflito coas xurisdiccións relixiosas locais como as parroquias de Santa María e San Bartolomeu, obrigarían aos conventos mendicantes a se situar fóra dos muros da vila. Pero non só o choque de espazos de influencia relixiosa sería a causa desta marxinación urbana. A necesidade de plantexar unhas condicións de espazo para o crecemento da comunidade relixiosa (igreja, sala capitular, dormitorios, refectorio, enfermería, cileiro ou locutorio) facíase case imposible nunha vila cunha dinámica urbana potente e onde o parcelario estaba xa en proceso de consolidación. Só fóra de murallas, onde estaban aínda os agros e leiras, permitía a existencia de parcelas para desenvolver o futuro da comunidade, e que estas fosen accesibles economicamente.



Detalle de Pontevedra na ría, 1831.

Santa Clara vai estar condicionada ademáis pola chegada previa a Pontevedra dos franciscanos e os dominicos, que escollerían os espazos extramuros máis centrais e mellor conectados coa vila medieval e incluso non sendo casual que ficasen vencellados ao camiño de peregrinación a Santiago.

Mentres os dominicos escollen local na proximidade da que se chamaría Porta de San Domingos, a porta de Tui, os franciscanos optan pola porta das Trabancas, o camiño que chegaba de Ourense e Ribadavia.



Plano do conxunto monástico de Santa Clara, 2022, Concello de Pontevedra.

As clarisas escollerían o espazo extramuros, próximas á porta da Rocha Forte que logo chamarían de Santa Clara. Por aquí entraba o camiño de Ribadavia, logo de Castela ou de Ourense, unha importante vía vencellada ao viño do Ribeiro do Avia que sería desprazada tempo despois máis ao sur polo camiño que entraba na porta das Trabancas xunto ao mosteiro de San Francisco. Este camiño penetraba na vila pola actual rúa Sarmiento, vía central do poboamento urbano de Pontevedra, cuxa morfoloxía en espiña de peixe ten nesta rúa un dos seus eixos principais. No século XIII no exterior da porta da Rocha Forte non semellaba existir ningún arrabalde. Por un documento do convento (Leza 2014, 315) do ano 1315, sabemos que entre o mosteiro de Santa Clara e a porta da vila estaba o agro da Rocha Forte, parte do mesmo en propiedade do mosteiro grazas a doazóns e cambios por outros bens. Precisamente xunto do mosteiro existían varios chousos en 1312 (Cuadrado 1985), leiras cercadas que sinalarían como Santa Clara ficaba nun espazo agrícola de viñedos e hortas. Nos sondeos arqueolóxicos realizados na parte occidental da horta conventual apareceron improntas de vides que poden corresponder a este momento de crecemento e consolidación do perímetro da clausura conventual no século XIV.

Arredor desta contorna agrícola vai medrar o mosteiro de Santa Clara a fins do século XIII nucleando un novo barrio extramuros froito da actividade económica da vila e dos fluxos culturais entre o centro urbano e Santa Clara.

A consolidación do mosteiro de Santa Clara no século XIV faría mudar o nome da porta da Rocha Forte, ficando de Santa Clara¹. No río Lérez tamén estaría a impronta do convento deixando pegada no chamado “Pozo de Santa Clara”². No interior chegaría a denominar unha fonte pública como de Santa Clara até o século XIX. Neste caso tamén estaría relacionado coas numerosas casas que o convento posuía intramuros, sendo un factor moi importante do urbanismo pontevedrés ao longo de varios séculos.

¹ Moi interesante é este documento transcrito por Casto Sampedro, AMP, Sampedro 2-2 (10), transcripción Sampedro 57-9, Ano 1492 “Porta de Santa Clara foro que fan os rexedores da vila a Gonzalo Rodriguez mareante e a sua muller dun pedazo de andameo e ameas da muralla da vila que vai desde a porta de Santa Clara á torre do Ouro”: *“todo aquel pedaço andameo e almenas do muro é cerco da dita vila que hay desde dereyto á escaleyra de pedra que esta acerca é mays pegado da porta da vila de Santa Clara á Torre dela para a torre do ouro para baixo tanto de longo como bay e se conten a casa que bos o dito gonçalo dominguez ao presente morades que esta junto e acerca do muro da dita vila para que eno dito pedaço de muro e cerca e almenas que en el se conten posays poer e ponades bos e as ditas bosas bozes tinaas e Reyntar Redes e pescado a ynjugar e seca e poner en el e asentar eno dito muro de la dita bosa casa una ponte e andameo de trabes para que syrbays da dita vosa casa para o dito muro”*.

² ARG. Caixa 154-68, “*Monasterio de Lérez con la justicia y regimiento de la villa de Pontevedra, sobre la pesquera del río Lérez, en que se incluye el pozo de Santa Clara, la junquera y sitio de Penela, con los bienes y propiedades que están a orilla de dicho río y junquera*”, 1693.

As orixes do convento

O primeiro documento con referencia a Santa Clara de Pontevedra data no ano 1293 (Cuadrado 1985) no que aparece Teresa Pérez como monxa recibindo de Xoán Pérez, Dominga Martín e María Eans varias herdades. Esta mesma Teresa Pérez aparecerá noutro documento en 1297 no que a súa tía Mencía Gomes Chariño, filla de Gomes Eans Chariño e Marina Pérez Dena, lle cede todos os novos proveitos, rendas e novidades en terra de Salnés, Moraña, Gondar, Cedofeita, Xeve e na parroquia de San Mamede de Amil.

De forma errónea se ten sinalado a orixe do convento no ano 1271, a través dunha doazón de Maior Pérez. Este erro parte de frei Luca Wadding en 1654 ao falar do convento de Santa Clara de Pontevedra. Fai mención a un documento de 1309 ao que lle aplica a corrección da era hispánica (38 anos). O documento principal de doazón de Maior Pérez a Santa Clara de Pontevedra é do ano 1310, hoxe no arquivo do Museo de Pontevedra³, non sería extraño que a Wadding lle informaran dalgún documento anterior ou mal datado (hai varios casos nos pergamiños medievais do arquivo de Santa Clara) ao que por confusión lle aplicou a corrección da era hispánica. Esta datación sería recollida en 1722 por frei Jacobo de Castro e logo repetida por erro en numerosos publicacións até os nosos días.

Os primeiros documentos de Santa Clara sinalarían a súa fundación a fins do século XIII. Non se podería desbotar que estes primeiros anos da comunidade relixiosa xa se producise no espazo que actualmente ocupa o cenobio, relacionado con algunha primeira doazón e o asentamento entre o camiño que ía a Ribadavia e a porta da Rocha Forte.

Tal e como acontece noutras fundacións mendicantes os primeiros anos da comunidade supoñen o paso para consolidar economicamente o novo convento. Deste xeito nestes primeiros momentos deberíamos entender Santa Clara como un núcleo orgánico a partir dunha o varias vivendas que se iría extendendo sobre o terreo adquirido ou doado neses anos iniciais. A igrexa coa súa orientación condicionaría o resto do conxunto.

Frei Martín Sarmiento sinalaba en 1754 que a fundación de Santa Clara estaba ligada ao testamento de Fernán Nunes de Aldán feito en 1303 na que doaba ao convento unha cantidade importante de diñeiro.

En 1587 frei Francisco Gonzaga xa establece a correlación entre as doazóns de Maior Pérez e a fundación do convento de Santa Clara de Pontevedra. A doazón⁴ de 1310 supón un volume de propiedades e bens moi grande, ao ter un carácter xenérico e non especificar cada unha das propiedades perdemos bastante información sobre o peso que tivo esta doazón nestes primeiros momentos do convento e a súa mesma consolidación a partires de aquí. Un dos aspectos máis interesantes sería saber até que punto esas propiedades afectaron ao mesmo ámbito do mosteiro. Sabemos que Maior Pérez tiña agros e leiras ao leste de Pontevedra, puido Santa Clara organizarse e asentarse a súa clausura sobre un perímetro que incluía parcelas doadas en 1310? A regularidade dos límites do convento de Santa Clara de Pontevedra fan sospeitar que se asentaron nun agro cuns perfís definidos que marcaron a identidade do convento con respecto ao núcleo urbano de Pontevedra.

³ AMP, Sampedro 22-2.

⁴ AMP, Sampedro 22-2. 1310, 28 de xullo, “Doazón que fai Doña Maior Pérez ao convento de Santa Clara de Pontevedra e a súa abadesa Dona Leonor Rodríguez, de todas as súas herdades, desde Caldas de Reis ata o Miño e en terra de Salnes, Morrazo, Pontevedra e casais en Leeyro, Costéela, Sobradelo e Couto de Nogueira.”

A abadesa Leonor Rodríguez cambiaría varias propiedades con Xoán Fernández e a súa muller María Núñez en 1312: “*a par daquel muro de chousa noua, que ias a par deste mosteyro*” e “*en todo herdamento que ias en esta chousa que uos tendess a par desse moesteyro*” (Cuadrado 1985). Este documento revelaría ou ben un mosteiro xa consolidado nas súas lindes ou ben o proceso de agregación ao núcleo conventual primitivo en vías de consolidación.

Pola doazón de Maior Pérez en 1310 sabemos que o mosteiro está en obras: “*posso dar de dereito para o moesteiro de Santa Clara que se ora fas ena vila de ponte vedra*”. Sabemos que a mesma Dona Maior tiña contratado aos pedreiros para as obras (Otero Piñeiro 2003, 36), aínda que o documento non mostra a data é probable que a contratación dos pedreiros fose realizada pouco antes de 1310. Precisamente este feito xunto co extraordinario volume de bens doados nestes momentos, todas as propiedades que tiña entre Caldas de Reis e o río Miño, o que ben puido establecer un claro punto de inicio para o crecemento da comunidade relixiosa.

A fundadora

Aínda que non teñamos unha data de fundación exacta, algo que non é posible para a maioría de fundacións monásticas, sí que podemos falar de fundadoras para o convento de Santa Clara de Pontevedra.

Por unha parte destaca o papel, recoñecido desde a Idade Media, da primeira abadesa que consta na documentación: **Leonor Rodríguez**. Ao longo de máis de trinta anos conduce o mosteiro cara a súa consolidación económica e arquitectónica. As doazóns de Maior Pérez serían fundamentais para consolidar a vida da comunidade e evitar dependencias de outras institucións. Ao contrario que acontece coas ordes mendicantes masculinas, a clausura impedía a Santa Clara recoller esmola para o seu mantemento máis aló dos seus muros ou da labor de irmás leigas, por iso a necesidade das doazóns e xenerar con estos bens as rentas que permitían a autonomía do convento.



Arcosolio do século XIV na igrexa, enterramento de Leonor Rodríguez, segundo a tradición.

Con data 21 de xuño de 1312 conservase unha carta de privilexios outorgada por Fernando IV e sucesivamente confirmada por varios soberanos até Fernando VII (1814). O rei concedería a Santa Clara de Pontevedra “*veynte omes, que vos vean et vos acabden lo vuestro, quitos de todo pecho, et de todo pedido, et serviço, et de serviços, et de ayuda, et de emprestida, et de fonsado, et de fonadera, et de yantar, et de martiniega, et de todos los otros pechos e derechos, que me ouieran de dar, en cualquier manera que acaescan, que nombre ayan de pecho, saluo de moneda forera, quando acaesçiere, de siete en siete años*” (Cuadrado 1985). Este privilexio real (o único que atesouraba o convento) está a reforzar o proceso de configuración de Santa Clara.

O papel que tiñan estes “vinte librados” era o de axudar ao mosteiro na entrada de diferentes produtos en Pontevedra e que non pagasen os diferentes portádegos o tributos,

como neste exemplo do século XVII: “*para que asista con su persona como con su carro y ganado al portazgo de maderas recobro de rentas y mas menesteres de este convento*” (Fortes 1997).

Leonor Rodríguez, segundo un documento⁵ de 1326, era irmá de Rui Soga e neta de Pedro Paes Mariño. A súa tía, María Pérez (irmá de Pedro Paes Mariño) deixara en herdanza uns casais en Ribadetea que a Leonor Rodríguez correspondía na súa metade. Non se sabe se Paio Mariño, fillo de Pedro Paes Mariño, era pai de Leonor Rodríguez ou tío seu. Paio Mariño sería reposteiro do rei Fernando IV e en 1307 recibe o porto de Muros de mans do rei. Neste contexto de relacións familiares é factible entender que o privilexio de 1312 ao convento de Santa Clara fundaméntase sobre as relacións de parentesco. O cabaleiro Rui Soga contaba coa confianza do arcebispo Berenguel de Landoira, o que tamén influiría na protección do mosteiro por parte dos poderosos, tanto eclesiásticos como leigos.

As relacións de parentesco tanto de Leonor Rodríguez como de Maior Pérez conducirían ao apoio de varios bispos galegos ao convento de Santa Clara. O cardeal Arnaldo, protector da orde dos frades menores e de Santa Clara (Rodríguez Galdo 1999, 206) concedería en 1324 que o arcebispo de Santiago, o bispo de Lugo e o bispo de Ourense puidesen entrar na clausura de Santa Clara en resposta á xenerosa contribución que fixeron ao convento da abadesa Leonor Rodríguez: “*Desexosas vosoutras de ser consoladas no Señor co afecto paterno... decidimos concede-lo presente teor, na medida que os venerables pais en Cristo o arcebispo Compostelán don Rodrigo Eanes, o bispo de Lugo e o bispo de Ourense, dos cales o voso mosteiro recibiu moitos bens, poidan entrar na clausura interna do voso mosteiro, e vós licitamente os poidades recibir e admitir nela, co consentimento da comunidade ou da meirande parte dela, dúas veces no ano, por motivo de devoción, con catro ou dous frades menores polo menos, os cales pola súa idoneidade e madurez para iso fosen concedidos por estes prelados, e outros catro socios decentes e honestos, coa condición de que tanto eles coma os que entren con eles na devandita clausura non xanten nin pasen a noite, e observen tódalas outras cousas que acerca dos que entran na clausura están saudablemente instituídas na vosa regra. En testemuño do cal mandamos face-la presente carta e selámola co noso selo. Dada en Aviñón, día XVIII do mes de abril do ano do Señor milésimo CCCXXIII. Ano oitavo do pontificado do papa don Xoán XXII*” (Rodríguez Galdo 1999, 206-207).

Esta concesión reflicte a importancia da influencia de Leonor Rodríguez e os contactos que a súa rede familiar podía acadar. Aquí tamén observaríamos as relacións familiares de Dona Maior Pérez, pertencente ás liñaxes dos Moscoso e Ulloa, o seu irmán, Gonzalo Pérez, chegaría a ser bispo de Mondoñedo en 1318 pasando antes por unha serie de responsabilidades eclesiásticas en Compostela, Lugo, León e perante a corte papal de Aviñón⁶. Non se coñece en que consistiron eses bens agasallados ao convento de Santa Clara polo arcebispo Rodrigo de Padrón, o bispo de Lugo (quizáis Xoán Hernández) e o bispo de

⁵ AMP, Sampedro 53-51, Materiais de estudo de Santa Clara.

⁶ Gonzalo Pérez sería cóengo en Compostela, arcediago de Abeancos na diocese de Lugo e cóengo de León, acumulación de beneficios eclesiásticos autorizado pola corte de Aviñón, a cal representou en diferentes comisións en Galicia como a que realiza en Ourense sobre o saqueo e incendio do mosteiro de San Francisco. En 1307 actúa de confirmante nun convenio entre o arcebispo compostelán e Paio Mariño, reposteiro do rei Fernando IV, o que podería ser unha ligazón con Leonor Rodríguez.

Ourense (quizáis Gonzalo Daza e Osorio) pero sí que puideron reforzar a independencia e viabilidade do convento de Santa Clara de Pontevedra.

A xestión económica que realiza Leonor Rodríguez nestes anos reflicte a súa capacidade de acción, afastada de ser unha figura pasiva na fundación de Santa Clara. En 1323 vemos que a abadesa contrae unha débeda co mestre Johan Boleyro, freire de San Salvador de Léz, de 350 libras pequenas de moeda portuguesa, poñendo como aval o seu casal de Aralde (Vilanova de Arousa), e que devolvería en pagos realizados nos tres anos seguintes (López Ferreiro 1901, 301). Este préstamo podería estar relacionado coas obras do convento ou da mesma igrexa aínda que non se podería descartar unha operación financeira máis complexa de cara a consolidar os bens que xa posuía Santa Clara, cambiando ou mercando novas propiedades que permitisen unha maior rentabilidade ao patrimonio do convento.

Neste sentido percíbese a reorganización do patrimonio monástico nun documento⁷ de 1330 no que Domingo Eans, dito Fariña, e a súa muller Sancha Esteves, reciben de Leonor Rodríguez 1000 maravedís novos a cambio dunha parte da colleita de viño nas viñas que eles traballaban e que pertencían ao mesmo convento, viñedos situados entre o camiño de Ribadavia a Pontevedra e o río Léz, nas proximidades do mosteiro de Santa Clara.

Nesta década de 1330 son numerosos os documentos do convento no que se están a mercar casas e viñas nas principais parroquias onde se concentraba o patrimonio de Santa Clara como San Vicente de Nogueira ou Santa María de Mourente. No ano 1333 concentrárianse as compras⁸ no lugar de Zacande (Mourente) e en Portas, lugares onde contaban con bens doados por Maior Pérez.

En 1336 Urraca Pérez, monxa de Santa Clara, mercaría unha casa e terreo na Ferrerría (Pontevedra) a Estevo Fernández Fiel⁹, propiedade que pasaría ao convento probablemente como dote. San Salvador de Coiro sería outro dos lugares onde o convento concentraba propiedades de aí que en 1332 Sancha Pérez de Coiro vendese a Santa Clara a metade do Casal de Coiro por 1.162 maravedís, agás unhas leiras que entregara unhas á igrexa de San Salvador de Coiro e outras ao seu sobriño e a un primo¹⁰.

Leonor Rodríguez morrería entre os anos 1338 e 1340, neste tempo xa estaba o mosteiro de Santa Clara consolidado economicamente e as obras do conxunto arquitectónico avanzadas, principalmente a nave da igrexa. Autores franciscanos como Gonzaga en 1587 recollían a veneración que existía no convento por Leonor Rodríguez, "*Prima huius loci Abbatissa, quae et soror Leonora Rodriguez appellabatur, plura miracula edidisse fertur: qua etiam de causa eius corpus, in sacra huius conventus aede sepultum, in maxima est apud omnes veneratione.*" (Gonzaga 1587, 763). Os milagres atribuídos a Leonor Rodríguez non chegaron a nos como tampouco a ubicación do seu sepulcro dentro da igrexa, aínda que

⁷ AMP, Sampedro 22-8: "os quaes lle nos deramos por lo sseu quinon foro que eles am daver cada ano do vyno que ouuer en aquela nossa vyna que delas teemos a foro que esta açerca do dito moesteyro ontre a vyna de Domingo Diaz da ponte da huna parte et entre a outra nossa vyna que esta na dita chousa en nossa herdade a par da vyna de Pedro de Cordoua da outra parte e entesta em çima no camyno que uay do dito moesteyro para Ribadavia...conuen a saber o terço em saluo cada ano para senpre do vyno que em ela ouuer o qual quinon e foro a dita abadesa e convento ano venderon por carta feita por Johan de Cordoua notario e nos tynamoslle preço feito por quello reuendesemos quando nos os ditos dineros desem et por isto quitamos nos e partimos nos para senpre da dita conpra e renunçiamosla e queremos e outorgamos que quando a dita carta ou anota dela parecer que non valla notario Afonso de Cordoua".

⁸ AMP, Sampedro 22-10, 22-13, 22-14, 22-11, 22-15, 22-17, 22-9.

⁹ AMP, Sampedro, 22-20.

¹⁰ ARG, pergamiños, 647.

probablemente fose no arcosolio do lado da epístola, cunha lauda de abadesa erosionada. Este arcosolio de arco apuntado e cantos achaflanados tanto no interior da igrexa como á panda sur do claustro, tería unha dobre fachada, interior-exterior, ao contrario do que acontece co resto de arcosolios góticos da igrexa (tres no lado da epístola e un no lado do evanxeo). Por fotografías do século XX compróbase como a parede pétreo do xacigo dividía a partes iguais este arcosolio o que pode ser explicado para o fomento da súa veneración, entre a igrexa e a clausura. Este arcosolio singular tería así unha ligazón clara coa fundadora e primeira abadesa Leonor Rodríguez.

Dona Maior Pérez

A figura de Maior Pérez ten sido interpretada como a fundadora de Santa Clara de Pontevedra debido a unha serie de erros repetidos até os nosos días que desenfocaron o seu papel extraordinario na orixe e evolución de Santa Clara como benfeitora do convento pero tamén o seu protagonismo en diferentes aspectos desde o urbanístico até o económico.

O parentesco: redes familiares

Os estudos de Pardo de Guevara (1999 e 2001) sobre a orixe da liñaxe dos Moscoso xa trazou o parentesco de Dona Maior Pérez cos Moscoso e os Ulloa, que sitúa a esta figura feminina no centro dunha potente rede de relacións familiares que abranxía toda Galicia.

Maior Pérez xa se encargaba de mencionar nos documentos de doazón a Santa Clara de Santiago ou a Santa Clara de Pontevedra a súa filiación. O seu pai era o compostelán Pedro Vidal e a súa nai Teresa Sánchez de Ulloa. Por parte do pai estamos perante un importante comerciante que levaba o título de “cidadán”¹¹, e polo tanto membro da institución local. O seu matrimonio con Teresa Sánchez de Ulloa xuntaba a élite urbana compostelán coa nobreza emerxente dos Ulloa. Deste matrimonio nacerían María Pérez, Lope Pérez, Gonzalo Pérez e Maior Pérez.

Un acordo (Pardo 2001, 826) do ano 1283, permite descubrir os matrimonios de María Pérez con Xoán Alfonso de Cerveira e de Maior Pérez con Alfonso Sánchez. Este sería o primeiro matrimonio de Maior Pérez do que se descoñece a súa orixe familiar. Antes de 1291 Maior ficaba viúva e voltaba a casar, esta vez co cabaleiro Fernán Nunes de Aldán (Torres 2000, 148) polo que cabe pensar nun primeiro matrimonio breve do que sabemos descendencia a través da doazón de 1308 a Santa Clara de Santiago. No caso da súa irmá, María Pérez, a morte de Xoán Alfonso de Cerveira levaría á viúva a entrar na vida relixiosa, ingresando no convento de Santa Clara de Santiago no que sería abadesa¹² entre 1296 e 1299.

Mentres, Lope Pérez vai ser cabeza da familia sen que se coñeza máis actividade que consolidar o apelido Moscoso.

No caso de Gonzalo Pérez a súa proxección é moito máis complexa tal e como sinalaron Pardo de Guevara e Menéndez Pidal (1999). Esta vai ser unha figura chave para comprender as accións de Dona Maior Pérez nas primeiras décadas do século XIV. O testamento en 1326 de Gonzalo Pérez, bispo de Mondoñedo, mostra a complexidade das relacións familiares a nivel seglar e eclesiástico. Así sabemos que Maior Pérez sería curmá do bispo de Tui Rodrigo¹³ Eans de Parada (antes bispo de Lugo). Pero tamén sabemos que Gonzalo mantiña boas relacións con varios bispos galegos froito da participación en comisións como a que se lle encarga en 1296 para resolver sobre o saqueo e incendio do

¹¹ O “cidadán” na documentación medieval era nos séculos XII e XIII unha institución local representante dos intereses veciñais con responsabilidades por debaixo de xuíces e alcaldes. A súa función era económica e aínda que en orixe de carácter anual debeu se transformar en vitalicio. O termo seica sería desprazado pola designación de “homes bos xurados” e logo “rexedor” a fins da Idade Media. En Tui rexístrase este nome para os compoñentes do concello até o século XV. En Portugal o nome de “cidadão” para designar a esta élite municipal sería habitual en cidades como Coímbra, Lisboa e Porto.

¹² AHN, clero secular-regular, car. 1812, nº 18. Devolución de bens en Pintán (A Guarda) ao mosteiro de Oia que pertenceran ao bispo de Tui, Gil de Cerveira, e cedidos ao seu sobriño Xoán Afonso de Cerveira mentres vivise, ano 1299.

¹³ Gonzalo Pérez fala do seu curmán o bispo de Tui D. Rodrigo, como antes menciona a outro curmán, Sueiro Eans de Parada, é sinxelo asociar ambos, máxime cando a catedral de Tui conserva un xacigo episcopal con escudos que corresponderían aos Parada, segundo Pardo de Guevara.

convento de San Francisco de Ourense. A carreira eclesiástica de Gonzalo era importante: coéngo na arquidiocese compostelá, arcediago de Abeancos (diocese de Lugo), a partires de 1313 coéngo na diocese de León conservando con licencia papal os beneficios acumulados (Pardo 1999, 813) e a partires de 1318 electo bispo de Mondoñedo. Nesta traxectoria tamén é visible a boa relación coa corte papal de Aviñón.

Este entorno familiar posiblemente facilite ou reforce a Dona Maior Pérez a súa relación cos conventos de Santa Clara de Santiago e Pontevedra e nos que probablemente contaba con motivos familiares ademais dun interese relixioso. Aínda que Maior esté ligada en principio a un mundo urbano como o da Compostela da segunda metade do século XIII descoñecemos o seu grao de implicación persoal coa cidade antes de 1302, data da súa doazón a Santa Clara de Santiago. O feito de que non coñezamos case nada do seu primeiro matrimonio con Alfonso Sánchez dificulta comprobar as relacións e accións de Maior Pérez antes e despois de 1283. De todos os xeitos semella que este matrimonio debeu ser moi breve, sen apenas pegada na documentación.

O segundo matrimonio percíbese como froito dunha libre elección xa que o seu pai, Pedro Vidal, xa tiña falecido como para impoñer un enlace matrimonial como estratexia familiar. No caso da súa irmá María na súa viuvez vai entrar no convento de Santa Clara de Santiago antes de 1296. Maior Pérez posúe bens en Santiago, froito da herdanza paterna pero tamén noutras comarcas como o Salnés e o Morrazo, no que se mesturan os negocios paternos e a herdanza familiar dos Ulloa como o couto de Nogueira. Os datos que revelan a documentación de fins do século XIII e comezos do século XIV sinalarían que Maior Pérez contaba con independencia para tomar decisións persoais ou para xestionar o seu patrimonio.

O patrimonio familiar

Dona Maior Pérez, viúva, decide casar con outro viúvo, Fernán Nunes de Aldán, nunha data indeterminada, anterior a 1291. Fernán Nunes era un cabaleiro dunha casa importante do Morrazo e Pontevedra. Fillo de Giraldo Nunes de Aldán e Teresa Fernández, segundo o Conde de Barcelos. É neste libro de liñaxens onde se sinala o alcume de Fernán Nunes, O Boquiñas, que puidera insinuar algunha relación co mundo trovadoresco. Fernán Nunes era copeiro maior do rei Sancho IV de Castela e esa relación coa corte e os vencellos familiares cos Chariños ademais da existencia de trovadores ligados a Aldán como Xohan de Cangas (García 1998, 28), poden facer sospeitar de manter estreitos vencellos coa lírica trovadoresca.

Fernán Nunes recibe do rei Sancho IV un importante lote de terras no reino de Murcia en 1286, o terzo das “alfabas” que os monxes tiñan anteriormente de Alfonso X e que foran dos mouros, nos lugares de Dolenalveal ou Readonal Voçet, terra branca de Cuferah, alquería de Fidaxat ou Fiday, real de Abenfoçin ou Aben Goçin, real de Aben Halron, Banihuraite, Alfereç e Algualega (Torres 1977, 60). Estes bens malia a súa extensión e situación na horta murciana non eran atractivos para o señor de Aldán tanto por afastamento das súas propiedades familiares como por dificultades na súa xestión de aí o seu interese en vendelos case de inmediato. A orde de San Xoán de Xerusalén era a principal interesada nesas terras de labor polo que Fernán Nunes pediría do rei a autorización para o cambio e venda que sería concedida en 1289: *“otorgamosle que todo lo que el nos dimos en el Regno de Murçia, cassas, biñas, huertas, molinos, e todos los otros heredamientos, assi como se contiene en la*

carta plomada quel nos dimos en esta raçon, que los pueda canviar con don Ferran Perez, grand comendador del Hospital e con los freires desa misma horden” (Torres 1977, 87). En 1290 o rei confirmaría á orde de San Xoán a venta dos bens en Murcia de Fernán Núñez. En xuño de 1291 o rei Sancho IV autorizaría definitivamente en Palencia esa venta (Torres 1977, 110) que se tiña asinado entre o señor de Aldán e a orde de San Xoán un mes antes en Zamora. A orde militar pagaría 6.000 maravedís máis 1.000 maravedís entregados en Pontevedra cada ano mentres que el ou a súa muller Maior Pérez vivisen.

O feito que Fernán Nunes fose copeiro maior do rei Sancho IV desde 1286 leva a pensar que o cabaleiro de Aldán acompañase á corte itinerante do monarca. Por exemplo sabemos con seguridade que se atoparía o 9 de abril de 1290 na confirmación da paz entre Sancho IV e Felipe IV de Francia en Bayonne.

Entre os anos 1286, co rei Sancho en Galicia¹⁴, até a súa morte en 1295, Fernán Nunes estaría ligado a esa corte e o máis probable é que Maior Pérez o acompañase no desprazamento da comitiva real. A ausencia de documentos nos que aparezan en Galicia neses anos sería un indicio deste feito nos que, como dí García-Fernández (2019), as mulleres viaxaban non só por motivos relixiosos (peregrinacións a santuarios) ou económicos (desprazamento ás propiedades familiares polinucleares), tamén a viaxe podía ser parte da condición social (acompañar á corte do rei e raíña). Neses anos a corte de Sancho IV percorrería localidades como Almazán, Burgos, Cuenca, Palencia, Valladolid, Zamora, Toledo ou Madrid, entre outras moitas, ademais de achegarse a territorio francés na localidade de Bayonne.

Cabe pensar que no caso de que Maior Pérez tivese ficado en Galicia xestionando as propiedades do matrimonio algún documento de preito, doazón, foro ou compra-venta tería xurdido entre os anos 1286 e 1295. O primeiro documento, agás o de 1291 de venta á orde de San Xoán, que temos de Maior Pérez e Fernán Nunes sería xa en 1298, recoñecendo Dona Maior a propiedade dunha devesa no couto de Bueu ao mosteiro de San Xoán de Poio¹⁵. A partires deste ano contamos con numerosos documentos de Maior Pérez froito da súa relación cos conventos femeninos de Santa Clara en Santiago e Pontevedra.

Maior Pérez e Santa Clara

A consolidación ao longo do século XIII das ordes mendicantes procuraría ás élites urbanas dunha nova relixiosidade e tamén dun novo espazo arquitectónico no que practicar a súa piedade. A orde de Santa Clara permitiría dar unha nova saída relixiosa a moitas mulleres pero tamén unha saída social ás élites burguesas e nobres para as súas fillas solteiras ou viúvas.

Dona Maior Pérez vai ter un gran protagonismo no proceso de construción e consolidación económica de dous conventos galegos, Santa Clara de Santiago e Santa Clara de Pontevedra.


A designación de “fundadora” sería excesivo en canto a que descoñecemos o momento fundacional destes conventos femeninos, en todo caso anterior á intervención de Maior nos primeiros anos do século XIV.

¹⁴ En xullo de 1286 en Ourense, en agosto en Pontevedra e en setembro en Compostela, segundo as doazóns e privilexios asinados polo rei.

¹⁵ AHN, clero secular-regular, car. 1861, nº 4.

Aínda que poidamos recoñecer en Maior Pérez un interese piadoso nas súas doazóns aos conventos das clarisas o certo é que podemos ver unha ligazón familiar tanto en Compostela como en Pontevedra.

En Santa Clara de Santiago xa o seu pai, Pedro Vidal, tiña feito doazóns vencelladas á fundación do convento. A súa irmá, María Pérez, viúva, ingresaba no convento compostelán exercendo de abadesa polo menos entre os anos 1296 e 1299 (Rodríguez Núñez 1993, 41).



Detalle do pergamiño da doazón de Dona Maior Pérez a Santa Clara de Pontevedra en 1310.

Eses vencellos familiares motivarían principalmente a Dona Maior Pérez para doar en 1302 para axuda na construción do convento o quiñón das casas e hortas que tiña na rúa da Trindade, unha “mesa de cambiar as tavoas” e todas as casas que posuía en Compostela agás o pazo familiar na rúa da Pena no que vivía o seu irmán. No testamento en 1326 de Gonzalo Pérez como bispo de Mondoñedo mencionaba varias propiedades en Compostela “*por la concambea que fige con mina hirmaa dona Mayor et con las donas de Santa Clara*” (López Ferreiro 1901, 297), o que pode significar que a doazón orixinal de Maior Pérez fose modificada posteriormente por cuestións prácticas para Gonzalo Pérez.

En abril de 1308 establece a dote dunha renda de dous toneis de viño sobre a súas viñas, ratificada polos seus fillos días despois. Esta dote enfocábase de cara a tomar o hábito de Santa Clara, circunstancia que non chegaría a se producir. En 1327 realizaría outra doazón ao convento compostelán sobre todas as propiedades que aínda posuía en Santiago (Rodríguez Núñez 1993), doazón que probablemente estaría ligada ao testamento do seu irmán Don Gonzalo, bispo de Mondoñedo.

No caso de Santa Clara de Pontevedra as relacións son máis complexas. En 1303 Fernán Nunes de Aldán deixaba no seu testamento ao convento unha importante cantidade de diñeiro (Sarmiento 1973, 278). A ligazón do cabaleiro Fernán Nunes con Santa Clara podería ser Teresa Pérez, monxa desde 1293 (Cuadrado 1985), neta de Marina Pérez de Aldán e Gomes Eans Chariño¹⁶.

Dona Maior Pérez realizaría a doazón máis importante á Santa Clara de Pontevedra o 28 de xullo de 1310. Xa viúva vai interesarse especialmente por este convento. Os bens e propiedades que outorgaba á abadesa Leonor Rodríguez e ao seu convento abranxía todo o que estivese entre Caldas de Reis e o río Miño. Numerosos bens que se concentraban nos arredores de Pontevedra e tamén no Morrazo e no Salnés. No documento de doazón¹⁷ Maior Pérez falaba das obras do convento: “*posso dar de dereito para o moesteiro de Santa Clara que se ora fas ena vila de ponte vedra*”. A mesma Dona Maior tiña contratado aos pedreiros para as obras (Otero Piñeiro 2003, 36), aínda que o documento non mostra a data é probable que a contratación dos pedreiros fose realizada pouco antes de 1310.

Fernán Nunes deixara algunhas propiedades á orde do Santo Sepulcro, os casais de Constela e Leiro, que serían a excepción á ampla doazón a Santa Clara. As monxas terían a obriga de contar cun capelán que cantase cada día unha misa na memoria de Fernán Nunes, Maior Pérez e dos seus pais Pedro Vidal e Teresa Sánchez.

Na carta, Maior Pérez, tal e como xa tiña feito en Santiago dous anos antes, sinala á abadesa de Santa Clara de Pontevedra o punto de poder ingresar no convento se así o desexaba. Vemos como Dona Maior non ten un obxectivo directo de entrar en Santa Clara senón máis ben manifestar o desexo e neste caso desprazar o seu interese por Compostela polo mosteiro pontevedrés.

En 1313 o crego de San Bartolomeu de Pontevedra, Nuno Núñez, realizaba unha parede entre a súa casa e a viña de Maior Pérez e as monxas de Santa Clara¹⁸. O crego asumía a construción do muro medianoiro sen que así afectase ao convento o seu custo pero coa prohibición de apoiar casa ou árbores sobre ese muro. Neste documento comprobamos como nestes anos as propiedades de Maior Pérez xa se mesturan coas do convento das clarisas, obriga que emanaba da doazón de 1310.

Nos anos seguintes Maior Pérez seguiría realizando doazóns a Santa Clara como a de 1327 sobre a casa e viña na vila de Pontevedra e de todo aquilo en San Vicente de Nogueira¹⁹. Neste mesmo ano doaba a Teresa Fernandes e Teresa Martín, monxas de Santa Clara, as casas e baños que fixera xunto á porta da Rochaforte, bens que ficarían logo para o convento²⁰. En 1329 doaba a Santa Clara o casal de Lemees, na parroquia de Santo André de Duio²¹. Pero vemos que a relación de Dona Maior non só se dirixía ao convento, tamén ás freiras de Santa Clara como na doazón dos baños en 1327. En 1336 a abadesa Leonor Rodríguez recollía a doazón que Maior Pérez tiña feito á monxa Teresa Pérez, filla de Nuno Pérez de Coiro, vencellado seguramente á casa de Aldán, o casal de Leiro con todas as casas

¹⁶ AMP, Sampedro 22-1. Doazón que fixo Mencía Gomes á súa sobriña Teresa Pérez, monxa en Santa Clara, en 1297.

¹⁷ AMP, Sampedro 19-3, 1310, 28 de xullo. Doazón que fai Maior Pérez ao convento de Santa Clara de Pontevedra e á sua abadesa Leonor Rodríguez, de todas as suas herdades, dende Caldas de Reis ata o Miño e en terra de Salnés, Morrazo, Pontevedra e casais en Leiro, Costenla, Sobradelo e Couto de Nogueira.

¹⁸ ARG, col. pergamiños, 779r.

¹⁹ AMP, Sampedro 22-6.

²⁰ ARG, col. pergamiños, 463r.

²¹ AMP, Sampedro 22-7.

e viñas durante a súa vida e logo pasarían ao convento de Santa Clara²². En 1337 Dona Maior vendería a outra monxa, Mencía García de Ambía, todos os herdamentos e chantados que lle pertencían no couto de Nogueira, a excepción feita dos castiñeiros que estaban na leira de Gondíán (López 1931, 79). Mencía García sería abadesa de Santa Clara entre os anos 1341 e 1357.

Dona Maior Pérez estaba a facilitar a entrada de monxas no convento ademais do apoio á súa construción ou ao seu financiamento para a súa sostibilidade. Neses documentos tamén comprobamos a capacidade de xestión de Maior xa que moitas das propiedades que doa ou vende menciona o feito de as ter adquirido ela mesma ou co seu home, Fernán Nunes, como no caso da leira de Gondíán “*que eu comprey de Johan Coruacho*”. Tamén é interesante nesta documentación a aparición do mordomo ou dos homes de Dona Maior como na doazón de 1310: “*Johan Eans natural de Bueu home da dita dona Mayor*” ou en 1329 “*Johan Pelaes de Nogueira, home da dita dona Maior Peres*”, no que reforzaría a súa independencia na xestión dos seus bens.

A relación con Santa Clara de Pontevedra é intensa ao longo de case 30 anos, é fácil advertir implicacións moito maiores no crecemento do convento que as doazóns directas. Así o documento de 1324, do cardeal Arnaldo, protector dos franciscanos e de Santa Clara, no que outorgaba o permiso para que tres bispos galegos puidesen entrar no convento de Pontevedra: o arcebispo de Santiago, o bispo de Lugo e o bispo Ourense. O motivo expliquei que radicaba nos “moitos bens” ou favores recibidos polo convento a través destes prelados (Rodríguez Galdo 1999, 206). Malia non gardarse estas doazóns episcopais no convento, a intervención do irmá de Maior Pérez, o cóengo e arcediogo de Abeancos, Gonzalo Pérez, puido ser a chave para estas ligazóns entre bispados e convento de Santa Clara de Pontevedra, toda vez que as súas relacións tanto directas, por cargos eclesiásticos, como indirectas, por comisións, permitía ser ponte de comunicación entre estas sedes episcopais e Pontevedra. Habería que sinalar que estas “doazóns” episcopais deberon ser feitas antes de 1318, ano de elección de Gonzalo Pérez á diócese de Mondoñedo, xa que ocupando esa prelatura tamén tería participado dos beneficios a Santa Clara de Pontevedra.

Máis complexo é desenvolver as posibles relacións de parentesco entre a abadesa fundadora de Santa Clara, Leonor Rodríguez, e Maior Pérez. Non é fácil atopar vencellos directos entre os Mariños e os Moscoso e Ulloa, familia de Maior Pérez, relación familiar que permitiría entender a implicación de dona Maior co convento de Pontevedra alén da súa probable residencia na vila desde o seu casamento con Fernán Nunes de Aldán.

Malia as numerosas e importantes doazóns a Santa Clara de Santiago e a Santa Clara de Pontevedra, Maior Pérez non entraría como monxa nesos conventos ou polo menos así non consta sendo probable que fose enterrada no convento pontevedrés incluso co hábito como mecanismo para expresar a humildade e pobreza da orde na procura dun lugar no paraíso.

A intervención urbanística: os baños de Pontevedra

A principal fonte de coñecemento de Dona Maior Pérez son as doazóns aos conventos de Santiago e Pontevedra. Neses documentos obsérvase que Maior xestiona o seu importante

²² AMP, Sampedro 22-9.

patrimonio aínda que teña a condición de viúva. Esta xestión reflíctese na compra e venda de propiedades ou fundación de negocios atípicos como os baños de Pontevedra.

Nun dos documentos de doazón a Santa Clara de Pontevedra, en 1327, Dona Maior fai doazón ás freiras Teresa Fernandes e Teresa Martín e despois delas ao convento de “*os banos que eu fige enna villa de Pontevedra asy commo stam con suas casas et con suas entradas et seydas et con todas suas dereituras que me perteeçen et perteeçer deuen de dereito*”²³. Os baños situábanse nas proximidades da porta da Rochaforte (logo de Santa Clara), local onde xurdiría unha fonte pública chamada de “Santa Clara”. Esta noticia é de por sí extraordinaria. En Galicia só están documentados dous baños públicos: os de Ourense e estos de Pontevedra (Pallares 2013, 183). A iniciativa de Maior Pérez na construción duns baños terían un carácter comercial (aí a súa doazón ás freiras e convento non só como bens inmobles senón como un negocio que xenera rentas). O feito de falar en plural, baños e casas, está a dar un indicio sobre o tamaño e características xerais desta instalación balnearia. Así probablemente estes baños ocupasen varias parcelas xunto da porta da Rochaforte para incluír as salas de auga fría, morna e quente xunto con espazos de vestuario ou incluso algún patio interior.



Canalización na rúa García Flórez aparecida no 2010. A Citania Arqueoloxía S.L.

Os escasos referentes de baños públicos en Galicia obriga a pensar que Dona Maior puido inspirarse noutras cidades para levar a cabo a construción dos baños e tamén levalo como modelo a Pontevedra.


Cando falaba de Fernán Nunes de Aldán facía referencia as súas probables viaxes coa corte do rei Sancho IV e que fose acompañado por Maior Pérez en boa parte desta itinerancia entre os anos 1286 e 1295.

²³ ARG, col. pergamiños, 463.

O modelo de Ourense, o máis cercano que puido coñecer Dona Maior, estaba condicionado pola orixe das augas termais, cousa que en Pontevedra non contaba, precisando modelos máis complexos que se daban noutras localidades peninsulares.

O outro modelo no que puido inspirarse Maior Pérez xa se encadraría na tipoloxía dos “baños árabes”, conservados na maioría dos casos no sur peninsular pero con exemplos aínda como o de Tordesillas, no convento de Santa Clara, antigo palacio real.

Cidades nas que estivo a corte do rei como Burgos, Cuenca, Palencia ou Valladolid contarían con baños públicos nos que sería posible inspirarse. Toledo contaba con varias instalacións de baños árabes na cidade. A fins de 1289 e comezos de 1290, Sancho IV estaría na cidade antes de se dirixir a Bayonne á firma da paz con Felipe IV de Francia, tratado no que sabemos que estivo Fernán Nunes. Puido así Maior Pérez inspirarse nos baños de Toledo ou mellor dito, sorprenderse coas instalacións de baño que había na cidade para tentar levar ese modelo a Pontevedra?




Ubicación hipotética dos baños de Dona Maior Pérez, sobre plano da intervención arqueolóxica de A Citania en 2010.

Son poucos os datos que se conservan, pero os mesmos nos falan dunha actividade pouco habitual en Galicia e dunha iniciativa empresarial de Dona Maior que tiña unha enorme complexidade.

O arqueólogo Xurxo Constela, de Citania Arqueoloxía S.L., realizaría unhas sondaxes nas rúas García Flórez e Laranxo no ano 2010, atopando unha canle de pedra e unha fonte, ás costas das vellas casas do convento xunto a antiga porta da Rochaforte ou Santa Clara, en dirección ao espazo no que se atoparía a Fonte de Santa Clara, que estaba cara a actual rúa Sarmiento.

O acuífero que subministraba auga á fonte de Santa Clara debía ser o mesmo que Dona Maior aproveitou para fornecer os seus baños antes de 1327.

Precisamente esos restos de canalizacións e a memoria da antiga fonte de Santa Clara levaría a que o Concello de Pontevedra colocase no cruzamento da rúa un chafarís histórico que se atopaba almacenado en dependencias municipais.



Apeos de Santa Clara, 1591-1592, coa mencións ás casas do convento.

Ademais da noticia da mesma doazón dos baños en 1327 máis nada aparece na documentación tanto municipal como eclesiástica. O libro de apeos²⁴ do convento para os anos 1591-1592, menciónase probablemente unha das casas que formaron parte destes baños: “la casa de grigorio perez vezino de la dicha villa para apeaar la casa de suetano y sobrado en que bibe grigorio perez trabaxador vezino de la dicha villa questa syta a çima de la puerta

²⁴ AHN, clero secular-regular, L10244, f. 92. “Apeos de la villa de Pontevedra y su partido ante Domingo Coinago”, 1591-1592, f. 92.

de Santa Clara de la dicha villa". A casa tiña como límites a mesma rúa pública e partía "*con casa de Grigorio Fernandez y de otra parte con casas del dicho monesterio de Santa Clara e sale con sus puertas prinçipales a la calle*". Este dato facilitaría a situación dos vellos baños na actual rúa Sarmiento, onde estaba a porta de Santa Clara. É probable que a crise política e demográfica do século XIV levasen ao convento de Santa Clara a non continuar co mantemento dos baños de Dona Maior sendo reconvertidos en vivendas. O feito de que nos apeos a casa da porta de Santa Clara sexa descrita con "soto" podería ser indicio do remanente da vella estrutura medieval dos baños.

En 1866 o concello de Pontevedra facía a reforma da fonte de Santa Clara²⁵. No deseño que se engade ao orzamento a fonte sería de tipo murario no que se descendía uns degraos dentro dun pequeno perímetro poligonal. A fonte aparece en paralelo a última das casas da rúa xunto da antiga muralla, ficando na dirección da canle de pedra atopada por Citania Arqueoloxía S.L. en 2010.



Actual fonte entre as rúas Laranzo e García Flórez

²⁵ AHPPo, arquivo municipal de Pontevedra, leg. 71, 39.

O mosteiro medieval

Ao contrario do que acontece noutras fundacións mendicantes galegas, en Pontevedra non consta un primeiro asentamento diferente do mosteiro consolidado no século XIV. A agra que se abría ao leste da vila de Pontevedra, arredor do camiño a Ribadavia, sería o lugar escollido desde os primeiros momentos da presenza de Santa Clara xunto ao Lérez.

As comunidades mendicantes podían aproveitar construcións ou vivendas que servisen de partida ao novo convento. Neste senso, Santa Clara puido ter orixe nalgún casal pertencente á familia Mariño ou Chariño, por ser estas familias nobiliarias as que están ligadas aos primeiros anos do mosteiro de Santa Clara.



Hipótese do núcleo primitivo de Santa Clara, na panda oriental.

Arredor do hipotético casal concentraríanse os terreos que configurarían a clausura, como as chousas de viño que aparecen nos documentos do convento a comezos do século XIV. A homoxeneidade da clausura de Santa Clara, un gran rectángulo cercado, fai pensar nunha gran propiedade familiar como orixe do conxunto monástico máis que a suma de diferentes parcelas agrícolas agregadas ao longo de varios lustros.

O desenvolvemento destes cenobios nos primeiros anos é orgánico, condicionado polos inmobles orixinais de implantación da comunidade, a principal planificación no recinto é a igrexa e a partir desta vaise organizar o resto de dependencias e espazos claustrais.

Polo peculiar desenvolvemento do conxunto de Santa Clara, os edificios orixinais debéronse concentrar na banda oriental, entre a capela maior da igrexa e o chamado “bosque”. Precisamente neste espazo tamén xurdían varias casas terreas, vivendas do capelán,

do sancristán e da demandadeira até 1868 e logo transformado a partires de 1875 na residencia temporal dos arcebispos composteláns (actual casa das Misións Pontificias). A cerca da clausura fai un ángulo nesta parte do recinto para sortear a antiga presenza destas edificacións ligadas ao servizo do convento.

A ruína²⁶ de boa parte da panda oriental do mosteiro en decembro de 1869, era recoñecido nos expedientes municipais como o “edificio vello”. No informe do arquitecto municipal sinalaba a necesidade de derrubar os balcóns de madeira que daban ao patio ademais da chimenea que estaba desplomada. Este patio daría ao sector do “bosque” e pode estar relacionado con el o enlousado descuberto durante os traballos arqueolóxicos. Do mesmo xeito a presenza dunha cheminea de gran tamaño puidera estar relacionado co primitivo refectorio do convento, máxime cando está neste lugar (no bosque) o pozo de auga da comunidade.

O mosteiro de Santa Clara preséntase hoxe como un gran rectángulo, pechando ao norte a igrexa, ao leste o primitivo asentamento, ao sur edificación de servizo (cileiro e adega), ao oeste edificios posteriores á Idade Media, dormitorio e refectorio.

A igrexa medieval

A igrexa de Santa Clara de Pontevedra está configurada por unha larga nave de 33 metros e unha cabeceira hemipoligonal. O edificio ocupa o espazo norte do mosteiro, en paralelo ao camiño. Esta disposición ven dun condicionamento canónico, a orientación leste-oeste. A fachada norte é a que fica exposta na actualidade ao espazo público, ficando a fachada occidental dentro da clausura conventual. A construción iniciárase pola parte oriental, cun cerramento recto, e remataría na fachada occidental, non sendo posible determinar se sufriría modificacións profundas no século XVI ou ben nunca funcionou como acceso principal á igrexa. O sondeo arqueolóxico nesta fachada mostraría a inexistencia de porta oeste medieval. A adaptación e ampliación do coro alto e baixo faría abrir un gran oco adintelado na parte baixa mentres que na superior abrírase un gran óculo ornamentado con baquetóns no intradós obra do século XVI.

Resulta visible que a igrexa está divida en dúas grandes etapas constructivas. A primeira que afecta á nave e a segunda á cabeceira. Esta diferenza de proxecto fica evidenciado na altura e proporcións da nave con respecto á capela maior e no murado de parte dos arcosolios funerarios do lado da epístola, ficando un aberto (o máis occidental), o central dividido pola obra da capela maior (detrás do retábulo da Virxe do Carme) e o máis oriental emparedado pola cabeceira. A impronta dos tres arcos oxivais destes arcosolios ficarían visibles na panda sur do claustro.

No muro exterior á rúa, fachada norte, aparecen reformas modernas, séculos XVI-XVIII, a xeito de estribos que marcan a fachada con contrafortes e arcos de medio punto que salvan dúas portas, unha orixinal gótica e outra probablemente do século XVI de perfil cilíndrico. Nesta fachada consérvase a principal porta medieval da igrexa toda vez que a occidental non sería realizada, segundo se observa no rexistro arqueolóxico. A porta é unha

²⁶ AHDPo, “En la noche del día de Ayer se ha desmoronado una parte del edificio viejo de Santa Clara que está junto al Bosque del mismo. Estando en el la casa hospicio, y estando en el caso de velar por la seguridad de sus acojidos en este establecimiento, ruego a V. tenga a bien disponer que el Arquitecto de la Ciudad pase a a reconocer el tramo donde tuvo lugar el rompimiento y adoptar todas las medidas de precaucion que crea necesarias. Dios guarde a V. muchos años. Pontevedra 17 de diciembre de 1869.”

sintese do xuízo final. Na rosca interna unha sucesión de anxos despregan cartelas cos nomes dos evanxelistas, na chave a imaxe de Cristo bendecendo coas dúas máns. Na rosca externa figuran anxos trompeteiros, xunto a eles as representacións dos apóstolos San Pedro, San Pablo e Santiago. Na chambrana aparece a típica decoración de puntas de diamantes con cuadrifolias, que se repitirá en outras zonas do convento, e unha fina baqueta decorando o seu extradorso. Os capiteis das xambas amosan figuracións fantásticas típicas, mentres que os fustes son lisos. A portada tiña tímpano, eliminado en época moderna para ampliar a luz do seu van, probablemente o tímpano tivese relación tamén co xuízo final.



Portada norte, s. XIV, coa representación do Xuízo Final.

Distribúense nesta fachada tres xanelas apuntadas con chambrana con baqueta en escocia, a máis occidental murada e parcialmente deturpada; o interior da xanela pártese con fiestra xeminada e de trevo, mentres que no remate unha circunferencia co seu interior treboado complementa o conxunto. A cornixa acubilla canicelos variados con ricas e fermosas formas humanas e animais de raizame románica, pero de típica evolución gótica.

Nesta fachada agroman varios escudos nobiliarios: o máis occidental correspondería aos Cruu; sobre a porta gótica e baixo a cornixa estaría un escudo da casa dos Soutomaior; e arredor da xanela máis oriental figuran dous escudos con escaques que poderían corresponder aos Bermúdez. Sobre a porta gótica, por riba da imposta, están labradas tres follas de figueira que poderían corresponder á familia Figueroa. Entre a porta norte e a capela maior atopamos tamén outras figuras grabadas. Aparecen até catro representacións do símbolo dos alfaiates medievais, a vara e a tesoura, ligados a unha participación nas obras da igrexa e quizais tamén por ter a confradía de Santa Catarina algunha relación co convento.

A cabeceira presenta unha única ábsida, hemipoligonal, e aberta por xanelas xeminadas e en trevo rematadas por chambranas de puntas de diamante en forma de cuadrifolia, mentres finas baquetas en bocel orlan as súas roscas. A cabeceira fica semiocultada pola moderna sancristía. É probable que en orixe toda a cabeceira estivese libre de edificacións, comezando o edificio conventual máis ao sur tal e como se intúe pola porta do claustro, que tería un carácter de fachada exterior.



Cabeceira, s. XV, e fachada norte de Santa Clara, s. XIV.

A fachada sur da igrexa, parcialmente oculta pola panda do claustro alto e baixo, presenta unha distribución de ocos semellante con tres xanelas oxivais iguais ás da fachada norte que ficarían alteradas coa inclusión da galería alta do claustro. A xanela central desaparece quizais substituída pola porta gótica ao claustro. Na parte occidental temos a porta de entrada ao coro alto, paramento encalado que impide coñecer algunha característica máis deste oco. Na parte baixa teríamos a entrada ao coro baixo, porta con grandes doelas de perfil prismático e arco apuntado de características semellantes á porta de comunicación co claustro polo que poden ser datadas a comezos do século XVI. O paramento baixo que dá ao claustro conta na parte central cunha porta gótica murada que no interior da igrexa está ocupada polo retábulo do altar de Nosa Señora dos Desamparados. Esta porta presentaba no intradós un fino baquetón, hoxe pouco visible polo tapiado. Esta porta sinalaría que sería en orixe o paso principal entre claustro e igrexa. A continuación atopámonos cun arcosolio oxival, que

mostraría dobre cara²⁷, ao interior da igrexa e ao claustro. A seguir se suceden as improntas de tres arcos oxivais que corresponderían cos arcosolios funerarios do interior da igrexa.



Terraza de Todos os Santos, cachorrada gótica, s. XIV, da fachada sur.

A fachada occidental está moi alterada. Está composta dunha porta alintalada e enriba un gran óculo abocinado con baquetóns e escocias. No lado esquerdo da fachada hai un contraforte baixo e escalonado que podería ser medieval, mentres que no lado dereito adivíñase no mesmo arranque da torre campanario. Xunto do óculo atópase unha porta adintelada, agora a xeito de xanela balconeira, que serviu de paso de comunicación co miradoiro construído en 1680.

No interior atopámonos cunha igrexa dunha soa nave, ampla e na que se aprezan reformas posteriores, principalmente a parte dos pés, onde se sitúa o coro baixo e alto. A cuberta con bóveda encamonada coa madeira sen cubrir, obra do século XVIII, debeu substituír a cuberta de madeira orixinal a dúas augas. Na nave dominan os sobrios paramentos, e a apertura dos arcosolios funerarios, orixinalmente catro no lado da epístola e un no lado do evanxeo, murado por la apertura en 1773 dunha porta para a nova sancristía²⁸ que desaparecería en 1875.

A transición entre a nave e a capela maior prodúcese actualmente mediante o efecto da bóveda encamonada, baída, e o arco triunfal apuntado, o menor tamaño deste con respecto á nave aprovéitase para colocar cadanseu altar. A capela maior é a estrutura que destaca do

²⁷ O canto do arco está biselado nas dúas caras, interior e exterior, polo que cabe pensar que este enterramento facía de ponte entre os enterramentos do claustro e os sepulcros do interior da igrexa.

²⁸ AHPPo, Concello de Pontevedra, leg. 47(14).

edificio. As súas proporcións fican enfatizadas pola conservación da pintura mural. O ritmo da bóveda de abano gótica acrecéntase co xogo pictórico, intervención do século XVIII, asociada á construción do novo retábulo maior aínda que realizada sobre pintura medieval tal e como testemuñan os restos murais que se conservan detrás do retábulo da Virxe do Carme.



Nave, arco triunfal e capela maior.

O retábulo barroco non esvaece nin altera a elegancia gótica da capela, o ritmo inferior do friso de arcos apuntados e trevoados do presbiterio, sendo aproveitado un dos espazos deste friso para se abrir a porta da sancristía actual, xa con arco carpanel pero orixinal da obra gótica. Nos capiteis do arco triunfal, tanto no evanxeo como na epístola, aparecen cuadrúpedos agrupados, cunhas características moi próximas a obras do bispo Xoán Fernandes de Soutomaior III na catedral de Tui e anxos de medio corpo con cartelas.

A ambos lados do arco triunfal temos os escudos dos Soutomaior (epístola) e Aldán (evanxeo). No interior da capela maior nun lado e outro figuran os escudos dos Montenegro, que corresponderían ao século XVI e asociados ao antigo retábulo maior. Na parte superior baixo a bóveda, figuran nos lados do evanxeo e a epístola o escudo que correspondería ao arcebispo de Compostela Lope de Mendoza.

A absida de Santa Clara mostra fortes paralelismos coas obras de San Domingos de Tui e capela de Santo André na catedral de Tui, obras patrocinadas polo bispo Xoán Fernández de Soutomaior III entre 1419 e 1423. O parentesco entre o bispo de Tui e a abadesa de Santa Clara, Aldonza Esteves de Soutomaior, puido facilitar contactos artísticos, moi claros nos capiteis da capela maior.



Tímpano da Virxe do Campo, na capela do Bosque

Na capela do bosque conservábase un tímpano gótico²⁹ cuxa procedencia resulta conflictiva. O tímpano representa a imaxe da Virxe co neno sendo acompañada por San Francisco de Asís na esquerda e Santa Clara de Asís pola dereita. Enriba da Virxe figuran dous anxos trompeteiros. As características do tímpano levarían a pensar no grupo de tímpanos góticos coa escena da epifanía realizados durante o pontificado do arcebispo Berenguel de Landoria (1317-1330), como Santa María de Fecha (Manso 2007), Santa María A Nova (Noia), San Benito del Campo (Compostela) ou San Fiz de Solovio (Compostela). Hai que lembrar tamén a capela funeraria fundada en 1323 na catedral de Santiago por Leonor González, muller de Rui Soga, na que tamén se realiza un tímpano coa epifanía. Polo tanto non sería extraño relacionar o tímpano de Santa Clara con este grupo e en estos anos toda vez que sería o momento de construción da igrexa. O lugar orixinal deste tímpano débátese entre a porta norte e a porta occidental. O máis probable e que pertencese á porta norte, ao poder ser vencellada cos anxos trompeteiros do tímpano, cos que existen no arco da portada e polo tanto dotando ao tímpano dun sentido apocalíptico. Na porta occidental non hai mostras da súa finalización como tal segundo se deduce polo sondeo arqueolóxico exterior xunto da porta-xanela do coro baixo.

As dimensións actuais do coro alto e baixo poderían ser o resultado das obras do século XVI, mentres que o coro alto medieval puido ter unha superficie menor, entre a fachada occidental e as primeiras xanelas góticas.

A cronoloxía da igrexa

Considerando as dúas etapas constructivas a igrexa de Santa Clara de Pontevedra dataríase a nave no século XIV e a cabeceira no século XV.

²⁹ Agora na clausura de Santa Clara de Santiago.

Na documentación conservada Dona Maior Pérez contrataría pedreiros para as obras do mosteiro nunha data indeterminada (Otero 2003, 36), aínda que debe estar asociada a súa doazón de 1310 na que sinala que o convento se está a facer neses momentos. O dato máis claro sobre as obras da igrexa o representa o testamento de Aldonza Fernández Churruchao en 1362 (López Ferreiro 1901, 103): “*Et se ela ouuer fillos ou fillas que lles fique esta doaçon liure et quite asi commo eu a ela dou, et se ela morrer sen semen que non aja fillo nen filla que se tornen os ditos beens et herdades a santa Clara de pontevedra por la alma de mjnna madre donna maria et por la mjnna para fazer a cabeça da Iglesia do dito Moesteiro*”. Esta manda testamentaria ficaba condicionada a que a súa neta Sancha Rodríguez morrese sen descendencia cousa que debeu acontecer xa que o convento de Santa Clara exhibiría este testamento no século XV. O interesante das palabras de Aldonza Fernández é que os bens os quere destinar para facer a cabeceira da igrexa polo que se deduce que a nave xa estaría realizada. Hai que ter en conta que as comunidades mendicantes invertiron a orde de construción das súas igrexas, priorizando as naves para acoller aos fieis para a predicación pero tamén para reflectir a pobreza da orde. As cabeceiras góticas en Galicia se desenvolveron nos conventos de franciscanos e dominicos entre fins do século XIV e comezos do século XV.

Deste xeito se pode dicir que a igrexa de Santa Clara sería construída entre os anos 1310 e 1362, resultando nun gran rectángulo de 33 m x 13 m aproximadamente.

Malia o testamento de Aldonza Fernández Churruchao a cabeceira non comezaría a ser edificada polo menos até os últimos anos do século XIV. A doazón³⁰ do carpinteiro Roi Domingues e da súa muller Azenda Pelaes en 1403 “*ao moesteiro de Santa Clara de Pontevedra et obra da iglesia del*”, podería sinalar a construción da cabeceira neses anos. En 1413 o procurador da obra de Santa Clara de Pontevedra, frei Vasco Rodríguez de Tui, trasladaba o testamento de Aldonza Fernández Churruchao xa que o pergamiño estaba en mal estado (Leza 2014, 320). Nun documento posterior, de 1416, a abadesa Aldonza Esteves de Soutomaior outorga un poder para un preito contra Paio Gómez de Soutomaior, insértase un documento de 1412 no que aparece frei Vasco Rodríguez de Tui, “*procurador da obra nova de Santa Clara de Pontevedra*”³¹. O que confirmarían estes documentos é que a manda de Aldonza Fernández estaba condicionada pola descendencia ou non da súa neta Sancha Rodrigues, feito que tardaría en comprobarse e incluso provocar a súa complexa reclamación xudicial tal e como se advirte nestes documentos. As obras da cabeceira estaban comezadas tal e como se advirte polos escudos que figuran no arco triunfal que corresponderían á abadesa Aldonza Esteves de Soutomaior (Vila 2010, 359). A súa finalización debeu corresponder ao arcebispo Lope de Mendoza (1400-1445), toda vez que figuran os seus escudos³² na parte alta da absida. O sobriño de Aldonza Esteves, Paio Gómez de Soutomaior, casara cunha sobriña do arcebispo, Maior de Mendoza. O mesmo preito que establece a abadesa contra o seu sobriño para reclamar probablemente sobre o dereito que tiña o mosteiro de Santa Clara sobre os bens da defunta Aldonza Fernández Churruchao destinados para a construción da cabeceira da igrexa. É probable que o arcebispo Lope de Mendoza intervisse patrocinando el mesmo as obras de Santa Clara.

³⁰ AHN, Clero, regular-secular. Carpeta 1856-1857. Microfilme, rº. 2688, (119,1). 1403/09/24.

³¹ AMP, Sampedro, 53-51, Materiais para o estudo de Santa Clara de Pontevedra.

³² Iguais aos que figuran no cimborrio gótico da catedral de Santiago ou os restos da súa capela funeraria.

En 1457 a abadesa Inés Bermúdez e as monxas de Santa Clara reuníanse para aforar³³ unha chousa de herdade e o convento realizaba o instrumento de aforamento na igrexa nova: “*Sabean todos que eu dona Ynes Vermudes abadesa do moesteiro de Santa Clara de ponte vedera e maria de Santa Antonio Leonor Rodrigues Sancha Gomes Ynes Vaasques et costança vasques frairas do dito moesteiro de Santa clara que soomos presentes enna eglesia noua do dito moesteiro per son de canpaan segundo que avemos de uso e de custume por nos e en nome do dito noso moesteiro et por nosas subcesoras*”. Este documento sinalaría como a obra da cabeceira estaba problemamente rematada.

Frei Francisco Gonzaga aseguraba en 1587 que o mosteiro estaba a finalizar as obras en 1510, “*nisi quod anno á partu Virgineo 1510, ultimam artificis manum expertus fit*”, recurrido a maioría de autores posteriores a falar que en esa data remataba a cabeceira, cousa que non dí Gonzaga, podendo corresponder a ese ano de 1510 por exemplo á torre-campanario, xa que o estilo da porta ao campanario e da escaleira helicoidal interior podería encaixar nestas datas.



Panda oeste (dereita) e leste (esquerda), de épocas diferenciadas. No fondo a panda sur (adega e cileiro) ruínosa e que correspondería aos séculos XIV-XV.

Aproximación ao convento medieval

A diferenza do que acontece coas ordes mendicantes masculinas, as femininas van a estar condicionadas pola clausura. Aos votos de pobreza, obediencia e castidade se sumaba o

³³ ARG, pergamiños, 467: 1457-11-22, *O convento de Santa Clara de Pontevedra afora a Pedro de Sayoane e á súa muller Inés Rodríguez unha chousa de herdade preto do río das Leitugas en renda de 8 marabedís da moeda vella polo día de San Miguel e a metade do décimo "que labredes da novidade que Deus der", por tres voces (incluída a súa) e vintenove anos máis.*

da clausura o que dificultaba a mesma supervivencia do convento xa que a esmola para o seu mantemento estaba reducida a ser recollida na mesma igrexa ao contrario de franciscanos e dominicos que podían percorrer os camiños para pedir a esmola para os seus conventos.

A clausura monástica levaba a crear un centro conventual cunha serie de características, na súa maioría feitas para cumprir a clausura. Aínda así, esta non vai ser estricta para todas as monxas. Ao longo da Idade Media atopámonos con dous tipos de monxas en Santa Clara: a de “*frailas encerradas*” e as “*frailas de fóra*”, aquelas que cumprían a clausura e outras que xestionaban os asuntos do convento no exterior representando así os intereses de Santa Clara pero tamén e até o século XVI podían pedir esmola fóra dos muros do convento o que permitiría unha vía máis de financiamento do mosteiro. É o que acontece con Berenguela Fernández e Teresa Fernández que en nome da abadesa Mencía García de Ambía van até Tui en 1353 para aforar unha casa na praza da cidade que pertencera a Branca Duráns, monxa en Santa Clara.

O convento tería distintos puntos de contacto co exterior, portas que tiñan diferentes cometidos como a “*porta de lauor*” para os traballos dentro da finca do mosteiro e que logo sería coñecida como “porta de carros” (Rodríguez 1993, 88) ou “a porta trauesa do dito mosteiro en caustra”, referencia quizáis á porta do claustro hoxe tapiada no interior da sancristía. Pero o punto de contacto máis importante e único para as monxas sería o locutorio ou grade, onde a comunidade podía falar coas súas familias, coñecer temas do seu interese (sobre todo económico) e sería o espazo onde a abadesa e a súa comunidade xestionaban os asuntos legais a través do notario. No interior da igrexa non había contacto toda vez que o coro ficaba separado dos fieis que acudían á eucaristía tanto en altura (coro alto) como logo na construción do coro baixo no século XVI, separado coro de nave cunha parede pétreo coa súa grade só aberta nun pequeno espazo para que o sacerdote dese a comunión ás monxas.

O problema do cumprimento da clausura chegou a ser un verdadeiro quebracabezas no ano 1353 cando en Pontevedra correu o ruxe ruxe de que todas aquelas persoas que ían falar coas monxas ficaban excomungadas, e como consecuencia ninguén quixera axudar ao convento nas xestións cotiás. Así o mosteiro de Santa Clara tivo que recurrir ao legado pontificio Guillem para que desmentise tal rumor tanto a cregos da vila como a leigos (Rodríguez Galdo 1999, 206).

O cumprimento da clausura nos conventos femeninos galegos non debía estar aínda regulada cando en 1375 se aprobaban unhas reformas na provincia franciscana de Santiago na que se ordenaría aos visitantes dos conventos de Santa Clara revisar as grades ou reixas tanto na igrexa como noutras partes dos edificios, reforzando ou duplicando as mesmas coa fin de evitar de que pasara nada a través delas e nos tornos que non cabese nada máis grande que cinco aneis. Se tiñan que facer tornos nas igrexas para pasar a través deles as vestimentas e ornamentos sagrados para a celebración da eucaristía e os oficios divinos (Rodríguez Galdo 1999, 206).

O número de monxas rexistrado ao longo dos séculos XIV e XV segundo a documentación conservada sería para o ano 1367 de 6, no ano 1386 de 8, en 1424 serían 13 e en 1476 chegaría a 17 monxas (Rodríguez 1993, 114). Probablemente as cifras non sexan exactas e ser maiores puntualmente pero percíbese que o incremento do número de monxas desde os primeiros anos do convento até finais do século XV debeu estar condicionado pola dote, limitando así a entrada en Santa Clara ás élites nobiliarias, dominio que se vai rachando

coa entrada de outras liñaxes menores pero tamén de familias da burguesía pontevedresa que van adquirindo peso económico e desprazando ás vellas familias aristocráticas.

Así o comprobamos no nome das abadesas acaparado pola nobreza, como Leonor Rodríguez (1310-1340), Mencía García de Ambía (1342-1357), Inés Rodríguez (1358-1390), Aldonza Estévez de Soutomaior (1399-1425), Maior de Limia (1425-1431), Inés Bermúdez (1448-1471), Clara Machada (1476-1478) ou Maior Mosquera (1492-1497).

Os escudos nobiliarios que figuran no exterior e no interior da igrexa, ademais de nas laudas funerarias, corresponderían ás intervencións arquitectónicas destas abadesas e incluso de monxas e non ás súas familias. Os escudos son imaxes de poder e as abadesas están exercendo este poder nun espazo propio, de seu. A única excepción sería a presenza das armas do arcebispo Lope de Mendoza, pero isto amosaría a excepción e de alguén poderoso da xerarquía eclesiástica que como podemos comprobar polo documento do cardeal Arnaldo en 1324 contaba coa autorización para visitar o convento dúas veces ao ano.



“Porta Reglar”, porta de acceso á clausura a través da “Porta da Grade”, s. XIV

O mosteiro medieval, como xa comentei, contaría co seu núcleo orixinal na panda oriental, non descartando que se desenvolvese a partir dun casal. No extremo leste do claustro está unha porta gótica tapiada, cuxa cara principal olla á actual sancristía. A porta ten a configuración dunha porta exterior, a de contacto entre clausura e a vía pública. Productivo de dous momentos diferentes sería a liña do muro da panda leste, o que podería facer sospeitar que o primitivo edificio conventual fose realizado primeiro (aproveitando para reforzar a clausura a diferenza de cota entre edificio e rúa) e logo co remate da igrexa e pechar o ángulo noreste do claustro.

Neste muro oriental do claustro conservamos os elementos máis antigos do mosteiro. A porta gótica que se abre entre o claustro e a sala do torno é a máis ornamentada con excepción feita da porta norte da igrexa. Tres grosos baquetóns percorren o intradós mentres que no trasdós, tanto dunha cara como na outra, ornáméntase con puntas de diamante en forma de cuatrifolia do mesmo xeito que podemos ver nas xanelas góticas da cabeceira ou na mesma porta norte do templo. O arco descansa sobre cimacio prismático cuns breves degraos. Os capiteis presentan ornamentación vexetal esquemática agás no capitel norte onde aparece unha figura rodeada de serpentiformes nunha forma semellante ao que aparece no capitel esquerdo da porta norte. Este estilo colocaría esta porta como obra de mediados do século XIV, emparellada coas obras da igrexa conventual. As grandes dimensións da porta fan pensar que o seu fin sería para dar entrada á “sala capitular”³⁴. A sala paralela, cara o leste, e que hoxe é o vestíbulo do torno e acceso a locutorios modernos, puido ser o espazo do locutorio medieval, o lugar de contacto entre o mundo exterior e a clausura. Así entenderíamos documentos³⁵ como o de 1448: “*Sabeán todos que nos dona Ynes Vermudes abadesa do mosteiro de Santa Clara da vila de pontevedra e mayor pas e clara machada e maria de santo antonio e sancha gomes e giomar fernandes e ynes martiz e teresa garcia e ynes vasques freiras do dito moesteiro que presentes somos estando **juntadas en noso cabydoo aa porta da grade** do dito moesteiro por tangemento de canpaan segundo que avemos de uso e de custume*”. A “porta da grade” sería a que comunicase sala e locutorio, o lugar onde estaba o notario e os actores do documento a asinar. A porta tería reixa (grade) e a presenza da roda ou torno para pasar os papeis ou outros elementos necesarios para os acordos xurídicos e económicos³⁶.

O tamaño da porta á “sala capitular” do mesmo xeito que acontece nas salas capitulares de catedrais e mosteiros, permitía a entrada de luz natural para as reunións (por iso o normal era multiplicar o número de ocos) e que asimesmo a comunidade puidese asistir si non había espazo suficiente no interior da sala. Engádese ademais que ao ser este un convento de clausura e poder ser este un lugar de contacto co exterior, a apertura e que non ficase pechada esta porta ao claustro servía para evitar situacións comprometidas no locutorio. Como “porta reglar” tería o seu simbolismo para dar entrada ás novas profesas á comunidade.

³⁴ No sentido de sala reunións.

³⁵ AMP, Sampedro 22-24. Foro que fai o convento ao toneleiro Xoán Rodríguez e a súa muller María Rodríguez de Sobrado.

³⁶ A estancia do locutorio agora está aberta coas escaleiras realizadas a partir de 1875 polo arcebispo Miguel Payá y Rico, a diferenza de cota e que este espazo xunto coa porta do claustro, agora dentro da sancristía, estaban ao exterior. Esa mesma diferenza de cota reforzaba a clausura e facía máis inaccesible o mosteiro. O achádego de varios enterramentos neste hipotético locutorio podería entender como esta área como intermedia e lugar de sepelio para leigos vencellados a Santa Clara.

O muro de cachotería da panda oriental do claustro pódese entender como parte do mosteiro orixinal, máis vencellado nas súas orixes á pobreza que predicaba Santa Clara. Ao fondo da galería leste do claustro ábrese unha porta que comunica na actualidade co bosque. Froito da ruina desta parte do edificio en 1869, ficou esta porta na que se conservan varios elementos medievais. Baixo un arco de medio punto de doelas pequenas fica un tímpano sostido sobre mochetas. O canto da porta está rebaixado en caveto. Agora estas mochetas fican muradas ao rebaixar a altura da porta incorporando un lintel, probablemente no século XVI. O tímpano cara a galería do claustro ten gravado nun círculo unha cruz flordelisada de brazos iguais. A tipoloxía desta porta levaríanos ao románico aínda que non necesariamente ofrecería unha datación máis antiga senón que pode ser unha perduración, habitual, neste tipo de modelos, quizáis de finais do século XIII ou comezos do século XIV. Máis problemático sería indicar a que espazo funcional daba toda vez que se está a sinalar coa porta e a súa ornamentación unha estancia diferenciada.



Porta ao bosque, s. XIII-XIV, tímpano con cruz flordelisada apoiado sobre mochetas.

A descripción que se realizaba desta área do convento tanto en 1834 como en 1868, antes da súa ruina, convidan a pensar que o edificio conventual era máis complexo do pensado. Así as estancias desta panda poderían estruturarse en escuadra, deixando así no seu centro un patio aberto. En 1834 cando a comunidade solicita soterrarse no bosque perante a prohibición de enterramentos no interior describen³⁷ este sector do convento: “*cementerio antiguo en el claustro exterior y ademas un local larguisimo con su capilla en el Bosque*”, sinalando que era xa un local de enterramentos antigos e enfatizando que este espazo era

³⁷ ADPo 441/16, Solicitud para soterrar ás monxas no propio convento e non facelo fóra.

outro “claustro”, diferente do central; e tamén “*claustro abierto con su gran patio, a donde había una capilla en la que espuso estaban sepultadas e indicó aquella a este que su intencion era de que las religiosas de este convento fuesen sepultadas en ella*”, polo que fala con claridade dun gran patio e a relación que ten a capela como lugar de enterramento no pasado. No inventario³⁸ do convento en 1868 permanece a idea da existencia de dous claustros no mosteiro de Santa Clara, un interior e outro exterior e aberto: “*La parte del Sur ruिनosa y destechada con dos patios el primero en la parte ruिनosa del Naciente con unas plantas de higuera y el otro al Mediodia que da con la parte ruिनosa referida del Convento, en el cual se encuentra una fuente de dos cuerpos con agua abundante, cinco limoneros, un naranjo agrio y algunas plantas de flores*”.

O plano de Pontevedra realizado por Francisco Coello en 1856 representa o mosteiro de Santa Clara cunhas formas que non son un mero convencionalismo cartográfico. Malia ao esquematismo da figura do convento no plano se pode estar a representar a idea dos dous “claustros” de Santa Clara, un pechado e outro aberto cara o leste da parcela.



Detalle do plano de Pontevedra por Francisco Coello, 1856. Convento de Santa Clara e área do bosque.

Cabe a lóxica que nesta parte do mosteiro se desenvolvesen parte dos edificios orixinais toda vez que o pozo de auga baixo un ciborio con elementos góticos (as catro columnas) sitúase neste lugar e con el a existencia da cociña e o refectorio. Na ruína³⁹ desta parte do edificio conventual acontecida en decembro de 1869 se faría inspección da zona engadindo algunha descripción máis de como era este patio e a presenza dunha cheminea que delataría a existencia dunha cociña: “*Ademas de los espuesto seria mui conveniente que se bajase la chimenea del Claustro contiguo al del hundimiento por hallarse algo desplomada y tener mucha altura, asi como los balcones de madera que existen en el patio los cuales se hallan en malisimo estado, evitando de este modo las desgracias que podrian originarse*”.

³⁸ AHPPo, Facenda, 7487(7) Inventario de incautación del Convento de Monjas Claras de esta Capital. 1868.

³⁹ AMP, Sampedro, 46/18/4. Expediente de traslación dos hospicianos ao convento de Santa Clara (1869).

No estudo arqueolóxico achouse neste espazo un enlousado que puidera corresponder ao patio do nacente. As obras de rehabilitación do convento a partires de 1875 modificarían completamente o aspecto desta área engadindo en 1899 a instalación do cemiterio da comunidade xunto da parede oriental do claustro.

O cadrado monástico non é unha prioridade para unha comunidade relixiosa. A igrexa condiciona o proxecto e partir de aquí o crecemento do conxunto só estaría marcado polo espazo dispoñible. En Santa Clara o núcleo orixinal concentraríase no leste e a partir de aquí e a construción do templo proseguiría a edificación conventual, neste caso polo sur coa construción da adega e cileiro. No inventario de 1868 xa sinalan que esta parte sur estaba daquela ruínosa e sen teito. A conservación dos muros principais e a presenza dunha porta oxival de características semellantes ás da porta do ángulo norleste do claustro, polo que se pode datar no século XIV.



Interior da porta gótica (s. XIV) da adega/cileiro, panda sur.

A ruína deste edificio non permite coñecer con detalle a súa estrutura aínda que se perciben dúas partes diferenciadas: unha de maiores dimensións onde estaría a porta gótica na súa parte central aberta cara o claustro, conta cos restos de fiestras con derrame tanto cara ao norte como ao oeste xunto con outras xanelas agora cegadas no muro norte pero que servirían para a ventilación do edificio. La parte occidental ábrese unha estancia liberada de entullo e pedra nos recentes traballos arqueolóxicos. Esta estancia conta cun piar cuadrangular no centro de boa canteiría. A continuación conectaría con edificios de servizo da panda occidental do claustro, descoñecendo se en orixe esta estrutura tiña unhas dimensións maiores

cara o oeste aínda que se perciben marcas no extremo sur da panda oeste de esta conexión. A sala co piar central podería ser unha estrutura aberta xa que coincide con cileiros tradicionais. O máis probable é que este edificio contase cun sobrado para gardar os cereais mentres na parte baixa atoparíanse as cubas e pipas de viño⁴⁰. A adega e cileiro eran unha expresión das rentas que posuía o convento polo que era un espazo fundamental da autonomía de Santa Clara.



Sala co piar, adega/cileiro s. XIV, antes da limpeza.

A panda occidental do claustro sería a última en ser realizada. Estaría dividido en dúas etapas. A primeira entre a igrexa e a metade do claustro, emparellado do outro lado coa porta do claustro. Nesta parte estaría o dormitorio e o acceso ao coro alto de aí que apareza unha porta apuntada con grandes doelas que comunica este panda coa igrexa, mais outra porta de semellantes características entre esta panda e a panda sur.

A segunda metade desta panda conectaría coa adega e cileiro da panda sur, xa no século XVI toda vez que a porta que comunica co claustro na parte media do edificio ten características dese momento, arco de medio punto de grandes doelas.

Esta parte sur da panda oeste, probablemente refectorio e novos dormitorios, sería edificada sen precedente constructivo no lugar tal e como evidencia a intervención arqueolóxica no interior do refectorio.

O claustro conserva o podio columnario en tres dos seus lados: leste, norte e oeste. Un groso baquetón percorre o canto da plataforma, puidendo datar esta estrutura nos séculos XIV

⁴⁰ Esta adega e cileiro de Santa Clara amosaría moitas semellanzas coa granxa de Paradela (Boborás), pertencente historicamente a Sobrado dos Monxes e datada en 1507.

ou XV. Nos ángulos nordés e noroeste do claustro hai piares cuadrangulares que corresponderían ao claustro medieval, conservando o piar norleste o cimacio en nacela típico de obras medievais.

O claustro medieval contaría cunha única galería baixa, tal e como testemuña a parede sur da igrexa cuxas xanelas ficarían así sobre a liña do tellado da galería. O columnario puido ser de madeira⁴¹ xuntando así ao propósito da pobreza da orde. Neste senso podería estar ligado aos “balcóns de madeira” derrubados en 1869 que estaban sobre o patio do bosque, sinalando que o mosteiro medieval contase cunha notable presenza de madeira nas súas construcións algo que era común nas vivendas da vila.



Plataforma do claustro, panda leste, co baquetón gótico, s. XV.

Ademais dos espazos funcionais aquí relacionados (igrexa, locutorios, dormitorios, cociña, adega, cileiro,...) o mosteiro puido contar con enfermería⁴² como en Santa Clara de Santiago. O testamento de María Rodríguez en 1490 estaría a revelar a existencia dun espazo onde mulleres leigas poderían ser atendidas na súa enfermidade: “*maria Rodriguez moller de pero vidal mercador vesinos da dita vila de pontevedra, jasendo doente en cama enno moesteiro de santa clara extra muros da dita villa*”, (López Ferreiro 1901, 240). María


⁴¹ A ausencia de materiais que puideran proceder do claustro, máxime o seu tamaño, desbotarían unha solución pétreo para o claustro medieval.

⁴² A enfermería de Santa Clara de Santiago sería establecida por María Bicos no seu testamento en 1407: “*que faça delles hunna enfermaria para as freiras doentes do dito moosteiro, que seia casa onesta et consolada et seia senpre casa conuentual que non seia ocupada nen apartada de nehuna pessoa.*” (Rodríguez Galdo 1999, 209)

Rodríguez non é monxa en Santa Clara e no seu testamento sinala a súa intención de se enterrar en San Francisco de Pontevedra, igrexa onde estaba enterrado o seu tío frei Estevo de Camoes. En Santa Clara estaba enterrada a súa nai e por ese motivo daría vinte maravedis vellos de pensión para sempre sobre a casa que tiña na rúa Correaria.

Cabe pois pensar que nunha parte do convento, aquela máis en contacto coa vía pública e polo tanto que afectase menos á clausura, servise como enfermería. Neste senso poderíase especular coa aparición de dous muros paralelos no soto da edificación barroca (parte occidental do mosteiro), que poderían corresponder a un edificio auxiliar perpendicular ao dormitorio e en comunicación coa fachada occidental da igrexa.

Casto Sampedro aportou no seu estudo de Santa Clara un alzado esquemático onde se observan dúas portas oxivais entre xanelas enreixadas, non sendo posible até o momento ubicar este tramo de parede medieval no actual mosteiro.



Fachada de Santa Clara, Casto Sampedro, fondo AMP, 53-51.

O convento renacentista

No século XVI Santa Clara proseguiría o seu crecemento arquitectónico e a súa reorganización económica despois da etapa medieval, común nos mosteiros galegos. Así en 1591-1592 serían realizados os apeos dos bens do convento en Pontevedra e na súa xurisdicción, e en 1605 os apeos no Salnés, Penaflor e Moraña⁴³.

Ao longo do século seguen a agromar figuras femininas moi potentes no convento de Santa Clara, como as abadesas Leonor de Montenegro (1510-1554) ou Leonor de Meira (1564 e 1572-1592), que representarían aínda parte da tradición medieval do convento. No caso de Leonor de Montenegro procede dunha importante familia pontevedresa, emparentada cos Mariño de Lobeira⁴⁴, este feito daríalle un gran protagonismo artístico, intervindo na realización do novo retábulo maior en 1538 e posteriormente o seu dourado, entre outras obras que se desenvolven nos seus anos de abadesa. Pero un dos episodios máis interesantes protagonizado por Leonor de Montenegro, reflexo do seu carácter, sería na visita⁴⁵ de frei Francisco Palentino en 1541, no que o visitador franciscano penalizaba á abadesa por non cumprir ás constitucións do mosteiro, ordenadas polo Padre Provincial, e en especial porque seica recibira algunhas monxas. O castigo suporía a suspensión durante un ano do cargo de abadesa, aínda que non lle debeu afectar moito porque Leonor de Montenegro seguiría aparecendo como abadesa de Santa Clara até 1554 reflectindo así o apoio da súa comunidade. Quizáis este incidente entre Santa Clara e o visitador franciscano poida ser encadrado no conflito entre conventuais e observantes, toda vez que neses anos en San Francisco de Pontevedra se mantiñan os conventuais na vila.

Leonor de Meira tería tamén un gran impacto para Santa Clara, sendo incluso venerada segundo historiadores franciscanos como Wadding que escribe en 1654. O freire sinalaba que “*poenitentia, oratione, humilitate et gratiis coelestibus insignis, quae obiit anno 1600*” (Wadding 1654, 187), distinguida pola penitencia, a oración, a humildade e as grazas celestiais. Enfatizando estas palabras coa mesma orixe nobiliaria de Leonor, neta de Pedro Álvarez de Soutomaior, conde de Caminha, e filla de García Sarmiento señor de Salvaterra. Ingresada con 8 anos no convento de Pontevedra, pasaría máis de 80 anos dentro dos seus muros. A súa irmá, María de Távora, tamén sería monxa en Santa Clara de Pontevedra, en 1572 sería electa abadesa en Santa Clara de Santiago e despois do seu trienio voltaría a Pontevedra. As dotes de Leonor e Teresa comprometidas polo seu pai García Sarmiento, consistentes en 20 fanegas de pan cada ano, non se chegaran a materializar levando a preito na Audiencia de Galicia. En 1545 conseguírase un acordo⁴⁶ entre convento e Diego Sarmiento de Sotomayor, curador dos bens de García Sarmiento, e irmán de Leonor e Teresa. Na fortaleza de Salvaterra estaría presente o vicario do convento de San Antonio de Cambados, frei Bartolomé de Valadares, para representar os intereses de Santa Clara de Pontevedra. As dotes de Leonor e Teresa ficarían na cantidade de 130 ducados de ouro, 80 ducados xa establecidos no testamento de García Sarmiento, entregados en Pascua e San

⁴³ AHN, clero regular-secular, L. 10244 e L. 10247.

⁴⁴ Leonor de Montenegro pertence a unha das familias máis importantes en Galicia na Idade Moderna, onde confluirían os Marqueses de Valladares e os Marqueses de Mos.

⁴⁵ AMP, Sampedro, 43.53.5.1, Materiais para o estudo do convento de Santa Clara.

⁴⁶ AHPZa, Condado de Salvaterra, P_1_145_11_1.

Miguel do ano seguinte. Leonor e Teresa voltarían en 1564 a relacionarse coa familia ao asinar⁴⁷ o 14 de novembro dese ano a súa renuncia á lexítima en favor do seu irmán Juan Sarmiento.

Wadding tamén destacaría nestes anos á monxa María Sarmiento, de importante familia pontevedresa: “*Maria Sarmienta prosapia et virtute illustris, de qua praedicta Meyra solebat dicere, in corporis extenuati maceratione, S. Hieronymo fuisse persimilem. Obiit post supradictum annum 1600*”, a abadesa comparaba con San Xerónimo por como mortificaba o seu corpo, quizais lembrando algún cadro de San Xerónimo como penitente. Os pais deixaran a María 16 ducados anuais para o seu mantemento persoal pero o encargado de entregar ese diñeiro nunca o faría e ela tampouco o reclamaría pero sería convento quen decidiría recuperar a pensión por vía xudicial en 1601 contra Luis Sarmiento⁴⁸, conseguindo tempo despois a reintegración da pensión alimentaria tanto de María Sarmiento como da súa irmá Inés. Morrería en 1608 nunha enorme veneración no convento de Santa Clara e na vila de Pontevedra.

En 1566 o papa Pío V e o rei Felipe II poñían fin ao conflito entre observantes e conventuais na orde franciscana, algo que afectaba ás clarisas ao ficar baixo a súa xurisdicción. A diferenza fundamental entre uns e outros era a volta ao seguimento da pobreza por parte dos observantes mentres que os conventuais mantiñan a identidade da súa orixe e a conservación do patrimonio económico sendo acusados de abusar dos vellos privilexios da sede papal. A Santa Clara a tensión entre observantes e conventuais que se deu no convento franciscano de Pontevedra debeu ser complicada dada a súa súa relación de dependencia espiritual. A isto se xuntaba o cumprimento do acordado no Concilio de Trento, no que as ordes mendicantes femeninas pasaban a ser de clausura estricta, desaparecendo a figura da “monxa de fóra” que non só cumpría a función de recadeiras e procuradoras do convento senón tamén de recaudar esmolos para o mantemento de Santa Clara.

O mosteiro pasaba por malos momentos económicos tal e como reflicten algún datos indirectos. Así en 1566 a abadesa Linda de Lobeira e a vicaria María Sarmiento, recibían de Rodrigo de Mendoza, deán da catedral de Ourense, os froitos do beneficio de San Pedro de Tomeza, doazón que confirmaría o arcebispo de Santiago Gaspar de Zúñiga y Avellaneda, en consideración á pobreza do mosteiro, que neses momentos tiña máis de 50 relixiosas (Castro 1994, 891).

O proceso de supresión dos franciscanos conventuais entre os anos 1566 e 1567 obrigaría á reorganización da facenda dos conventos franciscanos para eliminar a maioría dos bens inmobles que posuían e adaptarse así á observancia, usando o diñeiro obtido na restauración e mantemento dos edificios monásticos. O principal problema para a venda de moitas destas propiedades era que a maioría deses bens estaban asociados a fundacións de misas. A solución sería a entrega dese patrimonio ao convento de clarisas máis próximo a cambio dunha renda anual. Deste xeito Santa Clara de Pontevedra recibiría moitos destes bens de San Francisco polo menos desde 1573 (Leza 2014, 183) tal e como aparecen en diferentes

⁴⁷ AHPZa, Condado de Salvaterra, P_1_94_16.

⁴⁸ ARG, conventos, caixa 1513 63, “*O convento de Santa Clara de Pontevedra contra D. Luis Sarmiento e consortes pola paga de alimentos de D^a María e D^a Inés Sarmiento*”.

instrumentos no arquivo do convento, reforzando así a facenda do mosteiro feminino nestes anos.

A venerable Sor María de San Antonio

Pero a figura que salienta a fins do século XVI é a da venerable Sor María de San Antonio, María de Gálvez, máis coñecida como a monxa-fraile por ter vestido o hábito franciscano como “Juanico” e o hábito das clarisas en Santa Clara de Pontevedra, sendo venerada á súa morte en 1616. María de Gálvez era natural de Almonacid de Toledo, nacida en 1572, fuxe con dezasete anos da súa casa ao pretender a familia concertar o seu matrimonio. María quería consagrar a súa vida á relixión polo que a fuxida era a única vía, disfrazada de rapaz emprende o camiño a Santiago. En Ávila, en tempos de peste, tería un incidente cos gardas da ponte. Algúns deles recoñecerían que era unha muller polo que a pararían pero ela temendo o peor lles ensinaría o crucifixo que tiña ao colo e lles diría unhas palabras de advertencia de tal xeito que os soldados avergoñados pedirían perdón, sendo incorporado este suceso como un dos feitos milagrosos protagonizados por sor María. Catro semanas despois chegaría a Santiago sen propoñelo, logo de visitar ao apóstolo encamiñárase a Padrón e cerca de alí estaría hospedada na casa dun home rico pero honrado, segundo conta o padre Guadramiro, ao que preguntou para ir a algunha ermida da zona para servir a Deus, o rico indicarlle que mellor era servir no mosteiro de freires franciscanos descalzos que había na Pobra do Deán. Así María dirixírase ao convento de San Antonio, sendo recibida polo padre gardián que se interesou polo ofrecemento dos seus servizos xa que precisaba un mozo de axuda neses momentos. Como sabía ler comezou aos poucos días a axudar na misa. Os sacerdotes só querían que os axudase Juanico, nome que deu no convento, polo coidado e devoción que poñía na celebración. Aos tres meses, durante as festas do convento, o padre gardián comentou a Juanico se quería confesar, María de Gálvez confesaba sempre con bágoas, consciente da súa mentira, e é probable que o confesor sospeitase da súa verdadeira identidade pero a estancia no convento de María continuaría cinco anos máis sen incidentes e só o aprezo do monxes. Ela levaba neste tempo un cilicio e todas as noites se disciplinaba, o que se poñía como exemplo de devoción. Como axudante tiña que ir á Coruña, Oviedo ou Benavente, e ía e viña con a maior prontitude e sempre de boa gana. Comentaba frei Esteban de Guadramiro que ela tiña espírito de mártir, se contase con axuda iría a terra islámica para se sacrificar pola fe católica. Cando tiña 22 anos fixo visita ao convento o Padre Provincial, e os freires pediron que Juanico tomase hábito como donado do Padre Guardián, aceptando o Provincial esta petición. A súa condición de muller é revelada finalmente neste momento polo padre gardián ao que o Padre Provincial tentará porlle remedio, barallando a solución de ser monxa en Santa Clara de Pontevedra. Ao día seguinte irían a Pontevedra e mentres ela agardaba no convento de San Francisco, o Padre Guardián falaba coa abadesa, concertarían que logo el e outro freire xunto con María de Gálvez fose ao locutorio de Santa Clara. Cando as monxas viron a Juanico saltaron de alegría, mentres o padre Guardián ficaba na porta do locutorio para evitar que ninguén entrase. Recibida como monxa do coro, só ficaba a dote. O convento muda, de chamar a atención ás monxas para que falasen menos, non durmisen tanto ou que ficasen nas súas celdas, agora seguían o exemplo de Sor María, excedendo en penitencia e recollimento. Aos sete anos estaba de enfermeira, atendendo ás enfermas. En 1596 faría profesión de monxa, celebrándose en toda a vila de Pontevedra

grandes festas, xa que se consideraba a Sor María un fenómeno relixioso. A festa viña acompañada de comidas dos cabaleiros, xogos de cañas na praza, e logo de rematar os xogos dirixirse a Santa Clara para honrar a nova monxa. Sor María estaba sempre a traballar, a coidar das enfermas, a limpar a enfermería, “*mas como era mujer varonil obraba con admiración de lo delicado del sexo, lo que el hombre mas fuerte, y robusto apenas pudiera con mucho trabaxo*” (Castro 1727, 273). A comparación non é casualidade, non se procura unha figura feminina (santa ou Virxe), procúrase ampliar os méritos de María de Gálvez a través do aspecto varonil, o traballo e esforzo constante e os continuos sacrificios, o que non deixa de ser interesante toda vez que ela disfrazada de rapaz pasou anos nun convento masculino. A descripción de frei Jacobo de Castro en 1727 contrasta coa realizada por frei Miguel Pérez en 1717 sobre a vida da venerable sor María de San Antonio toda vez que no primeiro caso as súas virtudes son masculinas (forza, sacrificio,...) mentres que para frei Miguel Pérez a virtude principal era a conservación virxinal de sor María malia as súas peripecias.



Muralla e horta do convento de Santa Clara, 1611-1612, na que participa Sor María de San Antonio.

En Santa Clara de Pontevedra sor María tiña na cociña un dos seus principais traballos e mentres cociñaba e andaba nos potes tamén procuraba outros traballos, arrincando vasoiras a outras monxas, ou coidados dos enfermos ou traballos na horta, tanto daba para María de Gálvez, a súa penitencia era o traballo constante. 18 anos coidaría do forno que entón tiña para cocelo pan, coidaba da horta, cavando e sementando legumes no seu tempo, sacando o sustento das súas monxas, hortalizas e froitos das árbores. Na fábrica da muralla descubriría unha canteira (atopada no sondeo arqueolóxico, na parte suroriental do recinto conventual),

na obra do cadeirado do coro púsose a desbastar a madeira e a servir de oficial de carpinteiría. (Castro 1727, 274). Torno, sancristía, porta, enfermería, refectorio, cociña, panera, forno, horta, todo o levaba sor María. Entre as penitencias que a fixeron famosa estaba o de vestir sempre hábito vello, aínda que estivese en mal estado. Na abstinencia sempre comía as sobras de outras e no tempo do seu paso polo convento nunca comería carne nin bebería viño. Quebrantaba o corpo non permitindo alivio algún, aínda que os seus traballos xa eran duros: *“cabar en la Huerta, massar barro, desbastar madera, cargar con piedras, assarse en un horno, limpiar el Convento, asistir siempre al Coro, y a la Enfermería, y à quantos oficios penosos huviesse, su descanso à la noche era recogerse, no à dormir siquiera sobre una dura tarima, ò tierra desnuda, sino sentada, à lo mas, sobre una pobre estera, y lo mas continuo de piè, reclinada sobre el brazo”*. Nos milagres protagonizados pola monxa María estaban aqueles relacionados cos fenómenos atmosféricos como cando a procuradora Catalina de Lobera agardando os grans da renta que chegaban ese día para os gardar no celeiro víu como pasaba alegre sor María de San Antonio para sementar unhas legumes, a procuradora coñecendo as consecuencias que tiñan os traballos agrícolas de sor María recomendáballe á monxa que o fixera outro día porque o día estaba fermoso. Sor María sorría, o seu riso era a única resposta e cando rematou de preparar a horta o día pechaba con nubes e comezaba a chover, para desespero da procuradora que tiña que agardar polos cereais e evitar que se mollasen. Na cociña dicíase que coidaba do pote ou do asado pero si había misa ela acudía e logo volvía sen que o lume tivese queimado a comida. Unha monxa que ía a despertala de madrugada ao abrir a porta atopouse cun resplandor que enchía de luz a celda.

En 1607 a abadesa Catalina de Caamaño formaría unhas ordenanzas a suxerencia de sor María para acudir obrigatoriamente ao coro, impondo sancións, pero o máis interesante era a forma de levar a cabo estes castigos xa que se quería facer un pequeno teatriño a xeito de Tribunal do Santo Oficio, para prender ás que non fosen ao coro (Castro 1727, 284), repartindo oficios: alguacil, alcadesa, depositaria de multas, outra tocando o tamborciño do coro, outra o arco cego, unha a fruta, outra o pandeiro ou os axouxeres. Desta forma aparentemente festeira, por teatral, instauraba a disciplina no convento cando as monxas ficaban no locutorio falando coas visitas e non acudían prestas ás obrigas do coro.

Nunha profecía en 1614 anunciaría a súa morte á abadesa Catalina de Lobera. Pouco antes de morrer dicía a sor Juan de Lobera despois dun arrobamento, *“O Xuana! Como che estaba ò Cea esta noyte, è que cheo de pedrería!”* demostrando así que non só tiña aprendido o galego senón que no convento de Santa Clara o galego era idioma habitual neses anos incluso entre as monxas das ilustres familias nobres da comarca. Morrería Sor María de San Antonio o 30 de outubro de 1616, venerada no convento en toda Pontevedra que choraba a súa perda. Pola súa mediación rexistráranse dous milagres e no seu momento supuxo para Santa Clara un importante pulo a súa fama ao recaudar importantes esmolos que permitirían financiar as reformas do convento.

O balance artístico

Ao longo do século XVI o convento de Santa Clara realizará unha serie de reformas e obras na que en moitos casos será protagonista a abadesa Leonor de Montenegro.

A obra máis potente nestes anos sería o retábulo maior da igrexa en 1538, encargada a Cornelis de Holanda e a Diego Gil por 135 ducados. Esta obra debía estar rematada no ano

1540 e cubriría as tres xanelas centrais da absida chegando á bóveda. O remate tería un crucifixo e aos seus lados as imaxes da Virxen María e de San Xoán (Leza 2014, 373).

Cornelis de Holanda voltará a aparecer na documentación de Santa Clara en 1541, na sanción do visitador franciscano á abadesa Leonor de Montenegro⁴⁹ acompañado de Lucas de Frisia, asinan como testemuñas no protocolo notarial pero a súa presenza no convento podería suxerir novas obras na igrexa neste ano.

No ano 1542 Leonor de Montenegro recibía de Catalina Alfonso de Pazos, un ducado para dourar o retábulo maior da igrexa⁵⁰ disposto no testamento do seu fillo Pedro Álvarez Mariño no que deixaría tamén as misas pola súa alma a oficiar en Santa Clara.

Tanto na realización do retábulo maior en 1538 como a disposición para o seu dourado vemos a participación dos Mariño de Lobeira, no primeiro caso como testemuñas no contrato con Cornelis de Holanda (Juan e Pedro Mariño de Lobeira) e no segundo como patrocinadores dese traballo.

No tramo recto da capela maior, a altura dos capiteis, fican uns escudos labrados en madeira e que corresponden aos Montenegro, que poderían pertencer ao vello retábulo maior renacentista, estarían ligados á abadesa Leonor de Montenegro como promotora destas obras entre 1538 e 1542.

O retábulo realizado por Cornelis de Holanda desaparecería no século XVIII coa construción dun novo retábulo de estilo barroco. Malia a esta perda algunhas imaxes deste retábulo ou asociadas ao traballo de Cornelis de Holanda serían conservadas na igrexa. No retábulo do lado do evanxeo, adicado á Inmaculada Concepción, estarían as interesantes pezas de Santa Bárbara e Santa Úrsula. Tamén a imaxe de Santiago Apóstolo, podería ter pertencido ao retábulo finalizado en 1540, aínda que sabemos que estaba en 1868 no coro alto. No lado da epístola, no retábulo da Virxe do Carme, unha magnífica talla de Tobías co Anxo da Guarda podería ter pertencido tamén ás obras de Cornelis de Holanda en Santa Clara. Non se podería descartar que outras imaxes puideran corresponder a este traballo ou a outros realizados ao longo do século XVI, a ausencia destas pezas da igrexa para o que foron confeccionadas impide realizar unha análise correcta das mesmas e a súa adscripción a un momento importante na historia do convento.

Outra obra na que sería responsable a abadesa Leonor de Montenegro sería a construción da nova grade ou locutorio⁵¹ en 1552. Pouco máis se sinala con respecto en que consistía a “grade nova” pero temos a testemuña de frei Esteban de Guadramiro, o padre gardían do convento de San Antonio na Pobra do Deán, na que describe en 1594 o momento no que leva a María de Gálvez, alias Juanico, perante a abadesa: “*y yo me subi a la grada con mi mozo Juan, a presentarlo a las Señoras Monjas*” no locutorio (grada) e a continuación “*Yo baxando a baxo a guardar la puerta por que nadie viniesse*” (Castro 1727, 268). Estes detalles sinalarían que a “grade nova” mencionada en 1552 fose o locutorio realizado enriba da vella grade medieval.

⁴⁹ AMP, Sampedro, 46/53/5/1, Materiais para o Estudo do convento de Santa Clara.

⁵⁰ AHN Nobleza, MOS-VALLADARES, C.38, D.46-48.

⁵¹ AHPPo, protocolos, Alfonso García do Sisto, Ga. 826 (2) “*En el monasterio de santa clara extramuros xxx vylla de pontevedra a veynte e dos dias del mes de juño del ano del señor de myll e quinientos e çinquenta e dos años estando este dho dya a la grade nueva del dho monesterio la señoras dona lionor de montenegro abadesa del dho monesterio e dona mayor de montenegro e don lionor de meyra vicaria e ynes de Romay e dona yes daldan xxx dona elbira de valadares don linda de lobera e dona taresa de Tabla e joana dyaz e vyatriz daudra*”.



Locutorio alto ou Grade, s. XVI.

Este detalle podería plantexar que se estaban a edificar outras zonas no convento como as novas galerías do claustro para permitir unha fluida comunicación entre locutorio, dormitorios e coro.



Galerías das pandas sur e leste, s. XVI.

Na parte alta do claustro e contra a parede da igrexa e arranque da cabeceira realizaríase un arco carpanel no que sería aproveitado o seu interior (entre a parede da igrexa do século XIV e parede da cabeceira do século XV) para realizar o arquivo do convento, sendo murado o arco para acoller unha pequena porta de ferro para gardar a documentación de Santa Clara. Non sería descartable que o arco carpanel fose realizado con outro propósito ao que se lle adicou finalmente.



Porta do s. XVI na panda oeste, edificio do refectorio.

Tamén o edificio do novo refectorio e novos dormitorios poderían ser realizados nestes anos xa que con esta obra remataría de pecharse o claustro regular ao unirse a panda occidental coa panda sur.

As características artísticas do refectorio, en xeral austero, convidan a pensar nunha construción de mediados do século XVI. Unha gran porta con arco de medio punto e grande doelas ábrese na unión co edificio do dormitorio. Xanelas cuadrangulares succédense no paramento exterior, tanto no andar inferior como no superior agás as dúas xanelas extremas que son balcaneiras aínda que cabe pensar que sexa unha intervención moderna do mesmo xeito que boa parte da fachada da panda occidental ao claustro regular, reformada a fins da década de 1970.

No interior do refectorio atopámonos tres ocos con derrame na parte superior e os restos de parladoiros ou apoios (agora murados) nas fiestras ao claustro. Na outra parede hai pequenos ocos, unha xanela con parladoiros murada e un pequeno oco con arco escarzano sobre mochetas que puido servir como oratorio. Na sala destacan tamén as ménsulas que soportaban a cuberta ou sollado do dormitorio.

O refectorio aínda conserva restos de pintura mural: paxariños, formas xeométricas ou cenefas, na súa maioría cubertas por cal. A datación vai entre os séculos XVI e XVII existindo áreas con cronoloxías diferenciadas, como no interior do oratorio, froito das diferentes intervencións arquitectónicas toda vez que a este espazo engadirían muros de perpiaño en datas posteriores ao que estenderon a decoración mural.



Interior do refectorio, s. XVI, con restos de pintura mural.




Xanela con arco conopial da extremo da panda occidental, ao claustro, s. XVI.

No andar superior accédese por unha escaleira de características barrocas, obra posterior. O edificio conta con celdas ás dúas fachadas, oeste e leste, organizadas a través dun longo corredor que comunica os dous extremos da panda occidental. Algunhas das celdas conservan xanelas que poderían ser do século XVI ao manter a mesma tipoloxía que as xanelas do refectorio. As dúas últimas celdas, no extremo sur do edificio e cara ao claustro, contan con xanelas que incorporan arcos conopiais, nun caso mantendo os catro centros do arco e noutro únicamente o bico superior. Estes detalles conservados nas xanelas das celdas do dormitorio levarían a considerar que o edificio foi realizado a mediados do século XVI.

As galerías do claustro, pandas sur e leste, serían reformadas, substituindo o sistema portante medieval por un consistente en columnas toscanas de fuste liso. En total hai 22 columnas, 10 na panda sur e 12 na norte. Nestes momentos engadíriase a planta superior coa fin de comunicar os dormitorios novos cos locutorios e a área do patio do pozo.

A imaxe do mosteiro de Santa Clara sería representada esquemáticamente por Rodrigo Moñiz⁵² en 1595. Neste deseño de Pontevedra o mosteiro emerxe como un pequeno núcleo idealizado no que apenas destaca a igrexa o outros edificios. Este perfil aínda que non se adapte á realidade do mosteiro neses anos non se contradiría con outro debuxo máis ao pormenor como o de Pier María Baldi en 1669.



Detalle da vista de Pontevedra, 1595, co convento de Snata Clara. MPD. 06.100.

O convento de Santa Clara debía reflectir un perfil cúbico, pouco destacado en altura agás a cabeceira gótica do templo. En realidade Santa Clara salientaba pola ampla ocupación de terreo, cousa que non dispoñían conventos como o de San Domingos ou o de San Francisco. O mesmo campanario debía ser unha estrutura apenas sobresainte sobre o tellado.

⁵² Atribución realizada por Juega Puig, Peña Santos e Sotelo Resurrección (1995).

Non se pode esquecer que os conventos mendicantes estiveron condicionados nos seus volumes no momento da súa fundación toda vez que ocupaban espazo fóra de murallas e polo tanto perigosos en caso de asedio como postos de avanzada dos inimigos.

A muralla de Santa Clara

A salvagarda da clausura era un elemento fundamental no convento de Santa Clara desde a súa orixe. A propiedade do mosteiro estaba cercada e o mesmo edificio cara o espazo público ficaba protexido por reixas (as grades). A partir do Concilio de Trento a clausura sería máis estricte e os muros do mosteiro reforzaríanse en altura en todo o seu perímetro. A comezos do século XVII en Santa Clara comezarían os traballos para substituír a vella cerca medieval por un muro de mellor calidade e impermeable á vía pública.

No ano 1611 a abadesa Inés Enríquez de Monroy xunto coa procuradora Catalina de Lobera contratarían coa autorización do provincial franciscano ao canteiro de Pontevedra, Pedro González, por tres ducados e medio cada braza e *“Antes de agora muchos dias abia que para hazer y acabar la obra de serca y muro questa enpezada ahazer para bien/ guarda y defensa del dho monesterio y conbento”*⁵³. Deste xeito se está a indicar que xa comezara a facerse esta obra aínda que se descoñeza cando. No contrato se van especificando as características e calidades do muro a facer: *“en esta manera/ he sa saber que hara la dha obra de çerca del dho monesterio/ al derredor del que a de ser de manpostaria de pico Rosada/ y conforme a la que esta hecha y enpeçada Para ello y la que/ se fuere haziendo dende aqui en adelante a de ser del mesmo/ grosor y los çimientos dellas seran conforme a la que asta/ agora esta hecha con su çapata y con su rremate arriba y/ sus esquinales labrados y justerada y fuerte en las/ Partes mas nescerarias que menester fueren y conforme/ lo rrequiere la dha obra y la altura de la dha obra sera ya / de ser conforme lo pidieren y fuere a boluntad y contentos/ de la dha abbadessa y dona catalina de lobera y toda la dha/ obra haran y acabaran segun y de la manera que dho es/ y que sea buena y bien fecha y firme y bastante como se rre/quiere”*⁵⁴. Sumábase ao prezo de tres ducados e medio a braza que tamén *“an de llebar los despojos de la çerca/ vieja toda la piedra della que tiene al derredor de/ la dha murralla bieja”*, indicando claramente a existencia dunha muralla de orixe medieval.

A obra ficaría suspendida perante a denuncia do canteiro de Pontevedra Rodrigo de Sa, que tiña apalabrado o traballo do muro con Pedro González. O drama para as monxas radicaba na paralización das obras e a ameaza á clausura. O preito resolveríase coa entrada de Rodrigo de Sa no levantamento do novo muro.

Sería nestas obras nas que participaría sor María de San Antonio, tanto á hora de sinalar a canteira na propia finca do convento como de axudar a carrexar material como unha pedreira máis. Aínda que cabe pensar que sor María non participase nesta etapa e sí na anterior probablemente efectuada entre 1596 e 1611, momento no que ela sinalaría a canteira⁵⁵.

⁵³ ARG, conventos, caixa 25031-9, “Convento de Santa Clara de Pontevedra contra Rodrigo de Sa, sobre denuncia de Obra nueva de dicho convento”, 1612, fol. 68, no que aparece o contrato diante do notario Juan Barbeito.

⁵⁴ Idem.

⁵⁵ As obras reanudaríanse en 1613, e sor María de San Antonio morre en 1616.



Muralla de Santa Clara na zona do Bosque.

O cadeirado do coro

Segundo o relato da vida de Sor María de San Antonio ela mesma participaría na realización do cadeirado do coro, o que debeu resultar entre os anos 1596 a 1616, ano este último da súa morte. Non foi posible achar máis documentos que poidan precisar máis sobre esta obra.




Cadeira da abadesa, s. XVII, no coro de Santa Clara.

O cadeirado actualmente conservado conta con 39 escanos, sendo o da abadesa o único figurado no seu respaldo, coa imaxe de Santa Clara cos seus atributos (báculo e custodia) e nos cantos dous anxos.

O respaldo dos escanos ornáméntanse con marcos concavo-convexos propios do gusto do século XVII. Os apoiabrazos rematan, como é habitual nestes cadeirados, con formas trevoadas. O escano non conta con misericordia que complemente o pousadouro abatible. Os elementos principais convidan a pensar que é un cadeirado realizado nos primeiros anos do século XVII pero ao mostrar liñas tan sinxelas podería abranxer o resto do século. O certo é que contamos co relato de Sor María de San Antonio como oficial de carpinteiría nos traballos realizados no coro a comezos do século XVII.

No coro consérvase o órgano barroco ibérico (con trompetería de batalla). Conta cunha caixa pintada de motivos vexetais. Escenas con árbores e paxaros e xarróns floreados. Arredor dos tubos perfilanse cenefas pintadas e bordes escalonados. Nos laterais da parte superior finalizan en aletas coroadas no extremo por pináculos e no centro coroando un medallón coa representación do escudo franciscano. A caixa mostra a sección de tubos laterais en ángulo, mentres que os tubos centrais dispóñense en medio círculo. No interior aparecen táboas pintadas con rostros tocados con chapeus emplumados e con partituras. O órgano sería restuarado musicalmente en diferentes épocas, sobre todo entre os 1793 e 1795 por un organero descoñecido. Para 1897 teríamos a construción dun novo fol para o órgano de Santa Clara, realizado polo Francisco Guillón.



Órgano barroco de Santa Clara, s. XVII.

As características do órgano convidan á reutilización da caixa, algo habitual na maioría dos órganos barrocos. As características da caixa convidaría a pensar que o órgano fose parello co cadeirado do coro (comezos do século XVII) tanto polas formas e volumes que suxeren un gusto manierista (xogo de trazos rectos e curvos) como polas semellanzas nas decoracións e formas a órganos do século XVI como o órgano da epístola da catedral nova de Salamanca, polo que o órgano de Santa Clara presentárase como unha evolución da súa solución estética. Igualmente é moi interesante a consola do órgano e sobre todo o teclado que presenta teclas con incrustación de marfil e ébano, nun estilo que lembra tamén ao século XVII.

Nesta época temos o exemplo de entrada no convento de Santa Clara dunha monxa organista. Os pais de Jacinta Mosquera, de Ribadavia, non pagarían dote a cambio de que a súa filla fose a organista do convento, acordo⁵⁶ que sería realizado en 1670.

O fotógrafo Francisco Zagala recollería unha inscrición no coro baixo, nunha xanela: ABRIO ESTA VENTANA Y COMPVSO ESTE CORO EL CAPITAN D DIEGO GALLO ANO DE 1680. RUEGUEN A DIOS POR EL. O capitán Diego Gallo tamén participaría na obra do Miradoiro do convento xunto ao mestre de campo Juan del Castillo entre os anos 1679 e 1680, polo que encaixaría nas obras que se están a emprender nestes anos no convento.

O conde de Gondomar

Un dos aspectos máis descoñecidos de Santa Clara son as súas relacións co exterior. Ao marxe das familias de cada monxa, cómo establecía o convento as súas influencias ou captaba a atención sobre as súas necesidades. No caso de Sor María de San Antonio o carisma da monxa arrastraba doazóns económicas importantes para o mosteiro, pero dentro do ámbito devocional.

Unha das personaxes máis interesantes da Galicia do reinado de Felipe III sería Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar e embaixador do rei na corte de Jacobo I de Inglaterra.

A relación de Diego Sarmiento con Santa Clara era familiar, xa que era sobriño de Leonor de Meira, dos Sarmiento de Salvaterra. Pero a este vencello se sumaba un interese por axudar ao convento en diferentes trances pero tamén en cuestións persoais.

As cartas da monxa Francisca Morana ao futuro conde en 1596 e 1605, son esclarecedoras. Por unha parte Francisca enviaba a Diego Sarmiento un frasco de auga de azahar para lle agradecer a súa atención con ela. Informaría tamén ao señor de Gondomar e Vincios que Leonor de Meira, a súa tía, ficara triste cando soubo que tiña pasado por Pontevedra e non a tiña visitado ao convento: “*mi señora doña Leonor esta bien y con mucho desea de saber de VM que nunca se le olvida que se quedo bien triste de que le dijeron que VM abia pasa por aqui sin berla*”⁵⁷. Tamén nos fala Francisca que recibía libros do señor de Gondomar e que esperaba unha nova entrega, o que resulta moi importante nas relacións destas monxas co exterior.

⁵⁶ AHPPo, Protocolos notariais Antonio Martínez de la Peña, ca. 11494 (4), 9 de novembro de 1670.

⁵⁷ RAH, Cartas do Conde de Gondomar, fol. 402, nº 10930. 1596.

Noutra carta, en 1605, Francisca Morana solicitaba o voto como alcaide ao fidalgo Esteban de Castro, pedindo a Diego Sarmiento que escribise á muller do licenciado Cervera para acadar ese voto⁵⁸. Curiosamente unha personaxe moi importante na Pontevedra dos séculos XVI-XVII, o Licenciado Vitoria, escribía tamén ao señor de Gondomar para que Esteban de Castro fose alcaide.

Maior interese reside na carta do ano 1605 de Catalina de Lobera, procuradora e abadesa en Santa Clara en diferentes períodos. Catalina explica a Diego Sarmiento de Acuña a situación en Pontevedra sobre o privilexio do 20 homes librados, que se tiña confirmado por parte do rei Felipe III. A queixa de Catalina de Lobera baseábase nos problemas que tiña o convento co concello de Pontevedra sobre os seus “librados” toda vez que o concello argumentaba que excedían máis dos 20 contidos no privilexio. Sor Catalina informaba ao señor de Gondomar que na vila había tres “librados” e o resto repartidos polas aldeas. A acusación do convento de Santa Clara tamén ía cara o seu procurador, Lucas Juárez, que ao seu entender tiña que ter defendido ao convento e alegado diante do concello a situación real dos “librados”.

O relato de Catalina de Lobera reflicte a importancia dos “librados” para o funcionamento do mosteiro de Santa Clara, permitindo o fornecemento de materiais e rentas sen pagar os tributos, portádegos ou outros impostos a eses bens que chegaban ao convento⁵⁹.

Santa Clara pedía a Diego Sarmiento que defendese os intereses lexítimos do mosteiro perante o que consideraban abusos do concello e erros do seu procurador. Móstrase así nesta carta como o conde de Gondomar un persoeiro de grandes influencias era un gran valedor de Santa Clara, probablemente pola relación con Leonor de Meira e María de Távora, tías súas.

Estas cartas mostran como as monxas contactaban co mundo exterior, as ligazóns múltiples que se podían dar non só na defensa dos intereses do convento, tamén a nivel persoal as estratexias políticas locais, ou as cuestións emocionais coa presenza de familiares. Neste senso é interesante imaxinar o uso do locutorio como punto de contacto co mundo exterior, coas familias e amizades, uso do locutorio que denunciaba sor María de San Antonio cando as monxas ficaban nel e desatendían as obrigas de coro. Representaba isto que moitas monxas non tiñan elección nin vocación. A partires do século XVI o incremento do número de monxas tamén reflectía estratexias familiares diferentes ás do pasado e isto tamén afectaba ao desenvolvemento do mosteiro de Santa Clara.

⁵⁸ RAH, Cartas do Conde de Gondomar, fol. 79, nº 12064, 21 de outubro de 1605.

⁵⁹ RAH, Cartas do Conde de Gondomar, fol. 202, 23 de maio de 1605: “y ai ba la Relaçion dello por donde vm. se sirba de echar deber el descuydo que tubo lucas juares nuestro procurador en no salir a ello por parte del conbento yçonos muy mala hobra por no aber alegado lo que era menester porque si la villa ynformara con la berdad que no tenemos mas de tres esentos dentro desta villa y los demas por las aldeas”.

As reformas do barroco

Nos séculos XVII e XVIII o mosteiro de Santa Clara mantiña un importante patrimonio, non só en parroquias como Santa María de Mourente, San Miguel de Marcón ou San Vicente de Nogueira entre outras, tamén contaba con numerosas casas e herdades en Pontevedra e fóra dela. Santa Clara percibía numerosas rentas froito da amortización dese patrimonio orixinado polas doazóns medievais. O patrimonio urbano consistía en 35 casas (1.214 rs) e 16 fincas (1.126 rs), en 1737. Un valor baixo comparado con Santa Clara de Santiago, cuxo valor medio era de 135 rs por casa, en Pontevedra sería de 35 rs (Otero 2003, 87). Quizais isto fose debido á crise económica da vila nos séculos XVII e XVIII, ou polo mesmo valor destas casas, xuntándose os dous fenómenos.

Estas rentas non semellaban ser suficientes para manter o cenobio ou procurar un proxecto arquitectónico potente. Deste xeito as novenas á Nosa Señora da O, padroeira de Pontevedra, serían un recurso que vai gañando en importancia. A procesión entre San Bartolomeu o vello e Santa Clara reforzaban a relación urbana do mosteiro. Convocábase esta procesión ou rogativa nos momentos de necesidade, ven polo exceso de chuvia ou pola falta de sol para as colleitas. Así a través da novena, coas súas esmolas, como pola esmola que depositaba no convento o Concello, Santa Clara dispoñía duns ingresos extraordinarios. É interesante a motivación para convocar estas rogativas: en 1733 *“por quanto El tiempo presente se alla tenpestuoso y Abundante de llubias, que no permite las sementeras de frutos, y que el vino se alla procsimo a la Purga , y par aplacar la regurosa justicia de Dios, por medio de los Ruegos e ynterseccion de nuestra señora su vendita madre, acordaron se saque en procesion a la ymagen de nuestra señora de la O, desde su capilla y se lleve segun costumbre en rogativa al convento de Santa Clara de dicha villa”*⁶⁰, en 1787 *“con motivo de los excesibos calores, y fuertes Nortes que se experimentaran de mucho tiempo a esta parte, se encuentran los Rios sin aguas, las mieses raridas y sin fomento, en peligro de perderse los frutos tan bien proporcionados en la presente estacion, y los naturales sin pan que comer, como es constante por los continuos clamores, que se oien, asi en esta villa, como en sus cercanias”*⁶¹.

Para esta época contamos cos rituais de toma de hábito⁶² recollidos por Otero Piñeiro (2003, 120) no arquivo conventual: *“1. Si los testigos conocen a la novicia, así como a sus padres y abuelos. 2. Si es hija y nieta de tales personas. 3. Si sus padres y abuelos fueron tenidos por cristianos viejos, si son descendientes de moros, judíos o de personas que la Inquisición haya castigado por herejes. 4. Si alguno de sus padres o abuelos tuvo problemas con la Santa Inquisición. 5. Si sus padres o abuelos han sido libres. 6. Si la aspirante está casada o ha prometido hacerlo. 7. Si sus padres o abuelos han tenido algún oficio bajo en la república que se reputa de vil. 8. Si todo lo contestado es público y notorio”*. Este interrogatorio sería o habitual en moitas institucións do Antigo Réxime. A mención á ascendencia ou orixe xudaica e os “problemas” coa Inquisición en Pontevedra non era froito

⁶⁰ AHPPo, Concello de Pontevedra, G. 68 (1), 1733.

⁶¹ AHPPo, Concello de Pontevedra, G. 72 (9), 1787.

⁶² ASCP, Papeles sueltos, licencias para tomar el hábito de Santa Clara, 1701-1798.

da casualidade dada a presenza nos séculos XVI e XVII de familias poderosas como os Dinís, Pereira ou Saravia procesadas en moitos casos polo Santo Oficio como herexes xudaizantes e cuxa orixe xudaica era pública entre a poboación⁶³.

O concilio de Trento establecería a reforma dos conventos femeninos, o único modelo a seguir era a clausura contemplativa. O único fin do convento femenino sería rezar pola humanidade. A reforma tridentina constituiríase sobre a clausura, dependencia dos prelados masculinos e control material e económico (Soriano 2000, 482). A vida feminina no claustro transformárase e así o transmite a documentación. A situación tiña mudado e no convento xa non había mulleres seglares, só monxas de clausura.



Detalle de Santa Clara na vista de Pontevedra por Pier María Baldi, 1669.

A viaxe de Cosme de Médicis a Santiago de Compostela deixaría para Pontevedra o debuxo realizado por Pier María Baldi en 1669. Nesta representación da vila, tal e como acontecía na conservada de 1595, aparece o convento de Santa Clara. Pier María Baldi procura unha descripción detallada de Pontevedra⁶⁴, recreando así os seus principais edificios cun espírito minucioso. Santa Clara aparece como un mosteiro resgardado nas defensas abaluartadas da vila, construídas durante a guerra con Portugal (1640-1668). No edificio domina a horizontalidade, salientando a cabeceira gótica do templo e probablemente a estrutura do campanario de formas cúbicas e baixo un tellado a catro augas. Xunto ao campanario intúese o edificio do dormitorio e refectorio pola súa lonxitude.

⁶³ Juega Puig, Juan. (2004). Los Dinís, un linaje judeoconverso en la Pontevedra de los siglos XVI y XVII. Santiago de Compostela.

⁶⁴ Viaje de Cosme de Médicis por España y Portugal (1668-1669) / edición y notas por Angel Sánchez Rivero y Angela Mariutti de Sánchez Rivero ; Fototipia Hausser y Menet. - Madrid : Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, Centro de Estudios Históricos, 1933.

A vista de Pier María Baldi reflicte un mosteiro de Santa Clara no que as grandes reformas do barroco aínda non chegaron pero no que está en proceso de reorganizar a súa facenda e obter esmolas para poder emprender transformacións no conxunto conventual.

As obras de consolidación no mosteiro

Nas últimas décadas do século XVII, Santa Clara acometería diferentes reformas aínda sendo unha época de crise.

As obras que se realizan desde a década de 1670 afectarían a diferentes partes do mosteiro. Na maioría das ocasións estas reformas fican rexistradas no mesmo lugar a través dunha inscrición que lembra a data e a abadesa promotora.



Miradoiro, 1680.

No período 1675-1678, sendo abadesa Jacinta Sarmiento Valladares, hai a referencia no libro de contas á construción dun “cuarto”, pero o apunte contable só menciona o gasto de viño para os traballadores (Otero 2003, 137). A palabra “cuarto” pode ser confusa toda vez que no contexto conventual faría referencia ao edificio do dormitorio na súa totalidade. É posible que nestes anos renovasen os dormitorios da panda occidental xa que algúns elementos ornamentais como a columna adosada ao muro das escaleiras (agora xunto ao corpo do ascensor), xunto da porta do coro baixo, pode ser datado neses anos.

A obra da muralla do convento xa tiña rematado antes de 1616 pero tería un elemento complementario engadido en 1680, o Miradoiro. Coa intensificación da clausura no século XVII moitos conventos urbanos dotaríanse de “miradoiros”, convenientemente velados con

celosías, para que servisen como distracción ás monxas durante a realización de labores textís. En Santa Clara o miradoiro situaríase sobre o ángulo que formaba a muralla entre a rúa de Santa Clara e a igrexa, onde ficaba a porta de carros. A obra realizada en tempos da abadesa Catalina de Vera⁶⁵, sería froito das esmolos de varios devotos entre eles o mestre de campo Juan del Castillo, que ficaría tamén perpetuado noutra inscrición no coro coa data de 1679 ademais dos dous escudos no ángulo exterior do miradoiro⁶⁶.



Inscrición interior no Miradoiro, 1680.

A abadesa Benita de Ortega⁶⁷ (1693-1695) deixaría unha inscrición da columna da escaleira e patín exterior da panda oriental do claustro. A erosión da inscrición non permite facer unha lectura completa agás o nome da abadesa que permitiría datar estas obras cara o ano 1695. As obras consistiron na construción dunha escaleira de dous tramos, un primeiro que arranca fronte a porta do bosque e un segundo que en paralelo ao edificio acaba nun pequeno patín para entrada no inmobile, cuberto ademais por un gran aleiro apoiado nun extremo por unha gran columna prismática na que aparece a inscrición, e sobre o peitoril do patín cunha pequena columna hexagonal. O peitoril dos dous tramos da escaleira cun pasamáns en bocel que arranque do mesmo ornáméntase cunha figura cóncava nos dous extremos da escaleira. Esta intervención non debeu ser aillada e puido vir acompañada co

⁶⁵ Inscrición no ángulo norleste do miradoiro: DE LIMOSNA QUE DIERON VARIOS DEBOTOS SE FABRICO ESTE MIRADOR SIENDO ABADESA DESTE CONBENTO D CATALINA DE BERA AÑO DE 1680 ASISTIO A LA OBRA EL CAPITAN D DIEGO GALLO.

⁶⁶ O mestre de campo Juan del Castillo morrería en 1681 sendo enterrado en 1682 nun monumento funerario realizado en San Francisco de Pontevedra.

⁶⁷ Aparece como monxa de Santa Clara nun documento de foro de 1675. Podería ser filla de Domingo Prego de Montaos e Benita Ortega, e aparecen nun documento de aforamento de 1669.

reaxuste nas xanelas da galería superior do claustro, pandas sur e leste, e o engadido de montantes a estes ocós.

Na parede da galería do claustro, xunto á porta que dá paso ao bosque e cemiterio das monxas, hai unha inscrición na que figura o ano 1695, relacionada coa intervención da abadesa Benita de Ortega nas escaleiras e cuartos do claustro alto.



Acceso de escaleiras feito en tempos da abadesa Benita de Ortega, 1695.

No mesmo tempo, últimas décadas do século XVII, sería realizado o chafarís do claustro. Sobre a pía circular composta por doelas sitúase un piar caxeado que da paso a unha columna recuberta de grandes leitugas e sobre ela o prato principal decorado con catro anxos que botan auga, no centro outra columna recuberta de grandes leitugas e unha peza cúbica con anxos en cada canto que botan auga. Remataba até o 2017 o chafarís unha imaxe de Santa Clara, quizáis posterior. No inventario da incautación de 1868 mencionábase que o chafarís botaba abundante auga.

O cruceiro do claustro ten data de 1682, segundo recolleu Francisco Zagala no seu pedestal. Unha sinxela cruz apoiase sobre unha calumna toscana quizáis reaproveitada de obras anteriores xa que a mesma coincide coas empregadas para as galerías do claustro.

Tamén debería datarse nestes anos a construción do remate do campanario. Sobre unha base prismática, de comezos do século XVI, engadiríase un corpo aberto polo oeste e polo este cun só oco con arco de medio punto, e os lados norte e sur por un arco dobre de medio punto, no que ase acollen as campás. O último corpo é un tambor cilíndrico rodeado de


catro pináculos e cuberto con cúpula semiesférica que coroa un pináculo. A súa tipoloxía sinxela non entraría aínda nos exemplares barrocos máis adornados do século XVIII, polo que podería se datar a fins do século XVII toda vez que no debuxo de Pier María Baldi o campanario de Santa Clara mostraría un só corpo máis sobre o tellado.



Chafarís no claustro de Santa Clara, ca. 1680-1690.

A nova xurisdicción arcebispal

As monxas de Santa Clara estaban suxeitas na xurisdicción e dominio aos franciscanos da provincia de Santiago. Os ministros provinciais da orde de San Francisco de Pontevedra controlaban a vida espiritual e económica das clarisas. Eran os seus visitantes ordinarios e escollían ao vicario que as atendía no convento no capítulo provincial. Un control que non era novo pero que a raíz das reformas introducidas polo cardeal Cisneros e logo polo concilio de Trento facían que a vida en clausura se fixera máis problemática baixo a dirección dos franciscanos.



Capa do libro de obediencia á xurisdicción arcebispal, 1710-1711

Desde 1707 a situación tiña empeorado, sufrindo as monxas “*la opreziion y tirania en que estavan y las tenian los relixiosos de nuestro Padre San Francisco apartandolas en virtud de las ynquietudes y des a su supos de conciencia, que an experimentado de muchos años a esta parte del Camino de la Perfeccion. que anelan, desean y an deseado Siempre*”⁶⁸. En xaneiro de 1710 sairían da clausura 18 monxas das 23 que neses intres profesaban no convento. O seu camiño foi primeiro o do pazo arcebispal de Santiago para se dirixir directamente ao arcebispo D. Antonio Monrroy. Violar a clausura e presentarse así no pazo arcebispal de Santiago causaría un gran escándalo en Pontevedra. O estado de saúde do arcebispo obrigaría a que tomase o caso o vicario xeral, o Dr. Joseph Antonio Jaspe

⁶⁸ AMP. Sampedro, 22-28. Dimisión que fixo a relixión de San Francisco do convento e monxas de Santa Clara (1711).

Montenegro. As monxas desexaban someterse á xurisdicción arcebispal e seica que isto non prantexaba problema algún para a curia compostelán. O obstáculo serían os franciscanos que mantiñan a súa autoridade e que non cedían a ela malia as denuncias que as clarisas de Pontevedra tiñan presentado. Acudir á autoridade do nuncio en España non lles daría resultado toda vez que os franciscanos tiñan escollido a vía civil. O conflito chegaría ao papa Clemente XI quen obrigaría aos franciscanos a dimitir sobre a xurisdicción sobre Santa Clara de Pontevedra que entregarían aos arcebispos composteláns. A partires destes momentos os superiores da orde xa non atendían ás monxas nin temporal nin espiritualmente e os vicarios pasaban a ser do clero secular.

A volta a Pontevedra prantexábase como un problema xa que tiñan que agardar a ser aceptadas de novo na clausura de Santa Clara as 18 monxas que tiñan marchado a protestar a Santiago. A determinación de resolver o caso facía que se prantexase a absolución de censuras nas que puideran ter incurrido e voltar ao convento coa maior decencia. O bispo auxiliar dirixírase ás monxas que estaban en Santa Clara para que admitisen ás que se tiñan marchado. O vicario até ese momento, fr. Gerónimo de Aboyn, como non contribuía á paz mandaría o arcebispo que o padre gardián de San Francisco designase un relixioso ancián e serio que asistise ás relixiosas e oficiase a misa da comunidade, do contrario o arcebispo ameazaba con nomear a un sacerdote e persoa decente para realizar ese cometido. O padre Abuyn tampouco debía asistir ao convento por respecto a este, xa que semellaba ser o principal causante do desorde e inquietudes da comunidade. A abadesa canonicamente electa, sor Dameana de Castro, sería devolta ao súa responsabilidade.

Un dos puntos do conflito eran as chaves do depósito do convento, para que non se violase a clausura ficarían en mans da comunidade. Un dos costumes a erradicar que sinalaba o bispo auxiliar era *“que acaesciendo morir Alguna Religiosa solian los rreliгиозos de nuestro Padre entrar en la clausura seis a decir la misa y oficiar el atto quedandose a comer en dho convento de que rresultavan No mui buenas consecuencias”*.

Mentres se ordenaba todo isto as monxas rebeldes permanecían á espera nas Torres Arcebispais de Pontevedra á espera de ser admitidas de novo na clausura. A abadesa Sor Dameana de Castro, sor Magdalena de Salazar, sor María Teresa Parceros e sor Benita de Barcia serían as monxas que tiñan permanecido no convento, máis que nada como estratexia perante a acción da maioría das monxas, e por iso mesmo as admitirían de novo explicandoo: *“para efecto de recojer y restituir al convento de santa clara las diez y ocho religiosas que se an salido de dicho convento se allan en la casa de las torres e ynformando VI con le X causas a dada justa providencias conosiendo por dihcos ynformes como realmente era y es ansi la ruina expiritual de las que se salieron y de nosotras y de otras mas religiosas por la opresion y vexaciones que emos recibido de los religiosos de Nuestro padre San Francisco que obligaron a las que hestan fuera que despechadas se saliesen y a la que hestan dentro a mas Precipicio de inquietudes discordias de alma y cuerpo que cada dia se va aumentando mas esta confusion para perturbar la paz que se devia tener entre religiosas pero se experimentado y experimentan sembrado en dicho convento”*.

Entrarían de novo no convento *“sor francisca de San Joseph vicaria de casa= sor Antonia Sarmiento= sor Jazinta Mosquera=sor clara de Castro= sor francisca Antonia Mosquera= Sor Benita Taresa Mariño= Sor Catalina de San Ygnacio y aldao= sor Micaela baruto= sor Leonarda de Araujo= Sor Maria perez= sor Benita peres= Sor ana de varros=*

sor Maria parada= sor Antonia de la Concecion= sor Antonia Maria Bermudes= sor Ana Antonia Mariño= sor Maria Taresa Bugarin= Sor Francisca Mariño=”.

Os franciscanos se tiñan oposto a deixar a xurisdicción sobre Santa Clara pero a intervención do papa Clemente XI facía que deixaran a vía xudicial o 7 de decembro de 1711 “*Viendo frustadas mis diligencias, y considerando ser nada util a la Provinzia, y sumamente gravoso el gobierno de aquel convento, determine recurrir a Nro Santo Padre y Señor Clemente XI: suplicando a su Santidad se sirviese de exhonerarnos del gobierno de aquellas Religiosas, cometiendole a quien tubiese mas poder, para sugetarlas*” 7 decemento de 1711.

O 20 de decembro de 1711 entregaban ao convento a carta do arcebispo e no coro baixo se suxeitaban as monxas á xurisdicción do arcebispo de Santiago.

Qué tiña acontecido en Santa Clara? Na documentación non se especifica o tipo de abusos e aínda que se centre na figura do vicario fr. Jerónimo Abuyn, o certo é que nin San Francisco nin o Provincial procuraron unha solución ás monxas de Santa Clara. Polo exemplo dos enterros ou das chaves seica os abusos residían no control económicos e espiritual. O abuso económico porque nos enterros ao enviar a seis freires á eucaristía estaban cargando o gasto sobre o convento e non só o abuso da comida e violación da clausura. No espiritual porque debían levar as chaves de sancristía e igrexa o que impediría ás monxas acceder ao altar para as súas oracións particulares. A situación debía extenderse a moitos ámbitos da vida das monxas e así a rebelión que protagonizaron en 1710.

Ao pasar o convento á xurisdicción dos arcebispos tamén mudaría a relación e patrocinio destes con respecto a Santa Clara de Pontevedra, participando no século XVIII nos proxectos edificatorios do mosteiro derivados quizáis das visitas pastorais. Ao longo do século houbo unha importante presenza arcebispos recoñecidos pola súa magnanimidade tanto para obra pública como relixiosa. Fr. Antonio de Monroy, Bartolomé Rajoy Losada ou Sebastián Malvar y Pinto, foron arcebispos destacados e que puideron ter relacións arquitectónicas con Santa Clara de Pontevedra.

Fr. Martín Sarmiento

Desde a infancia, fr. Martín Sarmiento vai estar moi ligado a Santa Clara de Pontevedra. En 1702, durante a ameaza inglesa contra a ría de Vigo, as monxas de Santa Clara refuxiaríanse no mosteiro de Tenorio onde tamén estaría un pequeno frei Martín refuxiado como elas. Deste xeito o futuro ilustrado coñecería e tería boas lembranzas daquelas corenta monxas.

Anos despois, nas súas estancias en Pontevedra, xuño 1745 a xaneiro de 1746 e de maio de 1754 a novembro de 1755, recoñecería o arquivo das clarisas para os seus estudos lingüísticos e tamén axudar desde Madrid ás clarisas na confirmación do antigo privilexio dos 20 homes librados de 1312 no reinado do novo rei Fernando VI (Fortes 1997).

O 22 de agosto de 1747 o Padre Sarmiento contestaba satisfeito á abadesa, sor María Teresa de Jesús Parcero, que o convento tivese recibido sen problema a caixa de privilexios, documentación que tiña levado a Madrid e que ordenaría e transcribiría para os seus estudos pero tamén para a confirmación polo novo rei do vello privilexio do convento. É posible que algúns dos apuntamentos que aparecen nos privilexios de Santa Clara procedesen da súa man. Tamén fr. Martín Sarmiento trataba de tranquilizar á abadesa de non ter efectuado a entrega

de 456 reais ao seu sobriño José Millán, xa que se atopaba ausente da súa casa de Mourente. Este diñeiro era o destinado para os trámites na corte de confirmación dos privilexios, a caixa que tiña levado en 1746, para ser confirmado polo novo monarca Fernando VI (Castro 1994, 901).



Imaxe de fr. Martín Sarmiento por Francisco Muntaner.

Tamén o beneditino tiña axudado ao convento a organizar as obrigacións das misas, en ocasións gravosas xa para o convento despois de varios séculos. Así a primeira era a de 1310, de Dona Maior Pérez, no que a abadesa Leonor Rodríguez comprometíase a lle dicir todos os días unha misa cantada e dúas oracións (unha despois de Nona e outra a unha hora segundo interesara ao convento). Esta misa cantada se tiña feito nos primeiros anos do convento pero logo estaba esquecida sendo fr. Martín Sarmiento na súa lectura dos pergamiños o que rescataría esta obriga. As monxas advertían que a doazón xa non se desfrutaba plenamente por se perder co paso do tempo moitas das propiedades. Esta reorganización de misas, na que colaboraría o Padre Sarmiento, tiña como obxectivo reducir os compromisos do convento e así diminuír os gastos na facenda de Santa Clara.

Os novos proxectos arquitectónicos

No século XVIII vanse producir unha serie de obras importantes no mosteiro de Santa Clara froito dunha reorganización da súa facenda pero tamén da maior rentabilidade das rentas agrarias derivado da introducción de novos cereais como o millo.

Inscrito na fachada oeste da panda occidental, nun volume saínte, aparece a data de 1726, que correspondería á ampliación da cociña ou construción da cociña entre o refectorio e o dormitorio. É probable que sexa do mesmo tempo a escaleira de acceso ao dormitorio, con celosías e balaustres con perfil de botella que chegan até o segundo andar.

O mobiliario litúrxico

Na primeira metade do século XVIII as obras máis importantes van se concentrar na igrexa, na renovación do altar maior e altares laterais do templo.



Retábulo maior de Santa Clara e altares laterais, s. XVIII.

A capela maior contaba co patrocinio dos Marqueses de la Sierra, Mariño de Lobeira, vencellados á fundación de Santa Clara pola abadesa Leonor Rodríguez. O retábulo maior sería realizado entre os anos 1732 e 1734, unha obra de adscripción complicada e que segundo Rega Castro (2021, 206) podería atribuírse aos escultores Antonio e Gaspar da Canle xa que non sería posible a súa atribución a algún mestre de fóra de Pontevedra. Neste senso non se pode descartar a relación do mestre de arquitectura, Bartolomé de Luazes, con Santa Clara xa que en 1734 está a ser contratado para facer a nova bóveda da igrexa, indicio interesante para sospeitar da súa participación na obra do altar maior. O mestre Bartolomé Luazes aparece na documentación xa desde 1700 como carpinteiro. En 1702 executaría e trazaría o retábulo maior da colexiata de Santiago de Cangas xunto a Ignacio de Outeiro (Novo Sánchez 2021, 111). As influencias compostelás tamén se mostran no retábulo da colexiata de Cangas, ligadas á arte de mestres como Miguel de Romay ou Simón Rodríguez, formas e tipos que tamén van a ser vistos no altar maior de Santa Clara de Pontevedra.

Rega Castro sinalou que a chegada destas influencias compostelás puideron proceder do escultor José Ibarra presente en Pontevedra en 1730 para dar as trazas do retábulo maior da Terceira Orde de San Francisco, aportando así novas vías para as influencias compostelás na vila. Como comprobamos no retábulo maior de Santiago de Cangas, as influencias artísticas de Compostela xa estaban presentes no Morrazo e en Pontevedra desde comezos do século XVIII coa figura do mestre pontevedrés Bartolomé de Luazes, considerando a súa relación laboral con Santa Clara nos mesmos anos nos que se realizan as obras do altar maior sería factible a súa participación tanto á hora de dar as trazas do novo retábulo como o da súa execución entre os anos 1732 e 1734.

En 1734 documéntase a intervención de Antonio e Gaspar da Canle no retábulo maior (Otero 2003, 137), recién feito, para adaptar a parte do sagrario, “... *ochavar el sitado Retablo que oy se halla puesto y ejecutado, desaser el Pabellón y ponerlo más perfecto como asi es, hazer el remate enzima de la Custodia conforme a la planta que se halla en un papel firmado de dicho Antonio Dacanle y el agente deste Convento Don Manuel Antonio de Acuña con su urna o caxa que sirva para poner quando se ofresca a su Divina Magestad patente ...*” (Rega 2021, 195).

Resulta contradictorio que unha obra recién acabada sufrise unha restauración ou “reparo”. A explicación podería ser o patrocinio da capela maior por parte dos Marqueses de la Sierra e que fosen eles os que contratasen a obra do novo retábulo e que visto o resultado final o mesmo non se axustase ao que desexaban as monxas sobre todo na rúa central do altar, arredor do tabernáculo. Tamén cabería a explicación pola que a obra non gustase e se chamase a outros escultores para a emendar o retábulo. Curiosamente a obra de Bartolomé de Luazes e Ignacio de Outeiro en 1702 en Santiago de Cangas non sería do gusto da confradía e sería contratado o mestre Domingo Rodríguez de Pazos en 1706 para finalizar a obra⁶⁹.

O retábulo maior de Santa Clara divídese en tres rúas separadas por catro columnas salomónicas que avanza sobre o plano cóncavo do fondo productivo da súa adaptación á

⁶⁹ Ivan Rega Castro na súa tese (2010, 366) non recolle a autoría do retábulo de Santiago de Cangas en Bartolomé de Luazes e Ignacio de Outeiro en 1702 máis logo a corrección feita por Domingo Rodríguez de Pazos en 1706 (Novo Sánchez 2021, 111). Rega estimaba o retábulo da colexiata de Cangas como feito perto de 1747, sinalando as influencias compostelás a través sobre todo de Miguel de Romay na súa etapa de madurez (1711-1721), feito que evidentemente non se pode asociar ao ser este retábulo de Santiago de Cangas unha obra anterior.

absida hemipoligonal. O ático sepárase con estípites no centro e un peche sólido envolvente nos dous extremos aos que se lle engade ornamentación vexetal na súa fronte. O remate central coróase cunha cruz sobre tímpano triangular pero imitando os arcos gótico. Os anxos laterais equilibran a composición e acompañan aos escudos dos Marqueses de la Sierra que figuran nos extremos.

As imaxes que se colocan no retábulo mostran o ideario do momento. Xunto á Asunción no camarín central están as tallas de San Miguel Arcanxo e San Fernando. Arriba figurarían San Francisco, Santa Clara e San Antonio.

En 1735 serían contratados dous canteiros (Rega 2021, 196) para enlousar a capela maior e complementar o proxecto de embelecemento da igrexa.



Interior da igrexa de Santa Clara, altar da Virxe dos Desamparados, Otto Wunderlich, ca. 1920, Fototeca Patrimonio Histórico.

Aproveitando o oco dunha vella porta gótica ao claustro está o altar de Nosa Señora dos Desamparados. Un retábulo-cadro que ten a súa orixe en 1712 e por mediación da monxa Benita Teresa Mariño, unha das rebeldes de 1710. O cadro é unha pintura da Virxe co neno procedente da escola madrileña e que se vencellou con Lucas Jordán. O retábulo sería realizado anos despois, polo seu estilo entre 1738 e 1745 segundo se pode deducir polo relato da mesma sor Benita (Monterroso 1998). O cadro da Virxe e o neno vai acompañado coas imaxes de Santa Ana e San Xaquín. As catro columnas exentas adórnanse con guirnaldas, fintas e tecidos. O retábulo desborda o seu propio marco, con placas de curvas irregulares e as táboas pintadas con efecto de cortiñas para ofrecer un escenario ao arco dourado do retábulo. Un gran dosel ornamental cubre o retábulo-cadro creando así un espazo teatral para promocionar o culto á Virxe dos Desamparados, que tería unha gran repercusión en Pontevedra.

Os retábulos laterais, xunto o arco triunfal, están consagrados á Inmaculada Concepción e á Virxe do Carmo, segundo os emblemas que coroan ambos retábulos. Os elementos ornamentais nestes retábulos os datarían entre os anos 1760 e 1770. As columnas terciadas e decoración de rocalla fixarían estes altares como froito dun traballo rococó. As imaxes que se engadiron a estos altares foron na súa maioría reutilizados. Varias das imaxes do retábulo da Inmaculada procederían probablemente do retábulo maior de 1540 feito por Cornelis de Holanda. A Santa Bárbara, Santa Úrsula e o Santiago Apóstol, do século XVI, terían esta ligazón. No retábulo do Carmo a imaxe de Tobías e o Anxo da Guarda tamén podería ser obra do século XVI. O resto de imaxes deste altar, San Benito e San Xoán neno, tampouco serían obras destinadas a este espazo e procederían doutros lugares do convento.

O crucificado que ficaba na parede sur do templo coas imaxes da Virxe e San Xoán, tamén era unha peza de mérito, quizáis dos séculos XVI-XVII, pero ao non ser posible o seu exame impede a súa correcta valoración e ubicación no conxunto do convento.

O púlpito tamén é unha obra de mérito, datable a finais do século XVIII, a cesta do púlpito conta cos emblemas franciscanos, mentres o tornavoz é unha magnífica coroa dourada.

A bóveda encamonada

A cuberta da igrexa de Santa Clara debeu manter a estrutura de madeira a dúas augas clásica dos edificios mendicantes. No século XVIII precisaría de renovación polo que se asumirían mudanzas no seu acabado estético.

O convento contrataría⁷⁰ o 12 de decembro de 1734 co mestre de arquitectura Bartolomé Luazes⁷¹, de Pontevedra, para *“hazer de nuevo el techo de la yglesia deste citado Convento que se ha de hazer y correr hasta el coro de Arriba”* (Rega 2021, 196).

⁷⁰ AHPPo, Protocolos Notariais Matías López Fariña, 1.311 (4), f. 107r, 1734.

⁷¹ Bartolomé de Luazes aparece en instrumentos de foro desde 1700 xunto a súa muller Ventura Rodríguez Ferraz. En 1741 aparecería nomeado como mestre de arquitectura. Os lugares dos foros céntranse en Marcón e Mourente, parroquias vencelladas a Santa Clara.



Coro alto e bóveda encamonada da nave, 1734.

A obra non só se circunscribe en realizar unha falsa bóveda de madeira, tamén a necesidade de dar apoio a súa estrutura coa realización de ménsulas sobre decoración clásica de triglifos e gotas para descargar os arcos difragma e unha imposta moldurada para permitir unha transición entre parede e bóveda armónica. Non sería descartable que no exterior, entre as dúas portas da fachada norte, realizasen neste momento os contrafortes de cara a reforzar o muro perante a estrutura da falsa bóveda.

A bóveda encamonada completaba así a realización do novo altar maior, deixando unha igrexa renovada para os novos cultos en Santa Clara como o da Virxe dos Desamparados.

No coro alto, na súa parte central a bóveda amosaría o emblema eucarístico acompañando neste coro outros altares que permitisen a comunicación espiritual da comunidade con Santísimo Sacramento toda vez a distancia que impoñía a clausura nos oficios e celebracións.


O proxecto do novo dormitorio e refectorio

No ano 1767 o arcebispo compostelán, Bartolomé Rajoy y Losada, facía visita pastoral⁷² ás terras de Pontevedra e entre as igrexas visitadas estaría a do convento de Santa Clara.

⁷² AHDS, Visitas Pastorais, sinatura 1269, Mazo 8º, 1753-1806.

Esta visita enmárcase nun período importante de obras para Santa Clara e dentro dun intento de renovación do conxunto monástico, moi apegado entón ao núcleo medieval.

A petición da abadesa sor María Guillerma de San Bernardo ao concello de Pontevedra⁷³ en 29 de novembro de 1773 para modificar o peitoril do adro da igrexa de Santa Clara reflicte unha serie de obras importantes para o convento: “*se sirvan darle Licencia, para poder sacar un poco afuera el Petril, por quedar Un poco estrecho, el sitio, entre el Y la Sacristia, que se determinó hazer por ser tan presisa como V.S.S. pueden conozer*”. Vai mencionar a abadesa que a modificación da liña do peitoril do adro, que afectaba polo tanto á rúa Santa Clara, se facía pola obra da nova sacristía, realizada a carón da porta norte da igrexa e a cabeceira⁷⁴.



Santa Clara por Jenaro Pérez Villaamil, 1849.

Por parte do concello sería enviada unha comisión para inspeccionar a rúa: “*dijeron se pase al rreconocimiento del sitio y estension que ella motiba para que puedan transitar las Procesiones que se espresan y para ello diputan a los Caballeros rrexidores dn Benito de Pazos de Proben y dn Joseph Luis de Soto y Quiroga y a dn Joseph Bernardo Gago; marques de Leis Procurador Sindico general uno de los de esta dicha villa y Alberto Duran Maestro Cantero que lo es de este Ayuntamiento*”.

Cando se presentaron o 15 de novembro no adro de Santa Clara os rexedores tiveron que nomear novo canteiro para o recoñecemento por ter se ter arruinado na noite anterior a

⁷³ AHPPo, Concello de Pontevedra, leg. 47 (14).

⁷⁴ Un debuxo de Jenaro Pérez Villamil en 1849 mostra esta sancristiana fachada norte. No interior da igrexa aprézase unha porta barroca, marco con orelleiras, que servía de acceso a esta sancristía, entre o retábulo da Inmaculada e un arcosolio gótico murado pola obra desta sancristía.

parede do “Quartel de Maestrama” onde estaba aloxado o rexemento de Infantería de Saboia. O mestre canteiro Pedro Candendo, de Mourente, realizaría o traballo de medición: *“este habiendosele mandado medir la distancia de la calle publica o camino que dize enfrente de la segunda puerta de la Yglesia de dicho combento hallo quedarle de Gueco, beinte y ocho quartas castellanas, sin incluir en ellas catorze quartas en Gueco para serbir de transito a las procesiones desde la esquina de la sacristia que se esta fabricando hasta el parapeto o Muro que ha de dibidir dicha extension de la calle o camino de las veinte y ocho quartas en Gueco; y mas adelante dicha Calle o camino enfrente de la Puerta del Locutorio le quedan treinta quartas en Gueco hasta topar en dicho parapeto y desde este hasta la esplicada puerta quedan en gueco quarenta y tres quartas unas y otras castellanas y consideran dichos Señores el Gueco que queda de calle o camino Publico es suficiente para el transito de coches carros caballerizas cargadas y Bazias y que en esta Ynteligencia dicha Comunidad pueda mandar rremober el parapeto, o pared que serbia para el Adorno del Atrio biniendo este con la mayor rrectitud sin hazer escomes ni esquinas de manera que no afee ha obra ni menos aquella situazion y para que conste lo mandaron poner por Diligencia y que se haga presente esto mismo al primero Ayuntamiento que se proporzione a los Señores Justicia y Regimiento y d eecho se libre los Correspondientes testimonios y los firmaron de nos Señores con dicho Maestro cantero y de todo ello yo escrivano doy fee”*.



Porta da sancristía de 1773 e arcosolio gótico deturpado pola obra barroca.

O 27 de novembro voltaba a comisión do concello a facer medicións na rúa, desta vez co canteiro Alberto Durán: *“aviendo reconocido mui pormenor el terreno que sirve de*

camino y calle publica que sale de esta dicha villa y puerta de la muralla, y pasa a dicho convento de Santa Clara, Fra. de Mourente y otros muchos parages, y a la Ciudad de Orense por el que transitan coches, calesas, carros y otros qualquiera carruages cavallerias cargadas y vazias”.

As medicións proseguían para indicar por parte do concello que había a distancia necesaria para facer as escaleiras de acceso á porta da igrexa, escaleiras que tiñan coma fin o paso das procesións que se facían entre a vila e Santa Clara: *“Haviendose medido las treinta cuartas en gueco para dicho camino en donde se puso un piquete de madera Yntroduzido en el suelo quedando capacidad para erigir la escalera para el servicio de la Prozesiones de Jueves Santo Y mas que se acostumbran hazer desde esta Villa al mismo Convento y las mas que este tienen por convenientes sin que al publico le sirva de Ynconveneinte dicha escalera, y desde dicho Piquete se puso otro enfrente de la Ysquina de la Sacristia que se esta fabricando quedando a dicho Camino las treinta cuartas en gueco y desde este sitio y hazer frente a la puerta del Lucutorio se puso otro piquete quedando otras treinta cuartas en Gueco para el esplicado camino, y queriendo dicha Comunidad Hazer dicha escala en la conformidad que queda espresado podra hazer remover el muro, petril aparapeto que autualmente tiene en su atrio por los piquetes que se han puesto quedando estos libres para dicho Camino, y en caso de no Podra desde la esquina mas distante del esplicado mirador linea reuta al Piquete de la esquina de dicha Sachristia y hazer la escalera en el parage que dicha Comunidad tuviere por conveniente sin que ninguno de sus pasos ocupen porcion alguna de las treinta cuartas en Gueco que quedan señaladas y medidas para el repetido camino y calle publica y en esta Conformidad se ha echo el reconozimiento, y señalamiento del terreno arriva espresado y lo firmaron de sus Nombre y de ello yo scrivano doy fee=”.⁷⁵*

Esta obra da sancristía pode ser o antecedente do gran proxecto barroco do convento: o novo dormitorio e refectorio. Non é extraño ver aquí a intervención dos arcebispos composteláns ou polo menos o intento de renovar as fábricas do mosteiro, que nestes anos estarían xa visiblemente en mal estado.

O convento de Santa Clara dispoñía de terreo abondo para establecer un proxecto novo sen necesidade de reutilizar os vellos edificios facilitando así a transición aos novos espazos.

Isto é o que transmite o dormitorio barroco, un potente edificio construído na banda occidental dos terreos do mosteiro en paralelo ao dormitorio e refectorio do século XVI. O proxecto está pensado para substituír os vellos edificios e para iso disporíase dunha primeira edificación que se deixaría preparada por desdobrar nun novo edificio cara ao sur. Así na cara sur do edificio deixaríanse os arranques de arcos, os sillares dos muros ou as escaleiras para nunha etapa posterior dar continuidade cun novo edificio.

⁷⁵ AHPPo, Concello de Pontevedra, leg. 47 (14). 29 de novembro de 1773.



Edificio barroco de Santa Clara, zona occidental da clausura, s. XVIII.

O edificio do novo dormitorio é o resultado dun proxecto ambicioso que non atopamos antes en Santa Clara. Así é doado pensar na intervención ou apoio dos arcebispos de Santiago e incluso a implicación de mestres de obras ligados a eles.

Temos algúns indicios que nos sinalarían a década de 1780 como o de construción do novo dormitorio. A visita de fr. Vicente Boado, abade do mosteiro de Tenorio, como vicario do arcebispo en 1785 para a elección da nova abadesa, faría inspección da clausura do mosteiro: *“y de alli tambien asistido de un notario secretario paso al de conocer el dormitorio viexo y nuevo, y los locutorios y tornos y asimismo reconocio las murallas que circundan dho convento y todo lo hallo en debida forma y con la guarda y custodia correspondiente”*⁷⁶.

A diferenciación na visita entre dormitorio novo e vello só podería ser posible perante a construción do novo edificio barroco xa que para o de aquela entre os edificios (patio do bosque e dormitorio do século XVI) non había diferenza obxetiva e non constaban reformas tan profundas, polo menos nos últimos anos, como para que a descripción diferenciase entre vello ou novo. Na visita de 1807 prodúcese a mesma diferenciación entre dormitorio vello e novo, cousa que xa nas seguintes visitas de elección das abadesas xa non se vai producir, sendo significativo o impacto na memoria a diferenza entre espazos novos e vellos e o seu percorrido temporal⁷⁷.

Otro indicio da construción do dormitorio barroco nolo da indirectamente Otero Piñeiro (2003, 143). A evolución dos ingresos e gastos de Santa Clara entre os anos 1640 e 1834 mostra a economía dun convento do que non temos toda a información pero sí algúns detalles importantes. No quinquenio 1780-1784 prodúcese un balance moi positivo para

⁷⁶ AHDS, Comunidades Relixiosas, 396, Convento de Santa Clara de Pontevedra, 1752-1915. Leg. 1.

⁷⁷ Noutros conventos de clausura como o mosteiro da Concepción de Tui, a diferenciación entre o cuarto novo e o vello (panda norte e panda oriental dun edificio monástico en escuadra) se mantivo arredor de corenta anos para ir esmorecendo co paso dos anos. Neste senso observamos un comportamento semellante e como ao longo de máis de trinta anos sinalábase en Santa Clara os adxetivos novo/vello para diferenciar espazos.

Santa Clara. O incremento dos ingresos xunto coa contención do gasto permitiría para as monxas sumar máis de 100.200 reais, unha cantidade moi elevada. En anos anteriores e posteriores vemos que esas cantidades positivas rondan os 39.810 reais (1775-1779) ou os 58.718 reais (1785-1789), sendo cifras moi semellantes as que se ven noutros quinquenios próximos. Este balance extraordinario puido estar causado pola subida dos prezos agrícolas que beneficiarían ás rentas do mosteiro no Salnés, Morrazo ou nos arredores de Pontevedra. Outro dato importante sería a redución de monxas no mosteiro (Otero 2003, 127), xa que en 1786 o número de relixiosas estaba en 26, no momento de maior número de monxas, 1675-1677, convivían en Santa Clara 56 relixiosas. A partir de esas décadas finais do século XVII o descenso é progresivo⁷⁸. ao que non sería alleo o descenso do número de relixiosas que en 1786 estaban en 26 mentres que a fins do século XVII chegaron a pasar das cincuenta monxas (Otero 2003, 127).

Este dato do número de monxas en Santa Clara permitiría sinalar que a construción do dormitorio barroco non xurde da necesidade de multiplicar o espazo para acoller a unha comunidade en crecemento. Polo contrario, o novo edificio semella estar pensado para mellorar as condicións de habitabilidade na que estaban as monxas con edificios en mal estado ou pouco apropiados á saúde segundo o contexto histórico. As características coas que se edifica o novo dormitorio convidan a pensar nun proxecto ilustrado con aplicación de medidas hixiénico-sanitarias⁷⁹.



Edificio barroco, fachada occidental, s. XVIII.

⁷⁸ Otero Piñeiro apunta desde 1638 o número de monxas, que chegaban a 46, cifra que se mantería estable até 1670 no que vai subir até as 56 monxas de 1677. A partires de 1719-1720 o número xa tiña baixado a 38 e o descenso sería continuo até o ano 1786 coas 26 relixiosas contabilizadas.

⁷⁹ O debate sobre salubridade tería o seu máximo expoñente nos enterramentos dentro das cidades e igrexas, así a Real Cédula de Carlos III de 3 de abril de 1787 dirixíase para tentar mudar os costumes e crear cemiterios fóra dos núcleos de poboación, cousa que non sería xeralizado até 1833.

O dormitorio barroco é un gran edificio cun excelente aparello pétreo, con baixo, dúas plantas e un faiado⁸⁰ sobre un gran cadrado entre a fachada occidental da igrexa conventual e a fronteira oeste da panda occidental do claustro (dormitorio e refectorio do século XVI). O edificio non está totalmente exento xa que conecta co edificio vello para se comunicar co coro nun gran vestíbulo que organiza a conexión entre coro alto, refectorio e dormitorio.

As fachadas norte e oeste están artelladas a través dunha disposición de amplas xanelas con montantes e verteugas. Na fachada norte catro fiestras (dous abaixo e dous arriba) engaden un gran voladizo de pedra sobre ménsula a xeito de falso balcón e pechado cunha gran reixa. Mentres, na planta baixa, ábrense dúas portas para acceso aos sotos do edificio. Na fachada oeste a distribución de ocos leva a deixar cego en todas as plantas o seu extremo norte, este feito está relacionado coas letrinas. Tamén se dispón unha porta con montante na planta baixa, e dúas xanelas con montantes no primeiro e segundo andar. No extremo do edificio a fachada dinamízase con tres xanelas con falsos balcóns no primeiro piso e catro xanelas con falsos balcóns no segundo andar.

A fachada oriental conta cunha parte conectada ao dormitorio vello e outra exenta, hoxe a o patio interior da cociña nova. Nesta fachada aparecen na segunda planta tres xanelas con falsos balcóns do mesmo tipo que o resto de fachadas, evidenciando aquí tanto estas xanelas como aos do primeiro piso (pequenos ocos cadrangulares) estaban deseñados para o espazo libre interior, sendo engadida a nova cociña que une as dúas edificacións na banda sur.



Fachada oriental do edificio barroco, ao patio da cociña nova, s. XVIII.

⁸⁰ Na segunda metade do século XX sería engadido un piso máis baixo a cuberta.

A fachada sur distribúese con elementos arquitectónicos listos para a súa prolongación nun novo edificio, ou o que é o mesmo, para en caso de necesidade duplicar a capacidade do convento. No perfil que se observa hoxe sucédense na planta baixa os arcos do refectorio e do soto mentres que nas plantas superiores as xanelas agochan escaleiras que finalizan na parede ou corredores de comunicación.

O interior distribúese cun soto en escuadra, rodeando un gran bloque pétreo no que se sitúa o refectorio. O soto conta cunha cadea de arcos de medio punto a excepción do ángulo noroeste no que se instalou un cuarto aillado por muros pétreos e un gran arco rebaixado, posible local das letrinas, deducible pola pequena porta exterior ao xardín e a ubicación de baños nesta esquina nas plantas superiores.

A primeira planta conta co refectorio que fica aillado agás polo ángulo oriental. Este aillamento funciona para evitar molestias no lado occidental do edificio onde estaba instalada a enfermería mentres as tres estancias do lado norte terían a consideración de oficinas. A do ángulo noroeste puido funcionar como letrinas, agora modernizadas, e tamén como comunicación coa planta superior. Entre enfermería e refectorio un corredor en escuadra comunica limpamente todas as estancias desembocando no extremo sur nunhas escaleiras que dan ao xardín a unha cota superior.

Na segunda planta repártense doce estancias distribuídas catro á fachada oeste, cinco á fachada leste e tres na fachada norte, na súa maioría celdas para as relixiosas. De novo na esquina noroeste atopamos baños, seguramente sobre vellas letrinas e unhas escaleiras para comunicar a planta inferior e superior.



Soto do edificio barroco, s. XVIII.



Celda do edificio barroco, co lavadoiro, xanela e armario.



Interior de celda, no edificio barroco, con recercado na porta, e escaleiras de acceso ao baixo cuberta.

O faiado tamén debeu ser organizado para celdas, quizais para as novicias, con varias bufardas para iluminar. Na foto de Pontevedra realizada por Hauser en 1891 é visible como

aínda existía este faiado transformado nunha planta máis seguramente nas obras de rehabilitación da década de 1970.

Poucos elementos ornamentais destacan no edificio. No soto os arcos de medio punto distribuídos nun espazo en escuadra ou os oito arcos rebaixados do refectorio. A cara interior das celdas da segunda planta contan con recercados potentes con orelleiras. Un aspecto interesante o atopamos tamén no interior das celdas. Estas celdas repiten o modelo, a xanela no centro, a un lado o austero armario e ao outro lado un pequeno oco con porta onde está a pía para a limpeza diaria mentres que na parte de abaixo outro oco para a colocación do orinal. O oco do lavadeiro ten como contrapartida na fachada a saída dun canón de pedra para evacuar a auga.

No patio formado entre os edificios novo e vello obsérvase inconclusa a comunicación entre celdas da planta superior e o refectorio da inferior a través dunha estrutura de escaleiras, da que se conservan algunhas pegadas e sobre todo na segunda planta a porta de saída de grandes dimensións (con potente recercado), na primeira planta a porta con características semellantes aínda conserva parte da escadería, hoxe murada, que se unía ao corredor de acceso ao refectorio.



Refectorio do edificio barroco, s. XVIII.

O dormitorio barroco é un edificio que non presenta grandes ornamentos pero que ao mesmo tempo amosa unha imaxe potente, moi academicista. As fachadas norte e oeste coa distribución dos pseudo-balcóns é sumamente orixinal. É posible que a súa inspiración procedese do mesmo convento toda vez que arredor do antigo patio do bosque había “balcóns

de madeira”⁸¹ que serían derrubados en 1869, polo que puideron imitar un modelo que existía xa en Santa Clara.



Xanelas da fachada occidental do edificio barroca en 1960, aínda co beiril de madeira.

A sobriedade das liñas arquitectónicas e a aparición de tipoloxías inéditas ou a presenza de algúns ornamentos como os recercados de orelleiras nas portas das celdas permiten relacionar a construción do edificio coas últimas décadas do século XVIII. Nos alicerces da fachada sur de transición apareceu unha data marcada toscamente, A 1803, que se pode vincular a obras de finalización ou de mantemento nesta parte do edificio.

Asociado a este edificio consérvanse varios paramentos con gravuras de monteas. No muro exterior da igrexa unha sucesión de arcos de medio punto e a súas doelas terían ligazóns co soto do dormitorio barroco. Nas fachadas norte e oeste tamén aparecen monteas deseñando arcos quizais de novo ensaios para o soto ou para os corredores das plantas superiores.

⁸¹ AMP, Sampedro, 18-4. “asi como los balcones de madera que existen en el patio los cuales se hallan en malisimo estado”, 21 de decembre de 1869.

A clausura baixo as políticas liberais

As guerras napoleónicas marcarían profundos cambios políticos e sociais que afectarían ao convento de Santa Clara ao longo do século XIX.

A invasión do exército francés en Galicia repercutiría dun xeito diferente ás ameazas anteriores, durante a guerra de Sucesión en 1702, refuxiadas no mosteiro de San Pedro de Tenorio, ou como a invasión inglesa de Lord Cobham en 1719 sobre as rías de Vigo e Pontevedra que provocaría a fuxida das monxas a Santiago de Compostela, ao colexio de Orfas.

A invasión napoleónica en 1808 provocaría desta vez que as monxas marchasen ás casas dos familiares xa que non había sitio seguro en Galicia perante a chegada dos máis de 20.000 franceses baixo o mando do xeneral Soult. Entre os días 7 e 8 de xuño de 1809 a derrota do xeneral Ney en Pontesampaio diante do coronel Pablo Morillo liberaría a rexión. A extraordinaria victoria de Morillo faría que entregase como ofrenda a bandeira do rexemento provincial na igrexa de Santa Clara de Pontevedra. En setembro de 1809 as monxas retornaban ao convento.

Santa Clara contribuiría á guerra entregando parte da prata que atesouraba no convento en 1811 tal e como informaba a abadesa no inventario que se fai en 1836⁸².

Nestes anos é perceptible cambios no convento, probablemente na mentalidade relixiosa, visible no descenso das vocacións na clausura, como tamén a relación co convento e deste coa xurisdicción arcebispal.

A documentación diocesana⁸³ aporta un gran volume de informes médicos nos rexistros conservados. A enfermidade estase a tratar dun xeito diferente que no pasado e a realización de certos tratamentos médicos obrigaba á romper a clausura. Isto ten que ver moito coa popularización das “aguas” como remedio a moitas enfermidades desde mediados do século XVIII. Así para moitas afeccións a recomendación era ir a “tomar as augas” para o que era preciso a autorización da sede compostelá. Nalgún caso a monxa enferma recomendaba outros remedios a suxerencia do médico, sobre todo tendo en conta os gastos que para o convento podería derivarse desa recuperación en instalacións termais⁸⁴. Remedios que podían combinar a medicación xunto cun paseo a cabalo fóra da clausura do convento.

⁸² AHDPo, GA. 36038, 1836. “*Tres calices de plata de un tamaño regular y de buen uso. Un Yncensario delo mismo con su cadena de idem. Una Nabecilla de idem para el incienso con su cucharita de lo mismo. Y dos Copones del propio metal el uno mayor que otro. Que son los unicos efectos y alajas pertenecientes al referido combento y que puso de manifiesto la madre Abadesa del mismo asegurando no haver otros alguno, pues aunque en otros tiempos posehia la Comunidad algunas alajas de oro y plata de alguna consideración, se desprendio de ellas en venta en el año pasado de mil ochocientos ocho, con objeto de entregar segun efectivamente hizo entrega de Cierta cantidad de rrs para ayuda de soportar los gastos de la Guerra de independencia contra las Tropas de Napoleon: Que nunca tubieron ni ecsiste Libro alguno de anotacion de alajas de oro y plata en atencion a que siempre estubo encargada de ellas la Comunidad, a la manera que lo esta actualmente, ni que por lo tanto lo necesiten: Que no tienen cantidad alguna de dinero en deposito respecto a que apenas alcanzan los productos de las rentas para sostenerse la Comunidad segun es notorio. En cuya virtud buelto a recoger para la misma madre Abadesa las referidas alajas, se le hizo cargo de ellas para su presentacion siempre y cuando le fuese mandado, segun asi lo ofrece cumplir y con lo que se hubo por concluido este acto y diligencia que firma el comisionada con el Regidor, Capellan y Madre Abadesa, de que yo doy fe.*”

⁸³ AHDS, Comunidades Relixiosas, 396, 1752-1915.

⁸⁴ Probablemente nos balnearios de Cuntis ou de Pontecaldelas

A composición social de Santa Clara é diferente, a aristocracia da paso a unha maioría de familias da burguesía de Pontevedra e os seu arredores pero a medida que as políticas liberais afecten á vella economía baseada en censos, a composición social será moito máis dispersa.

Hai casos de entrada forzosa, que non debía ser excepcional aínda que sí as mesmas circunstancias. Sería a entrada en 1801 como monxa de Benita Correa, viúva de Manuel José Suárez, señor da casa de Nogueira. Sería o seu cuñado, Francisco Suárez de Temes, cóengo da catedral de Lugo, o que forzaría a súa entrada no convento de Santa Clara argumentando *“por el abandono con que procede en el manejo de los bienes y cuidado de sus hijos doy orden al juez ordinario para que trasladen con decencia y sin estrepito al convento de Santa Clara donde sea asistida con alimentos segun estado y circunstancias”*⁸⁵. A situación aquí lígase co poder político e social de Francisco Suárez de Temes e que a súa solución sexa “relixiosa” antes que médica. Aquí podemos sospeitar dunha mala acción por parte do cóengo de Lugo, quen se faría cargo dos seus sobriños como curador, xestionando as todas as propiedades do irmán falecido. En 1805 Benita Correa Sarmiento reclamaría⁸⁶ a dote do seu matrimonio, 4.000 ducados, que negaba Francisco Suárez por entender que formaba parte da curadoría dos seus sobriños. A audiencia da Coruña recoñecería ese dereito ao que tiña Benita Correa, e ante o incumprimento de Francisco Suárez, voltaría a reclamar a unha instancia superior, a Real Chancillería de Valladolid en 1805 da da a súa situación de viúva e pobre. Pese ao intento do cóengo de Lugo, a entrada de Benita Correa non debeu de se producir en Santa Clara, perante as apelacións á xustiza e a súa residencia en Chantada en 1806, pero sí é un caso que reflectiría unha realidade dramática contra a muller.

As obras de conservación

O século XIX vai ser un século traumático para Santa Clara. As obras non están planificadas para a mellora das condicións da comunidade, os vello convento precisa de restuaración e os problemas son detectados desde as primeiras décadas do século XIX.

Na visita de 1830 para a elección da abadesa sor Rita García, o vicario recoñecería a clausura: *“que al efecto le franquearon la puerta Reglar, fue reconociendo el transito de dicha puerta, el paso al Corredor, y de este al Coro alto, en donde unidas todas las Religiosas las exhorto a la paz, union y Caridad con que debian amarse y sufrirse mutuamente: Concluida la platica recibieron la vendicion; y SS visito el Mirador, Locutorios, Celdas, oficinas, y todo lo que Circunda la Clausura...”*⁸⁷, palabras habituais cando se percorría os edificios conventuais.

Máis interesante sería cando despois da elección da nova abadesa, sor Faustina Fernández, o visitador Ventura Vega y Rodríguez exhorta a comunidade e abadesa a cumprir unha serie de puntos, salientando o número 7 sobre as obras a realizar: *“7º Habiendo observado SS e informado en la Visita de Clausura las mejoras, perfectos y reparos, que la R.- M. Abadesa y Venerable Comunidad han echo para la mejor conservacion del*

⁸⁵ AHDS, Comunidades Relixiosas, 396, 31 de agosto de 1801.

⁸⁶ ARCV, Pleitos civiles, Pérez Alonso (F), c. 3776, 4. “Pleito de Benita Correa Salgado, de Santa Eulalia de Piedrafita (Lugo) Francisco Suárez de Temes, de Lugo Sobre Devolución a Benita Correa Salgado de los 4.000 ducados que llevó como dote al matrimonio con José Manuel Suárez de Temes hermano de Francisco Suárez de Temes, el cual los retenía con el pretexto de ser el curador de sus hijos”.

⁸⁷ AHDS, Comunidades Relixiosas, 396.

*Monasterio y Casa de su habitacion y retiro, les da las mas espresivas gracias y alaba el esmero con que procuran el sosten y comodidad del Convento: por tanto, espera del religioso Celo de la R M abadesa y Comunidad, Continuen en el mejor bien y adelantamiento de las obras, dando principio en la Yglesia y Casa del Señor por el blanco y algunas pequeñas llomas que necesita; igualmente Cuiden de evitar **el peligro que amenaza el tramo del primitivo Convento**, bien sea reparandolo, o desaciendolo; asi mismo fortificando las Bentanas de las oficinas bajas que estan al medio dia con rejas de hierro, para mejor seguridad y descanso de las Religiosas: por ultima encarga particularmente a toda la Venerable Comunidad tenga siempre en Consideracion **el transito o paso al Mirador** a fin de que cuanto antes, y aun acosta de Cualquier sacrificio se proporcione otra entrada o paso para dicho Mirador, y no por el medio del coro alto como al presente se halla”.*

O mal estado do “tramo do primitivo convento”, unha referencia tanto á panda sur do claustro como aos edificios arredor do patio do bosque. Aínda que fose advertido en 1830 este problema o mesmo perduraría ao longo do século XIX.



Bosque co pozo e a panda oriental do claustro.

As políticas hixiénico-sanitarias se estaban a impoñer no país, as epidemias de cólera como a de 1833 acelerarían o proceso sobre todo no traslado dos enterramentos a cemiterios fóra das cidades. En Santa Clara os enterros producíanse tanto dentro como no claustro pero tamén en lugares como o Bosque, no que arredor da súa capela seica era camposanto de antigo. A orde gubernamental sinalaba a granxa de Porras como lugar de enterramento para

Santa Clara pero a abadesa solicitaría en 1834 que fose na capela do Bosque toda vez que era un espazo aberto e aireado⁸⁸. O informe da comisión de Sanidade sería favorable, soterrando as monxas neste lugar até que 1899 fiquen preparado un espazo xunto o muro do vello edificio, na panda oriental da claustro.

A desamortización de 1836 aínda que non exclaustrase ás monxas de Santa Clara sí que lle afectaba nos ingresos que tiñan historicamente a través de censos. Isto provocaría que se solicitase do Estado subvencións segundo as partidas que existían para a restauración de conventos.

Un pedazo de muralla caería en 1837, solicitando a abadesa a súa reparación para protexer a clausura⁸⁹. Nos anos 1838 e 1839 o convento realizaría retellos polo carpinteiro Agustín González, mentres que Domingo Villaverde tería que reapar os tellados en diferentes partes do convento como consecuencia dos temporais que chegaron a levantar boa parte dos voadizos do mosteiro⁹⁰.

O Intendente de Rentas da provincia tramitaría en 1842 o orzamento para realizar obras no convento segundo se veía o seu mal estado de conservación: *“he dispuesto que el Arquitecto D. José García Limeses procediese á formar el presupuesto de la obras indispensables en el edificio de dicho convento, y habiendo verificado lo incluyo a V. S. a fin de que si lo encuentre arreglado se sirva disponer su aprovacion, nuevamente son de rigurosa necesidad que aquel comprende, por conservar en regular estado el indicado edificio”*⁹¹. As obras serían realizadas polo mestre José Benito Abal. Nos anos seguintes as reparacións continuarían.

As intervencións de 1842 a 1847 consistían en evitar as pingueiras nos diferentes edificios pero non deter o proceso de ruina no que estaba sumido o convento. En 1857 voltaría a sinalizar os mesmos males do convento, desta vez coa aprobación do goberno da raíña Isabel II para pagar o orzamento de obras. O arquitecto Domingo Lareo realizaría o recoñecemento dos edificios de Santa Clara e as obras necesarias para a súa rehabilitación:

“Del reconocimiento practicado de las obras de urgente reparacion que reclama el estado de deterioro en que en general se encuentra el Convento de Monjas de Santa Clara de esta Ciudad de Pontevedra, concretado el reconocimiento á solo las dos terceras partes del Edificio que es lo que proximamente ocupan las monjas actualmente resulta que en obras de mamposteria y Albañileria es de la mayor necesidad.

1º Cerrar con pared la parte Sur de la segunda porteria de transito a las piezas bajas, claustro y escalera principal, dejandole un vano de puerta de comunicacion con la parte del Edificio arruinado.

⁸⁸ AHDPO, caixa 41/16, “... cimiterio antiguo en el claustro exterior y ademas un local larguisimo con su capilla en el Bosque...”, “...claustro abierto con su gran patio, a donde había una capilla en la que espuso estaban sepultadas e indicó aquella a este que su intencion era de que las religiosas de este convento fuesen sepultadas en ella...”, “que en la puerta de la capilla se forme una reja de balaustre para su mayor ventilacion, quedando privados los enterramientos en el coro bajo de la Yglesia, yque solo las religiosas seran sepultadas en la capilla del claustro con exclusion de las seglares y criadas de todas clase...”, “... claustro abierto con su gran patio y en donde descansan los restos venerados de las fundadoras de este combeno...”, “... que por ningún pretesto se hagan enterramientos en el coro bajo de la Yglesia, como tambien de que a los cadaveres de las seglares y criadas de todas clases no se de sepultura en aquella capilla, sino en el campo santo...”.

⁸⁹ AHPPo, Facenda, c. 7486 (3).

⁹⁰ AHPPo, Facenda, c. 7485 (5). Expedientes de obras do convento de Santa Clara.

⁹¹ AHPPo, facenda, leg. 7487(1). 17 de outubro de 1842.

2° Reconstruir diez y seis y medio metros cubicos de pared de manposteria en la parte baja de la Torre de las Campanas y en el esquinaleste del Convento.

3° Rebozar de recebo y cal de llana ochenta y seis metros cuadrados de paredes en diferentes puntos.

4° Añadir tres metros de altura, fabrica de perpiaño, al cañon de la chimenea principal subiendo al mismo tiempo sus puentes para que desahume.

Y 5° Dar los enlucidos a mas de la mitad de las paredes y divisiones de las Celdas y Crujias.

En Carpinteria.

1° Hacer cuatrocientos cincuenta y seis metrios superficiales de piso, madera de castaño, los ciento y treinta, con tablado y cuarterones para la sala que cubre la segunda porteria y su techo, ciento veintiocho, con la mitad de los cuarterones, en la sala y transito que precede al Locutorio del Capitulo ciento veinticuatro, de solo tablazon en el transito que antecede a la Crujia del Noviciado, y parte de su Techo; y los setenta y cuatro tambien al tablado y algun otro cuarto en remontas y reparos de diferentes puntos.

2° Cubrir con tablilla de pino ciento veinte metros cuadrados de piso de tres celdas cuyas maderas aunque estan comidas por la parte superior se hallan de servicio.

3° Hacer tres tramos de escaleras, uno de diez peldaños para servicio del Coro y Dormitorios otro de siete pasos para ingreso del Noviciado, y otro de cinco, del corredor inmediato a la escalera de la Torre.

4° Hacer treinta y cinco pares de hojas lisas de madera de Castaño, con herrajes y pintura para igual numero del Claustro superior y luces del cuerpo del Noviciado. Ydem diez y nueve pares de bastidores de vidriera, herrajes, vidrios y pintura para reemplazar los de los vanos que dan luz a las celdas, que se hallan inutilizados, y la reparacion de siete pares de bastidores de otras tantas ventanas.

5° Reemplazar con nuevas puertas de madera las de algunos vanos por hallarse las actuales enteramente inutil de dos hojas para la Bodega que tiene salida a la huerta, dos para la crujia de la parte baja inmediata a la segunda porteria y dos para el corredor del Noviciado, reparar de maderas y herrajes otras siete puertas de Celdas y pintar al oleo las puertas exteriores de Locutorio, Bodega, y la que da paso a la huerta a fin de Precaber el mayor deterioro de las maderas.

6° Componer nueve rejas de hierro, con nuevas barras, aseguradas con emplomaduras y pintarlas asi como las demas que estan de servicio con pintura al oleo.

7° Rematar con maderas nuevas ciento sesenta y seis metros cuadrados del armadura de tejado y reparar el de todo el convento.

8° Hacer treinta y seis metros y medio de division de taviague para interceptar la comunicacion de la parte descubierta del Edificio arruinado al al desembarco de la escalera de la porteria.

Y 9° El Mirador que tiene enteramente arruinado el piso y la armadura del tejado, al reconstruirlo debera reducirse a la mitad de su estension por ser demasiado grande el actual y economizarse mas de la mitad del coste que tendria su total reconstruccion. Para la reduccion y reforma que se proponen podran aprovecharse casi una mitad de las maderas de los pisos y armadura del Tejado y solo se presupuesta la otra mitad de las maderas nuevas, una division de Tabique de veintinueve meytros cuadrados, para cerrar el frente que dice a

Oeste, tres rejas celosias de madera, la composicion de otras seis, la pintura al oleo de todas ellas, y la reconstrucción de la escalera de madera en un tramo del mismo mirador.

En la Casa que habita el P. Capellan de las monjas, pertenecientes y aneja al Convento, hay que remontar con tablazon nueva de Castaño todo el piso principal, del que solo estan utiles las vigas y cuarterones; y con las pocas tablas que podran aprovecharse del piso actual se repara el de desban que tambien se encuentra deteriorado y en parte ruinoso. Hacer veintidos metros cuadrado de divisiones en sustitucion de las actuales inutils, componer uno de los bastidores vidriera y cuatro hojas de contraventanas, dar una mano de pintura a oleo a las puertas exteriores y markeados de vidrieras, reparar la armadura del tejado, hacer su alero con madera nueva por cuanto está inutil la que tiene y tapear de piedra y recebo la pared de la fachada posterior que dice a la parte de la huerta.

Presupuesto

... La construccion de tres metros de canon de la chimenea de la cocina principal, para darle mas altura y subir sus puentes⁹².



Tellados de Santa Clara desde o campanario.

O orzamento para esta obra sumaría 28.216 reais, o 25 de maio de 1857. As obras de reparación sucederíanse nos anos seguintes no convento de Santa Clara, sobre todo con tellas, vidros e encalados⁹³, polo menos até 1863, en conxunto obras que parecían que non atallaban os problemas estruturales de boa parte do mosteiro.

⁹² AHDS, Comunidades Relixiosas, 396, Santa Clara de Pontevedra. 1857-1884.

⁹³ AHDS, Comunidades Reixiosas, 396 A, Contas de Santa Clara, 1858-1866.

En 1861 darase conta dos arranxos nos canos de auga que abastecían a Santa Clara desde uns séculos atrás. Eran os canos que pasaban polas herdades de Quintáns e Refoxos. Esta canalización de auga ao convento era un dos tesouros de Santa Clara e cuxa orixe debía ser semellante a de San Francisco de Pontevedra, no século XVI. No arquivo do convento gardábase (hoxe perdido) o apeo das fontes e canais por onde viña a auga realizado en 1695 toda vez a complexidade da obra e o súa servidume por fincas alleas ás monxas (*“Apeo por ante Gayoso de los nacimientos arcatruces, caños por donde viene el agua para este Convento del año de 1695”*, Inventario de 1868). Precisamente en 1724 as monxas terían que preitear contra o matrimonio formado por Gonzalo Sandianes y Luna e María Antonia de Pintos Valladares, por ter estragado as canalizacións que conducían a auga da fonte propiedade de Santa Clara até o mesmo convento *“desde larga distancia a su costa y expensas desde mucho años y principio de la fabrica del convento y satisfecho a los dueños y poseedores de los territorios por donde se condujo su ymporte”*⁹⁴. Algúns propietarios adicáranse a chantar árbores que cos anos rachaban cos canos de pedra, así as monxas tiñan que volver a facer “conductos e arquetas”, ao chegar á finca de Gonzalo e María Antonia no que se tiña que facer dúas arquetas, María Antonia Pintos ameazaría aos mestres e oficiais de canteiría que alí estaban. As monxas presentarían querella perante a Real Audiencia *“para la mejor conducta del agua y fuente que tiene dicho convento desde ynmemorial tiempo a esta parte para se trae en la que esta en su goze y posesion conduzirla por los caños antiguos encañada para su abasto y elentarla dentro de las murallas de la güerta de el desde la fundacion de dicho convento ynmemorial”*. Os gastos que fixeron as monxas para reparar os canos chegaría aos 24.000 reais, unha obra importante que viña desde a fonte en Marcón que tiña o convento e que mantería a Santa Clara abastecida de auga até o século XX.

A revolución de setembro

A revolución liberal de setembro de 1868 provocaría cambios importantes en Santa Clara nas décadas seguintes.

A revolución de Setembro de 1868, a Gloriosa, que derrocaría a raíña Isabel II, emitiría unha orde que afectaba aos conventos con menos de 12 profesos, con excepción daqueles que fixeran algunha labor social.

O convento de Santa Clara de Pontevedra só contaba con 7 monxas e ficaría afectado co decreto. O destino das clarisas sería outro convento semellante e cercano que no caso de Pontevedra só podía ser o mosteiro da Concepción de Tui.

Este traslado non estaba tan claro para o gobernador civil da provincia, Eduardo Gasset, que expresa ao arcebispo de Compostela, Miguel García Cuesta, as súas dúbidas sobre o idóneo e incluso manifestando que era mellor na outra dirección, que as de Tui fosen trasladadas a Pontevedra que era a capital e que o convento exercía unha labor moi importante ao só existir na cidade dúas parroquias⁹⁵.

Malia os apoios nada evitaría a mudanza e en decembro de 1868 as sete clarisas de Pontevedra cargarían coas cousas imprescindibles para facer o camiño até Tui.

⁹⁴ ARG, Conventos, c. 1567-9. 1724.

⁹⁵ AHDS, Comunidades Relixiosas, 396, 18 de novembro de 1868.

En Tui serían recibidas con grandes festexos entrando no mosteiro da Concepción, coñecidas popularmente como as Encerradas. A pesares de estar no mesmo convento as dúas comunidades manteríanse independentes, só xuntándose para o refectorio ou para o coro.

A supresión do convento de Santa Clara viña aparellada co inventario dos bens mobles e inmobles, unha información recollida o 5 de decembro de 1868, logo da marcha das monxas. O valor deste inventario é extraordinario (anexo documental) xa que mostra os espazos e bens que conservaba o mosteiro até 1868 e tamén o seu estado de conservación que se vería reflectido pola ruina dunha parte dos edificios en 1869.

Hospicio

O convento ficaba baleiro mentres esperaba un destino como edificio público. Este presentárase en maio de 1869 cando o hospicio de Pontevedra, instalado no vello convento de San Domingos, precisaba o seu traslado por mor do estado da ameaza de ruina do edificio: *“la urgente necesidad de trasladar á otro local los seres desvalidos alvergados en el Hospicio por hallarse el edificio hoy destinado al efecto en estado en unos puntos de próxima y en otros de inminente ruina segun informe escrito y verbal del Arquitecto municipal y no existiendo en toda la población local alguno ni del Estado ni de particular que pueda servir al espresado objeto, he dispuesto que bajo mi responsabilidad y dando cuenta de esta determinación al Poder Ejecutivo, se facilite al Ayuntamiento el Exconvento de monjas de Santa Clara”*⁹⁶.

Santa Clara pertencente á Facenda serviría de aloxamento provisional ao Hospicio da provincia en xullo de 1869. A atención aos orfos estaba a cargo da “Asociación benéfica de Señoritas de Pontevedra”, presidida neses anos por Francisca Santa Marta.

Ao ano seguinte prantexárase a proposta de que Santa Clara fose Hospital, Hospicio e Maternidade de Pontevedra, toda vez das dificultades de atopar outro emprazamento. O 23 de abril de 1870 a proposta mudaría presentando a idea de facer o Hospital en San Domingos e o Hospicio e Maternidade en Santa Clara. Malia estas intencións o estado de conservación destes edificios non convidaba a adoptalos para eses usos, non sendo así o mosteiro de Santa Clara solicitado e utilizado oficialmente, feito que facilitaría a volta das monxas en 1875.

A ruina do mosteiro

Ao longo do século XIX era advertido en diferentes informes a ameaza de ruina de parte das edificacións de Santa Clara. A partir do seu uso como Hospicio a ruina faríase presente, concretamente na noite do 16 de decembro de 1869: *“En la noche del día de Ayer se ha desmoronado una parte del edificio viejo de Santa Clara que está junto al Bosque del mismo. Estando en el la casa hospicio, y estando en el caso de velar por la seguridad de sus acojidos en este establecimiento, ruego a V. tenga a bien disponer que el Arquitecto de la Ciudad pase a reconocer el tramo donde tuvo lugar el rompimiento y adoptar todas las medidas de precaucion que crea necesarias”*.

O servizo facultativo de obras do concello de Pontevedra respondería cunha inspección, deixando clara a necesidade de derrubar boa parte da panda oriental, xunto ao bosque, por representar un perigo á seguridade das persoas: *“Recibido de oficio fecha 18 del*

⁹⁶ AMP, Sampedro, 18/4, “Expediente de traslación de los hospicianos al Convento de Santa Clara por hallarse el que ocupan de Santo Domingo en estado de inminente ruina. 1869”.

presente en el que traslada el de la S^a Presidenta del Hospicio, devo manifestarles que habiendo reconocido la parte arruinada y el estado de la que le sigue, no cabe reparacion alguna y si el derribo inmediato de todo aquel departamento, el cual podría hacerse á cuenta de los materiales. Ademas de lo espuesto seria mui conveniente que se bajase la chimenea del Claustro contiguo al del hundimiento por hallarse algo desplomada y tener mucha altura, asi como los balcones de madera que existen en el patio los cuales se hallan en malisimo estado, evitando de este modo las desgracias que podrian originarse. Dios guarde a V.S. muchos años. Pontevedra 21 de diciembre 1869. Ricardo de Aróstegui.”⁹⁷

Nestes momentos sería limpadado o terreo e boa parte dos materiais vendidos en subasta en 1870⁹⁸, impediendo así coñecer a través dos materiais da ruina o núcleo primitivo do convento. É probable que esta ruina da área do Bosque afectase á capela, sendo a actual unha reconstrucción, xa que no inventario enténdese que a capela do Bosque ficaba no “centro do patio”.



Zona de ruina en 1869 e reconstruída a partir de 1875.

O proxecto do arcebispo Miguel Payá y Rico

O arcebispo de Compostela, Miguel Payá y Rico (1874-1886), traballaría para que a comunidade de clarisas retornase a Pontevedra logo da súa supresión en 1868. En realidade máis que esforzo do arcebispo sería o cambio político coa Restauración borbónica a que

⁹⁷ AMP, Sampedro, 18/4.

⁹⁸ AHPPo, Leg. 10(47) 1870. “Expediente de subasta de varios materiales sobrantes de la parte arruinada del exconvento de Santa Clara de esta ciudad”.

facilitaría esta volta. O Real Decreto de 9 de xaneiro de 1875 restituía á igrexa aqueles bens que non tiñan uso público. No caso de Santa Clara de Pontevedra pasara unha etapa como hospicio a partires de xullo de 1869, pero o seu estado ruinoso levaría a que o proxecto non se consolidase. As sete monxas entrarían de novo en Pontevedra en outubro de 1875 sendo abadesa sor María Concepción de San José.

Para as monxas a situación era comprometida. Non era exactamente unha volta feliz (Iglesias 2002, 62) xa que o estado lamentable no que se atopaban os edificios atopábanse sen recursos económicos para se manter. En Santa Clara tamén atoparía outro feito, a venta que se fixera en 1870 das casas do capelán, sacristán e demandadeira e que supuñan outra carga económica ao ter que procurar vivendas para estes servizos do convento, chegando a solicitar do ministerio o apoio económico: *“Excmo. Sr. Ministro de Gracia y Justicia. Excmo. Sr. Sor Superior de la Comunidad de Monjas Claras de la Ciudad de Pontevedra, por sí y á nombre de toda la Comunidad a V.E. con la debida consideración expone: Que hace algunos años y en virtud de las Leyes de desamortización fueron vendidas todas las rentas y bienes que este convento poseía sin exceptuarse de ella mas que la casa en que habitaba el capellan de la comunidad con otras dos unidas destinadas al sacristán y demandadero por considerarlas indispensables al convento. Habiendo sido trasladada esta comunidad al convento de San Francisco de Tuy, por consecuencia de la revolucion de Setiembre, se instaló en el de Pontevedra la casa hospicio é Ynclusa provincial que ocuparon hasta que se restableció nuevamente en ella la comunidad, pero cual no seria la dolorosa sorpresa de xxx á V.E. recurre al ver que no solo se haian vendido la casa del capellan sino tambien las otras dos del Sacristan y demandadero. Para aumentar lo precario y aflictivo de esta situacion el sueldo del Capellan que era de seis reales diarios se reducen por ignorada causa á la mitad y au esta mitad mermada por el descuento de un 15 por 100, viendose por lo tanto esta comunidad precisada á proponer a uno y otros a qualquier recursos para que pudiesen subsistir; cuando aun por atender las primeras necesidades de este convento se veia la que dice en compromisos grandes que solo el buen corazon de los Prelados y personas caritativas pudieron salvar. Hoy merced al poderoso valimiento de V.E. el capellan cobra ya el sueldo que le estaba asignado, pero teniendo que pagar casa lo mismo que el demandadero y sacristán”*⁹⁹.

O arcebispo mercaría as vellas casas do capelán, do sacristán e a demandadeira para crear un proxecto residencial pero tamén procurar a rehabilitación dun convento que ficara moi maltreito. As obras comezarían en 1875 e continuarían co cardeal-arcebispo José María Martín de Herrera até 1916.

O mestre de obras Faustino Florez Llamas iniciaría no verán de 1876 un proxecto que consistía en: *“El retejo del edificio, la variacion en la puerta reglar y torno, las habitaciones destinadas al Capellan, demandadera y sacristán, las cocheras que V.E. me indicó, todo con arreglo a lo que el mismo convento convinimos asciende a la cantidad poco mas o menos de veinte mil pesetas lo que indico á V.E. anticipadamente para que sepa donde vamos a parar”*¹⁰⁰.

O elevado orzamento levaría ao arcebispo a sinalar que o proxecto se fixera por etapas, comezando pola “porta Reglar”, o que se entende pola área da portería, que crearía un

⁹⁹ AMP, Fondo José Casal y Lois, Convento de Santa Clara, 1870-1912.

¹⁰⁰ AHDS, Comunidades Relixiosas, 396. 1876.

gran vestíbulo de acceso ao torno e aos locutorios superiores. No inventario de 1868 enténdese a existencia de dous locutorios baixos e dous altos, servindo os dous baixos como novo acceso á portería e casas do arcebispo, do capelán, sacristán e demandadeira.

Seguramente a través destas obras provocaríase o recrecemento de toda a finca de Santa Clara, case medio metro máis sobre o terreo orixinal, visible nos sondeos segundo se puido ver pola tipoloxía do recheo.

O cardeal Martín Herrera faría visita ao convento en 1890, confirmando o proxecto do seu antecesor. É interesante como nesta visita o arcebispo sinalaba, entre outras cousas, que as xornaleiras que traballasen no convento só fosen á horta, e que nin falasen con elas nin comesen no interior do convento (horta e edificios) en todo o tempo que traballasen na horta¹⁰¹ o que facía retornar a Santa Clara á tempos post tridentinos.

Pazo e escola

O proxecto do arcebispo Miguel Payá y Rico contemplaría non só melloras nas condicións do convento ou construción de novas casas para capelán, sancristá e demandadeira, senón e tamén unha residencia temporal para os arcebispos en Pontevedra que sería coñecida como “Palacio de Santa Clara”.



Santa Clara e pazo do arcebispo, ca. 1900. AMP.


A continuidade destas obras por parte do cardeal Martín Herrera e o mesmo uso que lle vai dar completaría as novas funcionalidades de Santa Clara. No ano 1900 o arcebispo visitaría Pontevedra aloxándose no pazo de Santa Clara, tal e como sinalaban os xornais: “*El Sr. Arzobispo. Todas las autoridades, en sus distintos ordenes, se despidieron ayer, en el palacio de Santa Clara, de nuestro Emmo. Prelado el señor Martin de Herrera*”, “*En el carruaje del Sr. Marqués de Riostra, tomaron asiento con S. E. el Gobernador civil, Coronel*

¹⁰¹ AHDS, Comunidades Relixiosas, 396 A. 1890.

de la zona y presidente de la Diputación. Seguidamente recibió nuestro ilustre Prelado la visita del clero, en su palacio de Santa Clara” (El Áncora, diario católico de Pontevedra, 7/08/1900).



Salón da escola, 1875, panda oriental do claustro.



Vista de Pontevedra por Hauser e Menel, 1891.

O edificio mostra unhas formas sinxelas, académicas, propias dos modelos burgueses das últimas décadas do século XIX. A fachada é marcadamente horizontal ao se edificar sobre a parcela do convento en paralelo á rúa, probablemente asumindo as vellas casas de servizo de Santa Clara e a horta do capelán. O eixo ben trazado no centro polo portón de entrada (con arco escarzano), tres xanelas a cada lado na planta baixa, mentres na planta superior sete xanelas balcaneiras dispoñense en simetría. As tres xanelas centrais desta planta teñen balcón corrido de moldura sinxela acompañados de varandas de ferro forxado con catro varais con remates suxeitos á parede para a colocación dun toldo. Esta sería a parte nobre do edificio, habitacións correspondentes ao arcebispo. Sobre o tellado faríase bufarda de pedra, con tres xanelas que seguen a súa correspondencia coa planta inferior. A fachada conta con recercados planos nos ocos que combinaban co encalado dos panos intermedios, encalado que tamén afectaba ás medianeiras tal e como se apreza polas fotografías de Francisco Zagala a comezos do século XX.

Xunto co pazo vai xurdir en 1875 a escola, autorizada polo arcebispo Miguel Payá y Rico que lles confiaría a misión da ensinanza. Este colexio tiña un fin benéfico, para nenas pobres, o que supoñía a ensinanza gratuita de 70 rapazas¹⁰². Para o fin educativo destinábase un espazo na panda oriental do claustro, recién construído polo arcebispo Payá y Rico, de máis de 130 m² sobre parte da ruína do convento. Na metade da sala cruza dunha parede a outra un arco de descarga, seguindo a liña da antiga parede conventual. Cara o sur abre tres ocos, dúas xanelas e unha porta na súa primeira metade e dúas xanelas na segunda metade do edificio. A parte máis occidental (que abre porta ao claustro) daría a un patio interior para iluminar a aula e servir de patio de xogos. A fachada desta parte é máis coidada, con recercados planos nos vans que contrastarían cos panos encalados da parede. A escola tiña

¹⁰² AHDS, Comunidades Religiosas, 396A. Santa Clara de Pontevedra.

comunicación directa a través dunha porta no vestíbulo ou portería da convento, porta con recercado plano e montante.

Probablemente a idea da escola serviría de axuda económica para o convento (a través de subvencións do Estado) e como actividade benéfica para evitar que o drama de 1868 puidera volver nun futuro cando nin contaban con monxas suficientes nin a súa actividade era de interese público.

A fin da clausura

Ao longo do século XX o convento de Santa Clara de Pontevedra manteríase entre rehabilitacións e obras nas fábricas do mosteiro que sufrirían cambios nos materiais empregados e unha existencia por veces complicada dada a escaseza de recursos económicos para se manter. O apoio de moitas veciñas e veciños ás monxas permitiría a súa supervivencia ao longo de varias décadas. Deste xeito non é extraño atopar aínda no convento restos das caixas do leite en pó ou os botes de manteiga procedentes do Plan Marshal (1961).

A cidade de Pontevedra sería declarada Conxunto histórico-artístico en 23 de febreiro de 1951 (Gaceta 7/03/1951), pero ao contrario do que acontecía noutros lugares no decreto declaración non se contemplaría a protección do convento de Santa Clara como parte integrante do urbanismo histórico de Pontevedra. Aínda o mosteiro recibiría a atención da administración e sobre todo da Comisión Provincial de Monumentos para a rehabilitación da igrexa ou mesmo dos edificios do propio convento en atención á pobreza da comunidade relixiosa.

A limpeza da fachada e o seu encintado, en referencia á igrexa, sería orzamentada en 1951 en 630 pesetas¹⁰³.




Refectorio, s. XVI, sollado de formigón das obras de 1959.

¹⁰³ AMP, Comisión Provincial de Monumentos, 23/03/1951.

A abadesa, sor María Teresa Sáenz, solicitaría a realización de obras no convento en 1959, pedindo a subvención das mesmas en atención á súa pobreza. A abadesa describía os problemas do mosteiro co mal estado das traves, tabiques, sollados e faiado consecuencia dunha invasión de termitas, ameazando coa ruina boa parte do edificio. As obras estarían financiadas a cargo da “Obra Social del Movimiento” e do Concello de Pontevedra cuxa alcaldía ostentaba José Filgueira Valverde. As obras concentraríanse na panda oeste do claustro, onde sería posto o sollado (formigón), faiado e divisións de tabiques nun tramo do corredor e celdas das monxas máis o branqueo das mesmas, o orzamento era de 171.419’99 pesetas. O tramo debeu coincidir coa zona do vello refectorio do século XVI, onde comprobamos o uso de formigón. O técnico encargado da obra sería Juan Argentí Navajas, quen deixaría un interesante fondo fotográfico de Santa Clara nestes anos. Rematadas as obras, como as mesmas estaban subvencionadas polo fondo social, o convento debía deixar nun lugar visible a placa cos símbolos do movemento¹⁰⁴.

Ao ano seguinte, levaríanse a cabo novas obras, a petición tamén da abadesa por mor dos estragos causados por un temporal xa que caíra unha parte da muralla da horta. As obras serían dirixidas por Emilio Quiroga, certificando o 18 de outubro de 1960 que se tiña reparado a muralla, os tellados do mosteiro, xanelas e paredes interiores da igrexa, sumando os gastos 19.600 pesetas¹⁰⁵.

A comisión provincial de monumentos, 31 decembro de 1960, emprendería de novo obras en Santa clara de Pontevedra: “*Así mismo se toman en consideración las realizadas también en la iglesia del convento de Santa Clara, en esta capital, consistentes en desencalar todo el interior, limpieza del suntuoso retablo y la restauración de los ventanales ojivales de la nave y acabados por completo las de la calle, que dejan se determinada la separación convenientemente de estos con la iglesia*”¹⁰⁶. As obras serían realizadas en 1961 afectando ao desencalado das paredes, a reparación dos coros alto e baixo e a colocación dunha claraboia, todo cun orzamento de 15.000 pesetas¹⁰⁷.



Plano das obras de 1960 sobre o adro de Santa Clara, ACP, C-239.

¹⁰⁴ AHDPo, 2568/4. Expediente de obras, 1959.

¹⁰⁵ AHDPo, 2568/5. Expt.39/94, 7/04/1960.

¹⁰⁶ AMP, Comisión Provincial de Monumentos, 31/12/1960.

¹⁰⁷ AHDPo, 2568/7, exp. 39/77. 23/01/1961.

Ao mesmo tempo que nestes anos (1959-1961) se están a facer obras no interior do convento e igrexa tamén se proxectaba¹⁰⁸ a intervención no exterior. Cun orzamento de 760.793 pesetas, e asinado polo enxeñeiro Jesús Iribarren Negroa, urbanizábase a rúa de Santa Clara. O proxecto de ordenación do acceso á igrexa e convento correría a cargo do arquitecto Francisco Pons Sorolla, rematando a obra o 23 de xaneiro de 1961.


A situación económica do convento de Santa Clara provocaría que en 1971 xurdise unha proposta para edificar en terreos da vella clausura. O promotor ofrecía ás monxas diñeiro en troques de edificar no tramo noroeste, entre o Miradoiro e o encontro co tramo occidental da muralla. A abadesa sor María Inmaculada Viaño aceptaría a proposta de realización de 14 vivendas xunto ao convento¹⁰⁹. Entre as particularidades desta obra sería a desaparición deste tramo da muralla, que as monxas autorizasen a que a fachada traseira tivese “cristal pavé” para iluminación das escaleiras do edificio, xa que era a súa a parcela, pero que os patios de luces fosen pechados para manter a “regla de clausura papal”. Para a edificación expresaban que non enviaban o rexistro de propiedade toda vez que non o tiñan e o daban por innecesario xa que o terreo a edificar era do convento desde tempo inmemorial, remontando ao século XIII. O orzamento da obra chegaba aos 4.164. 340 pesetas, recibindo o visto bó da comisión de Vías e Obras do Concello e a de Bellas Artes o 22 de setembro de 1971.




Muralla do convento xunto ao Miradoiro, 1971. AHPPo. ref. 8087.

¹⁰⁸ ACP, C 4739/1, 1959.

¹⁰⁹ ACP, C-770/22.



Planta de Santa Clara para as obras do edificio de vivendas, 1971. AHPPo., ref. 8087



Plano das vivendas na muralla de Santa Clara, 1971. ACP, C-770.

En 1976 a abadesa sor María Inmaculada Viaño Cambre solicitaría autorización para substituir a armadura de madeira da igrexa por outra de ferro¹¹⁰. O arquitecto das obras sería Arturo Fraga Framil. A cuberta tiña 470 m² con armadura de madeira, para ser substituídas por pórticos metálicos con perfíles I. No interior non se contemplaba intervención algunha mantendo así a bóveda encamoadada.

¹¹⁰ ACP, C-1354/28. Expediente 2601/76.



Convento en 1976, antes da intervención do tellado da igrexa.



Mesmo ángulo do convento de Santa Clara en 2022.

Segundo o plano do proxecto, a obra non afectaba a todo o tellado, excluindo o tramo máis occidental da igrexa pero incluíndo nesta obra a cuberta sobre a panda norte do claustro. Deste xeito na substitución de carpinteirías de madeira por metálicas na cuberta incluíriase a reforma da panda norte, eliminando o tellado e creando unha terraza (o tránsito de Todos os

Santos, segundo o bautizaron as monxas) na que se deixa ao descuberto a cachorrada gótica da igrexa. É posible que esta visibilización dos canicelos fose indicación da comisión de Bellas Artes. Acompañando á terzeira realizárase unha varanda de formigón con perfís semellantes aos barrocos do dormitorio occidental.

O arquitecto Rafael Fontoira Surís dirixiría en 1982 unha das últimas grandes intervencións no convento de Santa Clara. Non existe moita documentación sobre este proxecto pero o mesmo afectaría a diferentes áreas do mosteiro, como panda oeste do claustro, sobre todo na fachada que sería refeita. Esta fachada ao claustro mantíña unha alternancia entre xanelas balcaneiras e xanelas pequenas propia das diferentes intervencións históricas. En 1982 empregárase o criterio de regularizar a fachada dotándoa de xanelas pequenas pechando a parte inferior das xanelas balcaneiras. No interior desta panda tamén se adaptaría a un estilo actualizado, tanto nos alicatados e acabados de salas e celdas.

Polo modelo de intervención¹¹¹ tamén sería de 1976 o incremento de volume no edificio barroco, incrementando baixo a cuberta un piso máis ao que se dotaría de novos accesos con escaleiras de formigón en espazos destinados a celdas. Nas fotografías de 1891 de Hauser vese como o edificio contaba con bufardas no tellado, a intervención de 1982 crearía un espazo residencial novo.

Malia o valor histórico e artístico do mosteiro de Santa Clara a súa protección non ficaba na mesma medida á súa importancia. Así desde o Concello de Pontevedra desde o ano 2000 iniciaría os trámites para a declaración de Ben de Interese Cultural para o conxunto de igrexa, convento e horta de Santa Clara. O 4 de abril de 2001 o Consello da Cultura manifestaba o seu apoio á declaración, do mesmo xeito, a Real Academia Galega de Belas Artes o facía o 9 de maio. Despois de corrixir erros nos trámites e nalgún dos informes, a Dirección Xeral de Patrimonio mostraríase favorable en marzo de 2012 á declaración de Santa Clara coa categoría de monumento. O proceso ficou paralizado á espera de novas resolucións administrativas.

A escaseza de vocacións relixiosas e as dificultades para manter un conxunto de edificios tan complexo levaría a Santa Clara a pechar as súas portas, marchando ás súas últimas monxas ao convento de Santa Clara de Santiago no ano 2017.

No ano 2021 procederíase a venta do conxunto monástico sendo comprado polo Concello de Pontevedra e acordado coa Deputación Provincial o vencello de Santa Clara cun proxecto cultural de futuro.

¹¹¹ ACP, 358/1982, Solicitud de la Administración del Patrimonio Social Urbano. Ministerio de Obras e Urbanismo Proxecto básico e de execución de Rafael Fontoira Surís. 224/14.

Conclusións

O mosteiro de Santa Clara de Pontevedra é un conxunto arquitectónico e urbano de gran importancia para Pontevedra. Dos tres mosteiros mendicantes que se asentaron na vila no século XIII, Santa Clara é o único que se ten conservado, non só as edificacións históricas, senón tamén o seu perímetro amurallado que sinalaba a clausura pero que tamén o encapsulaba no urbanismo pontevedrés ao longo de máis de 700 anos.

Santa Clara é unha pegada extraordinaria do urbanismo medieval na cidade de Pontevedra. A súa fundación a fins do século XIII aínda contén moitas incógnitas mais é importante subliñar que ao longo dos séculos sempre se sinalaron a dous personaxes como os fundamentais para consolidar o convento ás portas da muralla de Pontevedra: a abadesa Leonor Rodríguez e Dona Maior Pérez de Nogueira.

O mosteiro contaría con un núcleo primitivo arredor do Bosque, área que permanecería vencellada ás monxas como lugar de “enterramento das fundadoras”, a existencia dunha capela, probablemente anterior ao século XIX pero reedificada a partires da ruína de 1869, afondaría na sacralización deste espazo descrito como un gran patio.

A igrexa de Santa Clara edificárase ao longo do século XIV, entre as datas de 1310 e 1362. A cabeceira sería obra do século XV, polo menos entre os anos 1403 e 1445.

A definición do cadrado monástico en Santa Clara iría pechando de leste a oeste, segundo se observa polos elementos góticos que persisten por exemplo na panda sur, arruinada. A panda occidental xa sería obra dos séculos XV e XVI, sinalándose claramente o corte vertical entre a parte aínda medieval e a plenamente do século XVI.

Esta evolución sumado a ausencia dun plan arquitectónico definido levarían a que Santa Clara non contase cun claustro totalmente pechado. Polas plataformas góticas conservadas, tres dos lados do claustro (sur, leste e oeste) ficarían con galería no que probablemente predominarían elementos lígneos en traves e columnas.

As reformas do século XVI levarían a que Santa Clara incorporase un claustro alto, cuxa funcionalidade prioritaria estaba dirixida a comunicar dormitorios e coro do oeste cos locutorios do leste.

En 1611 contrataríanse as obras da nova muralla de clausura, coa fin de substituír a vella cerca medieval e de cumprir os mandatos do Concilio de Trento reforzando o perímetro do mosteiro para evitar a violación da clausura máis estricta que nos séculos medievais.

Nas últimas décadas do século XVII máis obras irían completando a imaxe de Santa Clara. As escaleiras da panda oriental, o chafarís do claustro, reformas nos dormitorios ou o Miradoiro cara a rúa en 1680 para aliviar a dureza da clausura.

Os proxectos do século XVIII concentraríanse na igrexa coa renovación do mobiliario litúrxico e na construción dun novo dormitorio e refectorio que transmite unha idea non só de renovación arquitectónica senón tamén de procura dun novo proxecto conventual xa baixo a xurisdicción dos arcebispos composteláns.

O século XIX vai aportar os continuos arranxos sobre un conxunto desigual e as dificultades de mantemento que as monxas experimentan perante a perda dos seus recursos económicos. Os informes municipais son reiterativos en canto á ameaza de ruína de boa parte do edificio monástico sobre todo de aquela parte máis antiga, a que se denominaba como

núcleo primitivo. No momento no que Santa Clara se tiña transformado en Hospicio, coa supresión da comunidade e a súa marcha ao mosteiro da Concepción de Tui, a panda oriental sufriría a ruina, provocando máis tarde o derrubido daquelas partes perigosas co que se perdería a referencia ao núcleo orixinal de Santa Clara.

A volta das monxas en 1875 viría co apoio do arcebispo compostelán Miguel Payá y Rico quen patrocinaría un proxecto de reforma no convento engadindo unha residencia arcebispal nos solares das casas do capelán, sancristán e demandadeira, máis un espazo escolar para que o convento tivese unha actividade que lles permitise sobrevivir.

As obras de restauración e rehabilitación ao longo do século XX investigadas por Pilar Blanco reflicten os últimos grandes cambios no conxunto de Santa Clara. Desde 1959 os forxados de formigón na panda occidental e unha renovación total das celdas acompañaría a outras intervencións tanto na igrexa como no seu exterior. En 1971 a pobreza da comunidade relixiosa provocaría que se vendese e edificase nun ánaco da clausura, perdéndose un tramo da muralla desde o Miradoiro até o lenzo occidental.

En 1976 as obras de rehabilitación do tellado da igrexa eliminarían o faldón sur que cubría a panda do claustro, descubriendo a rica cachorrada gótica e deixando unha gran terraza neste espazo. En 1982 a intervención de Rafael Fontoira insistiría na rehabilitación das celdas reedificando a fachada da panda occidental e facendo unha interpretación historicista.

As monxas, poucas xa, abandonarían Santa Clara de Pontevedra no ano 2017, a súa venda ao concello no ano 2021 permitiu o redescubrimento dun dos conxuntos arquitectónicos máis importantes de Pontevedra pero tamén do maior espazo feminino da cidade histórica, local onde o protagonismo de numerosas mulleres ao longo de máis de 700 anos marcaron a historia xunto á ría e o río Lérez.

Anexo Documental

*Ynventario de incautación de Convento de Monjas Claras de esta Capital. 1868.*¹¹²

A la una de la mañana del día de la fecha, el Cabo de vigilancia don Marcelino Fernandez entregó en esta Administracion en virtud de orden verbal del Sr. Gobernador civil de la provincia un cestillo con cuarenta y una llaves pertenecientes al Conbento de Religiosas de Santa Clara de esta ciudad, sin anotacion alguna de la puerta a que corresponden, declarando dicho Fernandez que desde el día anterior se hallaba con dos vigilantes mas de orden de su Gefe el Ynspector del Cuerpo para custodia del Edificio y moviliario que habian de llevar al día siguiente las Religiosas al Convento á donde iban destinadas. En tal conformidad lo firma con el que suscribe. Gefe de la Administracion. Pontevedra cinco de Diciembre de mil ochocientos sesenta y ocho= Marcelino Fernandez, Nicolas Alonso

